

DICIONARIO GALEGO DE RECURSOS HUMANOS

termigal
SERVICIO DE
TERMINOLOXÍA
GALEGA



FUNDACIÓN GALICIA  EMPRESA

Diccionario galego de recursos humanos

LUCÍA DANS ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR
YOLANDA MANEIRO VÁZQUEZ
INÉS VEIGA MATEO

2010

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Secretario Xeral de Política Lingüística
Anxo Lorenzo
Coordinador Científico
Manuel González González
Director Técnico de Lingüística
Guillermo Rojo Sánchez
Director de Termigal
Manuel González González
Fundación Galicia Empresa
Presidente da Fundación Galicia Empresa
Benito Fernández González

© Lucía Dans Álvarez de Sotomayor, Yolanda Maneiro Vázquez, Inés Veiga Mateo

© Termigal. Xunta de Galicia. Real Academia Galega

© Fundación Galicia-Empresa

Imprime

Galigraf Galicia

ISBN

978-84-453-4936-6

Depósito Legal

C. 2.859-2010

Prólogo da Fundación Galicia Empresa

Na Fundación Galicia Empresa sentímonos felices de poder presentar este dicionario cumprindo as dúas premisas coas que foi concibido: rigorosidade e utilidade, dous valores que no mundo da empresa cultivamos por sabelos imprescindibles para calquera éxito.

Para cumprir coa rigorosidade contamos coa boa acollida á idea e a colaboración da Real Academia Galega, onde aceptaron traballar con nós, achegando os seus coñecementos e o prestixio da súa institución. Agradecemoslle a Xosé Ramón Barreiro Fernández a súa receptividade e amabilidade, que xa coñeciamos por ter colaborado anteriormente coa Fundación Galicia Empresa de maneira desinteresada, e agora a Xosé Luís Méndez Ferrín, actual presidente, por manter co mesmo agarimo e atención o proxecto. E, particularmente, queremos deixar constancia do recoñecemento e gratitude a Manuel González González, que se implicou dunha maneira directa e constante en todas as fases de elaboración deste dicionario.

Inés Veiga é a lingüista que debullou as palabras e expresións mergullándose no tesouro lexicográfico galego, peneirando os neoloxismos que invaden este campo e manexando con tacto de cirurxián os conceptos e acepcións derivados dos recursos humanos, que nacen, se especializan e morren con gran rapidez. A proposta de vocablos seleccionados atende, e este é o mérito principal do cometido filolóxico, á corrección léxica e á realidade concreta de uso.

As profesoras Yolanda Maneiro e Lucía Dans resultaron indispensables para baleirar e afinar a terminoloxía desde unha perspectiva académica, con aplicación dos criterios formais do dereito laboral e da xurisprudencia xerada. Ademais de garantir a solvencia nestes aspectos, Yolanda Maneiro e Lucía Dans dedicaron un esforzo importante á redacción das definicións, para conseguir precisión e ó tempo claridade, para evitar ambigüidades pero recoller os matices. Estamos seguros de que isto dá ó dicionario unha singularidade que o manterá vixente durante moito tempo.

A Fundación Galicia Empresa ten na xustificación da súa existencia e como seu primeiro obxectivo fundacional a promoción do galego no ámbito da empresa, e intentamos manter internamente esta preocupación acesa constantemente nos máis de medio cento de socios, por suposto en distintas graduacións e formas, pero tamén sentimos a necesidade de facer unha contribución externa, e esta idea permítenos pensar que poñemos o noso gran de area.

BENITO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
Presidente da Fundación Galicia Empresa

Introdución

Desde a súa creación, a Fundación Galicia Empresa mostrou o seu firme compromiso coa cultura galega, materializado fundamentalmente no apoio á normalización do uso do galego nas actividades empresariais. Nesta tarefa, tamén puido constatar a falta de adecuación dos recursos terminolóxicos e lingüísticos existentes ás necesidades reais das empresas. Por iso mesmo, e en resposta á solicitude por parte da Fundación Galicia Empresa da creación dun dicionario que recollese o vocabulario que manexan a diario empresarios e traballadores, comezamos a desenvolver este ambicioso proxecto, que en liñas xerais pretende recompilar a terminoloxía da empresa máis frecuentemente utilizada.

Ao mesmo tempo que emprendiamos a realización desta obra, foron sucedéndose os esforzos por animar a empresarios e traballadores a utilizar a lingua propia de Galicia nas súas comunicacións: publicáronse informes sobre a situación da lingua galega nas empresas, déronse a coñecer vocabularios sectoriais que difundiron equivalencias en galego para multitude de conceptos e editáronse manuais e léxicos que contribuíron a normalizar o uso do galego nestes ámbitos. Igualmente, o Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004 destacaba a necesidade de potenciar os recursos lingüísticos e terminolóxicos para incrementar a presenza do galego en todas as fases do proceso produtivo das industrias.

A diversa tipoloxía dos termos que compoñen o léxico empresarial obrigounos a delimitar o alcance do proxecto en diversos momentos. As empresas toman palabras da economía, da dirección e a xestión, da comercialización, dos recursos humanos, das relacións laborais, da prevención de riscos laborais ou das novas tecnoloxías, por citar só algunhas áreas. Pero, sobre todo, utilizan termos dos ámbitos específicos nos que se enmarca a súa actividade, de modo que conseguir que todas as organizacións se visen representadas nesa obra era un obxectivo difícil de lograr. Finalmente, acordamos restringir o seu alcance e centrarnos en dúas materias específicas, como son os recursos humanos e as relacións laborais.

Poucos ámbitos da empresa son tan dinámicos e experimentaron tantos cambios nos últimos anos como o dos recursos humanos. Os procedementos de selección, as entrevistas, as modalidades de formación ou a xestión do persoal foron evolucionando para lograr a máxima produtividade dos traballadores e, con eles, das organizacións nas que prestan os seus servizos. Estes cambios incorporáronse tamén ao vocabulario dos especialistas en forma de neoloxismos —anglicismos na súa maioría— para os que agora propoñemos alternativas a fin de substituílos coas denominacións galegas que consideramos máis adecuadas.

En cambio, o léxico das relacións laborais atópase máis estandarizado, pois aparece desenvolvido na lexislación correspondente ou na normativa aplicable, principalmente no Estatuto dos traballadores. Cómpre advertir, non obstante, que co tempo prodúcese reformas nestes documentos que poden dar lugar á actualización dos conceptos para dar cabida a novas circunstancias ou á modificación das denominacións existentes, o que con certa frecuencia provoca que os usuarios alleos a estas materias, ao non asimilaren estas informacións debidamente, empreguen estes termos erroneamente.

Con este *Dicionario galego de recursos humanos* sumámonos ás iniciativas postas en marcha para normalizar o uso do galego nas empresas e contribuír á estandarización da súa terminoloxía baseándonos nos criterios de adecuación, pertinencia e precisión. Esperamos que sirva aos profesionais destas disciplinas para consultar as propostas galegas que se achegan para denominar algún concepto e que, ao mesmo tempo, os usuarios non especializados poidan obter a información conceptual necesaria para comprender debidamente o que está a designar cada termo.

En liñas xerais, este dicionario recolle aproximadamente 900 conceptos e máis de 1300 denominacións en galego, 1400 en castelán e 1700 en inglés, baleirados de repertorios terminolóxicos, lexicográficos e especializados. Nel coexisten conceptos profusamente tratados na lexislación e outros de recente introdución no noso país. Así mesmo, recolle formas incluídas xa nos dicionarios de lingua xeral e outras que, pola súa especialización, dificilmente se incorporarán ás obras lexicográficas tradicionais.

As entradas do dicionario corresponden ás denominacións galegas dos conceptos, ordenadas alfabeticamente. Van seguidas dunha breve definición, nalgúns casos de elaboración propia, pero noutros tomada da lexislación na que se desenvolven os conceptos, así como da doutrina especializada que afondou antes nos termos en cuestión. É preciso advertir de que as definicións propostas unicamente tratan de achegar a información necesaria para identificar o significado ao que fan referencia as denominacións, polo que en ningún caso poden considerarse xuridicamente vinculantes. Precisamente con tal finalidade, nalgúns casos introducimos notas lingüísticas ou de uso que poden axudar a corrixir posibles imprecisións ou a utilizar cada denominación no rexistro lingüístico adecuado. Ademais, incluímos as correspondencias en castelán e en inglés, por ser estas as linguas que máis interferencias provocan no galego: o castelán, lingua na

que se redactan as leis e, en xeral, todas as normas legais e convencionais que integran o noso dereito do traballo; e o inglés, lingua da que proceden a maioría dos termos referidos aos recursos humanos. En congruencia con isto, ao final do dicionario incorporamos un índice de termos en castelán e en inglés coas súas equivalencias en galego para facilitar a súa busca no dicionario.

Na creación desta obra participamos un equipo de traballo multidisciplinario, composto por lingüistas, xuristas e profesionais coñecedores da materia, que fomos acordando a forma e o contido deste produto para que puidese atender as necesidades específicas de diversos tipos de usuarios. Uns e outros tivemos moi presente que, durante a súa elaboración, se publicaron dous vocabularios terminolóxicos que se converteron nos seus antecedentes directos: *Termos esenciais de recursos humanos*, elaborado polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela en 2006 e *Profesionaliza a túa lingua: relacións laborais*, editado polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña en 2008. Lonxe de resultar reiterativo, entendemos que este dicionario complementa as iniciativas anteriores, pois achega unha perspectiva distinta no tratamento dos termos: a súa orientación onomasiolóxica, pola que os significados cobran importancia e xustifican a selección das entradas.

Non podemos finalizar esta breve introdución sen deixar constancia do noso agradecemento ás persoas e institucións que fixeron posible a realización da obra que agora presentamos. En primeiro lugar, á Fundación Galicia Empresa, por confiarnos o desenvolvemento deste traballo e financiar a súa materialización, e moi especialmente a Paulino Novo e Xavier Suárez-Vence —verdadeiros artífices deste proxecto— que, coa súa permanente dispoñibilidade e xenerosidade, se encargaron da dirección do dicionario. En segundo lugar, a TERMIGAL, por permitirmos asumir este proxecto, e a Manuel González, de maneira particular, quen tivo a xentileza de realizar unha minuciosa revisión do traballo. En fin, tamén queremos facer extensivo o noso agradecemento a Víctor Fresco, pola súa valiosa achega no deseño, xestión e mellora da base de datos de traballo.

AS AUTORAS

Estrutura do dicionario

Esta obra pretende ser unha recompilación daqueles termos e conceptos de uso habitual documentados en repertorios terminolóxicos, lexicográficos e especializados do ámbito dos recursos humanos e das relacións laborais. En liñas xerais, contén termos relativos ao mercado de traballo, á selección de persoal, á formación dos traballadores, á negociación colectiva ou á propia organización da empresa, aínda que tamén quixemos recoller outras moitas formas vinculadas á Seguridade Social ou relacionadas directamente coa entrada e saída dos traballadores na empresa.

Utilizamos o galego normativo como lingua de traballo, polo que as entradas corresponden ás denominacións galegas dos conceptos, ordenadas alfabeticamente. Polo xeral, intentamos establecer criterios para a súa clasificación como termos principais (lemas) ou termos secundarios (sinónimos), principalmente baseados na súa corrección e, en menor medida, na súa frecuencia de uso. Ao mesmo tempo, procuramos achegar denominacións galegas para todos os estranxeirismos que empezan a asentarse na nosa lingua, polo que a consulta das correspondencias galegas nos índices incluídos ao final da obra permite localizar facilmente estas formas no dicionario.

ESCOLLA DE TERMOS

Convén advertir que o obxectivo deste dicionario non é tanto o de ofrecer unha compilación exhaustiva de termos, senón o de reunir nun produto terminolóxico formas que pola súa relevancia significativa poidan requirir dun tratamento diferenciado. Como consecuencia disto, decidimos sacrificar moitas voces de uso frecuente en textos divulgativos, algunhas por ser xenéricas, incorrectas ou imprecisas, outras por denominar conceptos inexistentes no noso ordenamento xurídico ou laboral e outras, en fin, por carecer de contido específico. Deste modo, seleccionamos os termos para que respondesen primeiramente á adecuación temática, pero tamén á relevancia conceptual, intentando

conxugar en moitos casos as denominacións propias da linguaxe especializada e as designacións que recibían en contextos divulgativos ou na lingua común.

ENTRADAS

A obra que agora se presenta é un dicionario monolingüe en galego con equivalencias en castelán e inglés. Por tanto, os lemas, as definicións e as notas móstranse en galego normativo, seguidas das correspondencias nesas linguas.

As entradas constitúen as denominacións recomendadas para cada concepto, seguidas dunha definición —no caso dos lemas principais— ou dunha marca remisiva —no caso dos sinónimos—. Para clasificar as entradas como principais ou secundarias, baseámonos na súa adecuación lingüística, pero, cando varios termos cumprían este requirimento, recorreremos entón á frecuencia de uso como criterio de ordenación.

CATEGORÍAS GRAMATICAIS

Xunto a cada denominación indicamos a súa categoría gramatical, que achega información morfosintáctica sobre o seu uso na oración e que tamén permite delimitar o concepto que se está a definir. Por exemplo, a forma “*autónomo, autónoma*”, entendido como substantivo, designará a persoa que traballa por conta propia, aínda que na maioría dos dicionarios consultados só se documente o seu uso como adxectivo.

Os termos incluídos son principalmente substantivos ou unidades fraseolóxicas que funcionan como tal (locucións substantivas), aínda que tamén incorporamos algúns nomes propios, siglas e verbos.

Para codificar as categorías gramaticais empregamos as seguintes abreviacións:

ABREVIACIÓN	CATEGORÍA GRAMATICAL
<i>loc.s.</i>	locución substantiva que permite flexión de xénero (xefe de persoal, xefa de persoal)
<i>loc.s.f.</i>	locución substantiva feminina (negociación colectiva)
<i>loc.s.f.pl.</i>	locución substantiva feminina utilizada en plural (condicións laborais)
<i>loc.s.m.</i>	locución substantiva masculina (estrés laboral)
<i>loc.s.m./f.</i>	locución substantiva que mantén a mesma forma para o masculino e para o feminino (demandante de emprego)
<i>loc.s.m.pl.</i>	locución substantiva masculina utilizada en plural (servizos mínimos)
<i>loc.v.</i>	locución verbal (incoar un expediente)

<i>n.propio</i>	nome propio dunha entidade ou organismo (Organización Internacional do Traballo)
<i>s.</i>	substantivo que permite flexión de xénero (traballador, traballadora)
<i>s.f.</i>	substantivo feminino (xubilación)
<i>s.f.pl.</i>	substantivo feminino utilizado en plural (vacacións)
<i>s.m.</i>	substantivo masculino (sindicato)
<i>s.m./f.</i>	substantivo que mantén a mesma forma para o masculino e para o feminino (folguista)
<i>s.m.pl.</i>	substantivo masculino utilizado en plural (honorarios)
<i>sigla</i>	sigla (ETT) ou acrónimo (FOGASA) creados a partir das letras iniciais das palabras que os forman
<i>v.i.</i>	verbo intransitivo (ascender) ¹
<i>v.t.</i>	verbo transitivo (ascender) ²

TRATAMENTO DO XÉNERO

Procuramos indicar a flexión de xénero en todas as entradas que a admiten, como no caso dos substantivos ou adxectivos referidos ás persoas ou aos cargos que estas ocupan. Para facilitar as buscas no documento, recollemos as equivalencias femininas a continuación dos seus correspondentes masculinos, nas súas formas plenas e precedidas dunha coma, como por exemplo, *candidato, candidata*.

Esta preferencia pola forma plena en lugar do uso do sufixo responde, en primeiro lugar, á eliminación de posibles vacilacións na aplicación dos sufixos correspondentes e, en segundo lugar, para evitar que os desdobramentos dificulten a busca do termo.

Canto ás definicións, optamos por utilizar substantivos masculinos como xenéricos, a pesar de obviar dalgunha forma certas recomendacións de uso da linguaxe non sexista, pero preferimos indicalo así para evitar desdobramentos que interrompan a lectura ou recarguen o contido conceptual das oracións.

TRATAMENTO DO NÚMERO

O número dos termos dependerá da adecuación destes ao significado e uso correspondente, pero —agás en contadas excepcións— o número elixido é o singular. Así, por exemplo, mentres que un dicionario lexicográfico de lingua xeral recolle como lemas “*vacación*” ou “*atraso*” cunha indicación de que estas palabras teñen un uso máis frecuente en plural, neste dicionario preferimos incluír directamente a forma plural (“*vacacións*”, “*atrasos*”) por adecuarse mellor ao concepto definido.

DEFINICIÓN

A orientación onomasiolóxica do dicionario confírelles especial importancia aos conceptos, expresados mediante as definicións. Desta forma, cada lema vai seguido dunha definición breve e precisa que explica o seu significado nestas especialidades, e que permite diferenciarlo doutros termos relacionados.

Nalgúns casos, atendendo á relevancia dos termos, decidimos manter as definicións tal como se recollen no noso ordenamento xurídico, aínda que noutros moitos baseámonos en diversas fontes especializadas para explicar o seu significado. Tamén documentamos outros usos destas formas en textos divulgativos ou informais, pero finalmente consideramos que non debían figurar neste dicionario para evitar confundir as significacións convencionais con outras de carácter xenérico.

Igualmente, preferimos antepoñer a fidelidade á definición legal de determinados termos á coherencia lexicográfica da obra, de aí que formas directamente relacionadas entre si poidan aparecer redactadas de distinto modo.

As diferentes acepcións dos termos polisémicos móstranse en entradas distintas, que se numeran para facilitar as relacións de equivalencia e sinonimia dos termos.

Debemos insistir en que as definicións de termos xurídicos aquí recollidas non son vinculantes, polo que ante calquera dúbida sobre o seu alcance o máis recomendable é consultar a lexislación vixente.

NOTAS

Nalgúns termos incluímos notas que achegan información adicional sobre o concepto ou as súas denominacións nas distintas linguas, de forma que poidan aclarar posibles dúbidas aos usuarios ou completar algún aspecto da definición. As notas tamén ofrecen explicacións sobre termos obsoletos (*seguridade e hixiene no traballo*, substituído na actual lexislación por *saúde no traballo*), nivel de rexistro ou utilización incorrecta das denominacións que se mostran como sinónimos ou doutros termos cos que se relacionan.

EQUIVALENCIAS

Aínda que na versión de traballo documentamos equivalencias en máis linguas (portugués, francés, catalán e italiano), decidimos publicar unicamente as correspondencias en castelán e en inglés, por ser estas as linguas que con máis frecuencia provocan interferencias no galego e as máis utilizadas nestes ámbitos profesionais. En castelán están redactadas as fontes nas que se basea o noso ordenamento xurídico-laboral, polo que a maioría dos termos referidos ás relacións laborais están tomados desta lingua. En cambio, os conceptos do ámbito dos recursos humanos veñen desenvolvéndose principalmen-

te en países de fala inglesa (en particular, os Estados Unidos), polo que proceden na súa maior parte do inglés. Ao final do dicionario incorporamos un índice de termos en castelán e en inglés coas correspondencias en galego para facilitar a súa localización no dicionario.

Codificamos as linguas de traballo segundo a norma ISO 639-1, tal como se mostra na seguinte táboa:

lingua	código
español	es
galego	gl
inglés	en

En ocasións, cando existen diferenzas denominativas entre estados coa mesma lingua oficial, incluímos a continuación do termo unha marca para indicar que se trata dunha variedade diatópica da lingua. Neste dicionario utilizamos os códigos ISO 3166-1 para distinguir o inglés do Reino Unido e o inglés dos Estados Unidos.

variedade diatópica	marca
inglés do Reino Unido	[GB]
inglés dos Estados Unidos	[US]

Cómpre mencionar que moitos dos conceptos seleccionados carecen dun equivalente exacto noutras linguas — neste caso en inglés —, por responder a unha realidade específica do noso ordenamento xurídico ou laboral. Na medida do posible, decidimos recoller as denominacións que recibían en inglés conceptos similares, en lugar de optar pola tradución literal da denominación. Por exemplo, a *mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais* non é un instituto xurídico que teña unha correspondencia idéntica no Reino Unido ou nos Estados Unidos. Neste último país existe a *employers' mutual insurance company*, que se asemella na súa constitución e funcionamento ás entidades existentes no noso país, aínda que difire destas nas obrigas e prestacións atribuídas polo Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Noutros casos, as equivalencias que se mostran en inglés son traducións que xa contan con certa tradición na bibliografía existente, como sucede por exemplo co *Estatuto dos traballadores*, nome co que se coñece a norma que regula os dereitos e deberes dos traballadores (Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores). Dado que nin no Reino Unido nin nos Estados Unidos existe un corpo legal de idénticas características, preferimos

utilizar a expresión *Workers' Statute*, á que se lle pode engadir o xentilicio correspondente (*Spanish Workers' Statute*) para encadrala no seu ámbito de aplicación.

Con todo, cando sexa necesario traducir algún termo deste tipo en documentos formais ou especializados, recomendamos conservar a denominación da lingua orixinal e achegar entre parénteses unha equivalencia aproximada, como a que se inclúe neste dicionario, ou viceversa, de modo que o destinatario do escrito non perda a referencia á lingua orixinal e ao mesmo tempo conte cunha denominación aproximada na súa lingua.

REMISIÓNS

Os sinónimos ou termos secundarios tamén se documentan como entradas que remiten aos correspondentes lemas principais do dicionario para evitar duplicar as informacións. Identifícanse porque inclúen a marca “*Véxase:*” seguida do termo principal, que é o que contén a definición, as notas, os sinónimos e as equivalencias en castelán e en inglés.

Nos índices de termos en castelán e en inglés que incluímos ao final do dicionario só se mostran as correspondencias cos lemas principais do galego, e non cos secundarios, para poder localizar con rapidez as entradas no dicionario e consultar toda a información relacionada con estas.

abandono do traballo *loc.s.m.* Terminación repentina do contrato de traballo, por parte do traballador, sen aviso previo.

es abandono de trabajo

en abandonment of employment

en abandonment of job

abanico salarial *loc.s.m.*

Véxase: abano salarial

abano salarial *loc.s.m.* Diferenza entre o valor do nivel salarial máximo e o do nivel mínimo dunha táboa salarial.

gl abanico salarial

es abanico salarial

en wage spread

absentismo laboral *loc.s.m.* Falta de asistencia dun traballador ao seu posto ou centro de traballo, por causa xustificada ou non.

es absentismo laboral

en work absenteeism

absentismo psíquico *loc.s.m.* Falta de concentración dun traballador no desenvolvemento das tarefas propias do seu posto de traballo.

es absentismo psíquico

es absentismo mental

en mental absenteeism

absentista *s.m./f.* Persoa que se ausenta con frecuencia do seu posto de traballo.

es absentista

en absentee

abuso de autoridade *loc.s.m.* Actuación do empresario, ou da persoa en quen este delega, pola que fai un uso inadecuado dos seus poderes de dirección ou disciplina-rios en prexuízo dun traballador.

es abuso de autoridad

en abuse of authority

en misuse of authority

abuso de confianza *loc.s.m.* Actuación do traballador que se apropia dun ben ou fai un uso inadecuado da súa especial situación, como cargo de confianza, en prexuízo do empresario ou dunha terceira persoa.

es abuso de confianza

en breach of trust

abuso de dereito *loc.s.m.* Aproveitamento por unha das partes das circunstancias concorrentes para exercer o seu dereito alén dos límites normais.

es abuso de derecho

en abuse of right

en misuse of right

accidentalidade laboral *loc.s.f.*

Véxase: sinistralidade laboral

accidente de traballo *loc.s.m.* Toda lesión corporal que sufra o traballador con ocasión ou como consecuencia do traballo que execute por conta allea, presumíndose tal carácter en todas as lesións sufridas polo traballador durante o tempo e no lugar do traballo.

gl accidente laboral

es accidente de trabajo

es accidente laboral

en industrial accident

en work injury

en work accident

en occupational injury

en accident at work

accidente in itinere *loc.s.m.* Accidente sufrido por un traballador durante o despraza-

mento habitual ao ir ou volver ao seu lugar de traballo ou ao lugar no que exerce as súas funcións sindicais.

gl accidente no traxecto

es accidente *in itinere*

es accidente en el trayecto

en commuting accident

en travelling accident [GB]

en traveling accident [US]

en accident on the way to and from work

accidente laboral *loc.s.m.*

Véxase: accidente de traballo

accidente no traxecto *loc.s.m.*

Véxase: accidente *in itinere*

accidente non laboral *loc.s.m.* Accidente sufrido por un traballador por causas alleas á actividade laboral que presta.

es accidente no laboral

en non-occupational accident

en non-occupational injury

en non-industrial injury

en non-industrial accident

acción sindical *loc.s.f.* Calquera forma lícita de actuación que as organizacións sindicais consideren axeitada para o cumprimento dos fins aos que constitucionalmente están chamadas a realizar.

gl actividade sindical

es acción sindical

es actividad sindical

en union activity

en union action

en trade union activity

en trade union action

acollemento *s.m.* Recepción e inserción dun novo traballador nunha empresa para favorecer a súa rápida integración nesta e facilitarlle a asimilación da súa cultura organizativa.

gl acollida

es acogida

en induction

en onboarding

acollida *s.f.*

Véxase: acollemento

acordo de empresa *loc.s.m.*

Véxase: pacto de empresa

acordo interprofesional *loc.s.m.*

Véxase: acordo marco

acordo marco *loc.s.m.* Instrumento de negociación colectiva, alcanzado entre as organizacións sindicais e as asociacións patronais máis representativas de carácter estatal ou autonómico, coa finalidade de estruturar a negociación colectiva ou regular materias conexas.

gl acordo interprofesional

es acuerdo marco

es convenio marco

es acuerdo interprofesional

es acuerdo intersectorial

en framework agreement

en master agreement

en multi-industry agreement

en multi-sector agreement

acoso moral no traballo *loc.s.m.*

Véxase: acoso psicolóxico no traballo

acoso por razón de sexo *loc.s.m.* Comportamento baseado no sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un ambiente intimidatorio, degradante ou ofensivo.

es acoso por razón de sexo

en gender-based harassment

acoso psicolóxico no traballo *loc.s.m.*

Comportamento continuado e deliberado consistente nun maltrato verbal ou físico que o traballador recibe por parte dunha ou varias persoas, sexan superiores ou inferiores xerárquicos, ou compañeiros do afectado, e que está dirixido a diminuír a súa autoestima, co fin de forzalo a renunciar ao seu posto de traballo.

gl acoso moral no traballo

es acoso laboral

es acoso moral

es acoso psicológico

es acoso moral en el trabajo

es acoso psicológico en el trabajo

es mobbing

en mobbing

en harassment in the workplace

en workplace bullying

en psychological harassment

acoso sexual *loc.s.m.* Comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual, que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, degradante ou ofensivo.

es acoso sexual

en sexual harassment

acta de infracción *loc.s.f.* Documento segundo modelo oficial redactado pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, no que se constatan determinados feitos con incumprimentos de normas laborais ou de Seguridade Social e que inicia o procedemento sancionador.

es acta de infracción

en violation report

en notice of infraction

en finding of violation

actitude *s.f.* Disposición dunha persoa ante o traballo, determinada pola presenza de diversas variables internas ou externas ao suxeito, tales como as súas preferencias, motivación ou o seu medio social.

es actitud

en attitude

actividade profesional *loc.s.f.* Conxunto de accións, operacións e tarefas que compoñen a práctica dun oficio ou o exercicio dunha profesión.

es actividad profesional

en professional activity

actividade sindical *loc.s.f.*

Véxase: acción sindical

actualización profesional *loc.s.f.* Proceso de formación continua ou permanente que ten por obxecto a adquisición polo traballador dos coñecementos e habilidades relativos aos novos procesos, materiais ou tecnoloxías dispoñibles na súa área de actividade.

es actualización profesional

en updating

en professional updating

actualización salarial *loc.s.f.*

Véxase: reaxuste salarial

adaptación ao posto de traballo *loc.s.f.*

Proceso de familiarización dun traballador cos equipos e procesos necesarios para realizar as tarefas propias do seu posto.

es adaptación al puesto de trabajo

en workplace adaptation

en adaptation to the workplace

adestrador persoal, adestradora persoal

loc.s. Profesional que asesora e orienta os traballadores dunha organización, polo xeral altos cargos, na toma de decisións, na resolución de problemas, na mellora da eficiencia e no enriquecemento das súas competencias, a partir da súa propia experiencia ou dunha preparación específica.

es coach

es entrenador, entrenadora

en coach

en personal coach

adestramento do persoal *loc.s.m.* Capacitación e formación práctica que recibe un traballador, baixo a supervisión dun experto, co obxectivo de desenvolver unha tarefa ou ocupar un cargo coa máxima eficiencia e produtividade.

es entrenamiento del personal

es adiestramiento del personal

en staff training¹

adestramento persoal *loc.s.m.* Método de formación e desenvolvemento personalizado dos traballadores dunha organización, polo xeral altos cargos, que consiste no asesoramento e orientación na toma de decisións, na resolución de problemas e na mellora da eficiencia, así como na potenciación das súas competencias por parte dun profesional experimentado.

es coaching

es entrenamiento

en coaching

en personal coaching

adhesión ao convenio colectivo *loc.s.f.*

Decisión das partes lexitimadas dunha uni-

dade de negociación, por común acordo, de adoptar a totalidade dun convenio colectivo en vigor, sempre que non estea afectada por outro, previa comunicación á autoridade laboral para os efectos do seu rexistro.

es adhesión al convenio colectivo

en adoption of the agreement

en accession to the agreement

adianto *s.m.* Cantidade que o empresario pode aboar ao traballador sobre o seu salario, sexa en efectivo ou en especie, e a conta do traballo xa realizado, sen necesidade de esperar ao día sinalado para o pagamento.

gl anticipo

gl anticipo de soldo

gl adianto de soldo

es adelanto

es anticipo

es anticipo de sueldo

es adelanto de sueldo

en advance¹

en pay advance

en salary advance

adianto de soldo *loc.s.m.*

Véxase: adianto

adicto ao traballo, adicta ao traballo *loc.s.*

Persoa que fai do traballo o núcleo central da súa vida, na medida en que lle presta unha dedicación e un número de horas superior ao esixido polas circunstancias, descoitando outras facetas da súa vida persoal, familiar e de ocio.

NOTA: Expresión de uso informal.

es adicto al trabajo, adicta al trabajo

en workaholic

en work addict

administración de persoal *loc.s.f.*

Véxase: xestión de persoal

administración de recursos humanos

loc.s.f.

Véxase: xestión de recursos humanos

administración de salarios *loc.s.f.*

Véxase: xestión de salarios

admisión de persoal *loc.s.f.* Proceso de incorporación dun ou máis traballadores a

unha organización logo de ser elixidos no proceso de selección.

es admisión de personal

en staff admission

en personnel admission

adquirir o dereito a percibir *loc.v.*

Corresponderlle a un traballador certo tipo de percepción, retribución ou prestación por razón dun traballo ou servizo.

gl ter dereito a percibir

es devengar

en accrue

en mature

afiliación á Seguridade Social *loc.s.f.* Acto

administrativo obrigatorio, único e vitalicio, polo que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social integra no sistema de Seguridade Social á persoa física que por primeira vez realiza unha actividade laboral ou profesional incluída no seu ámbito de aplicación.

es afiliación a la Seguridad Social

en registration in the Social Security

en affiliation to the Social Security

afiliación sindical *loc.s.f.* Acto polo que un

traballador se incorpora á organización dun determinado sindicato.

gl sindicación

es afiliación sindical

es sindicación

en union membership

en unionisation [GB]

en unionization [US]

en syndication

en union affiliation

alta¹ *s.f.*

Véxase: alta médica

alta² *s.f.*

Véxase: alta na Seguridade Social

alta de oficio *loc.s.f.* Alta nalgún dos réximes da Seguridade Social, xeralmente como consecuencia da actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

es alta de oficio

en *ex-officio* employee registration

alta médica *loc.s.f.* Declaración médica, expedida por un facultativo do servizo público de saúde ou da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, que tras o oportuno recoñecemento do traballador en situación de incapacidade temporal, verifica a súa plena aptitude para o traballo.

gl alta¹

es alta médica

es alta¹

es alta laboral¹

en fitness for work

en fitness for duty

alta na Seguridade Social *loc.s.f.* Comunicación á Tesouraría Xeral da Seguridade Social da incorporación dun traballador a unha actividade laboral ou profesional, que o converte en suxeito protexido do sistema de Seguridade Social cos correspondentes dereitos e obrigas.

gl alta²

es alta en la Seguridad Social

es alta²

es alta laboral²

en employee registration in the Social Security

alto cargo¹ *loc.s.m.* Posto de traballo de responsabilidade nunha empresa.

es alto cargo¹

en executive position

en management position

en high office

en top office

alto cargo² *loc.s.m.f.* Persoa que ocupa un posto de responsabilidade nunha empresa.

gl traballador de alta dirección, traballadora de alta dirección

es alto cargo²

es alto ejecutivo, alta ejecutiva

es alto directivo, alta directiva

es trabajador de alta dirección, trabajadora de alta dirección

en executive

en senior manager

en senior officer

en top manager

en high officer

ambiente de traballo *loc.s.m.* Conxunto de factores físicos e psicolóxicos que afectan o traballador no seu posto de traballo, tales como a ergonomía, a seguridade laboral ou as relacións cos seus superiores e inferiores xerárquicos ou cos seus compañeiros de traballo.

gl ambiente laboral

es ambiente de trabajo

es ambiente laboral

en work environment

en working environment

ambiente laboral *loc.s.m.*

Véxase: ambiente de traballo

amoestación *s.f.* Sanción verbal ou escrita imposta a un traballador pola comisión dunha falta, normalmente de carácter leve.

gl apercibimento

es amonestación

es apercibimiento

en warning

en reprimand

amortización de postos de traballo *loc.s.f.*

Supresión de postos de traballo ante necesidades obxectivamente acreditadas, por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, en número inferior ao previsto legalmente para o despedimento colectivo.

es amortización de puestos de trabajo

en abolition of posts

ampliación de xornada *loc.s.f.* Incremento do número de horas que un traballador dedica á prestación dos seus servizos con respecto á súa xornada laboral ordinaria.

es ampliación de jornada

en increase in working hours

en rise in working hours

ampliación do cadro de persoal *loc.s.f.*

Incremento do número de traballadores dunha organización, xeralmente por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

es ampliación de plantilla

en staff increase
en personnel increase

ampliación do posto de traballo *loc.s.f.*

Proceso de redeseñamento dun posto de traballo, que consiste en integrar horizontalmente tarefas de natureza e responsabilidade similares, co obxectivo de aumentar a motivación do traballador e a produtividade da organización.

es ampliación del puesto de trabajo
es alargamiento del puesto de trabajo
en job enlargement

análise das necesidades da organización

loc.s.f. Estudo dos obxectivos da organización, as necesidades de recursos humanos, os índices de eficiencia e o clima da organización para elaborar un programa formativo axeitado.

es análisis de las necesidades de la organización
en organisational needs analysis [GB]
en organizational needs analysis [US]

análise de custos do persoal *loc.s.f.*

Avaliación dos gastos derivados das retribucións pagadas aos traballadores, as cargas sociais e a xestión do persoal dunha organización.

es análisis de costes de personal
en labour cost analysis [GB]
en labor cost analysis [US]
en staff cost analysis

análise do posto de traballo *loc.s.f.*

Estudo que describe as características dun determinado posto de traballo, incluídas as tarefas, responsabilidades e relacións xerárquicas, así como as condicións xerais de execución, co obxectivo de determinar o perfil profesional do traballador que debe ocupalo.

es análisis del puesto de trabajo
en job analysis

análise grafolóxica *loc.s.f.*

Estudo da escritura dunha persoa para identificar as principais características da súa personalidade, utilizada especialmente na avaliación de candidatos en procesos de selección de persoal.

gl estudo grafolóxico
es análisis grafológico
es estudio grafológico
en handwriting analysis

anticipo *s.m.*

Véxase: adianto

anticipo de soldo *loc.s.m.*

Véxase: adianto

antigüidade na empresa *loc.s.f.*

Tempo de permanencia dun traballador na empresa, con independencia do tipo de contrato de traballo, no que se inclúe o período de proba, o tempo de contrato en prácticas e o tempo en situación de excedencia forzosa ou por coidado de fillos e familiares, así como o tempo en que o traballador puidese ser obxecto de cesión ilegal.

es antigüedad en la empresa
en seniority
en company seniority

antigüidade no posto de traballo *loc.s.f.*

Tempo de permanencia dun traballador nun determinado posto de traballo.

es antigüedad en el puesto de trabajo
en job seniority
en seniority in the job

anualidade *s.f.*

Retribución que percibe o traballador por cada ano de traballo.

es anualidad
en annual salary
en annual pay
en yearly salary
en annuity

anuncio de oferta de emprego *loc.s.m.*

Véxase: oferta de emprego¹

apercibimento *s.m.*

Véxase: amoestación

apoderamento *s.m.*

Véxase: capacitación²

aprendizaxe *s.f.*

Formación profesional básica proporcionada pola propia empresa, que permite ao traballador adquirir os coñecementos e destrezas necesarios para realizar as tarefas que require o seu posto.

es aprendizaje
en apprenticeship

aprendizaxe a distancia *loc.s.f.*

Véxase: formación a distancia

aprendizaxe en liña *loc.s.f.*

Véxase: formación en liña

aprendizaxe organizativa *loc.s.f.* Capacidade dunha organización para crear, adquirir e transferir coñecementos, co obxectivo de conservar ou aumentar o seu rendemento a partir da experiencia e habilidades que posúen as persoas que a integran.

es aprendizaje organizacional

es aprendizaje organizativo

en organisational learning [GB]

en organizational learning [US]

aprendizaxe profesional *loc.s.f.* Formación que recibe un traballador ao longo da súa vida laboral e que lle permite adquirir as destrezas e os coñecementos necesarios para exercer unha profesión específica.

es aprendizaje profesional

en professional apprenticeship

aptitude *s.f.* Capacidade ou habilidade potencial dunha persoa para realizar unha tarefa ou desenvolver un cargo de forma idónea.

es aptitud

en aptitude

arbitraxe *s.f.* Procedemento extraxudicial de resolución de conflitos laborais polo que as partes enfrontadas acordan someterse á solución ofrecida por un terceiro imparcial, o árbitro, recollida nun laudo de obrigado cumprimento para aquelas.

es arbitraje

en arbitration

árbitro, árbitra *s.* Persoa designada polas partes ou por un terceiro para resolver un conflito laboral a través dun laudo, que será de obrigado cumprimento para as partes.

es árbitro, árbitra

en arbitrator

arquivo de persoal *loc.s.m.*

Véxase: ficheiro de persoal

ascender¹ *v.i.* Acceder unha persoa a un traballo máis cualificado, mellor remunerado

ou con maiores expectativas en función da súa experiencia e méritos profesionais.

es ascender¹

en be promoted

en advance²

ascender² *v.t.* Elevar a un traballador a un posto máis cualificado, mellor remunerado ou con maiores expectativas en función da súa experiencia e méritos profesionais.

gl promover

es ascender²

es promocionar

es promover

en promote

en advance³

ascenso automático *loc.s.m.*

Véxase: promoción automática

ascenso económico *loc.s.m.*

Véxase: promoción económica

ascenso por antigüidade *loc.s.m.*

Véxase: promoción por antigüidade

ascenso por concurso *loc.s.m.*

Véxase: promoción por concurso

ascenso por concurso oposición *loc.s.m.*

Véxase: promoción por concurso oposición

ascenso por méritos *loc.s.m.*

Véxase: promoción por méritos

ascenso por oposición *loc.s.m.*

Véxase: promoción por oposición

ascenso profesional *loc.s.m.*

Véxase: promoción profesional

assemblea de traballadores *loc.s.f.* Reunión dos traballadores dunha empresa ou centro de traballo, convocada por eles ou polos seus representantes, para facilitar a comunicación entre estes na toma de decisións.

es asamblea de trabajadores

en staff meeting

en staff assembly

asesor de recursos humanos, asesora de recursos humanos *loc.s.* Profesional que presta servizos de formación, selección de persoal ou asesoramento na xestión do capital humano dunha ou máis organizacións.

gl consultor de recursos humanos, consultora de recursos humanos

es consultor de recursos humanos, consultora de recursos humanos

es asesor de recursos humanos, asesora de recursos humanos

en human resources consultant

en human resources advisor

asesoría de recursos humanos *loc.s.f.*

Empresa especializada en ofrecer servicios de formación, selección de persoal ou asesoramento na xestión do capital humano ás organizacións que contratan os seus servizos.

gl consultoría de recursos humanos

es consultoría de recursos humanos

es asesoría de recursos humanos

en human resources consultancy

asinamento de contrato *loc.s.m.*

Véxase: sinatura de contrato

asociación de empresarios *loc.s.f.*

Véxase: asociación patronal

asociación patronal *loc.s.f.* Asociación de empresarios constituída para a representación e promoción dos seus intereses económicos e sociais.

gl patronal

gl asociación de empresarios

gl organización patronal

es asociación patronal

es patronal

es asociación de empresarios

es organización patronal

en employers' association

en employers' organisation [GB]

en employers' organization [US]

asociación profesional *loc.s.f.* Entidade que agrupa persoas físicas ou xurídicas que desenvolven actividades afíns, co obxecto de defender e potenciar intereses comúns, con afiliación voluntaria e funcionamento democrático.

es asociación profesional

en professional association

aspiración profesional *loc.s.f.* Posto de traballo, cargo ou profesión que espera acadar unha persoa con anterioridade ao inicio da

súa vida laboral ou dunha etapa profesional.

es aspiración profesional

en occupational aspiration

en vocational aspiration

aspirante *s.m./f.* Persoa que se presenta formalmente para ocupar un posto de traballo nunha empresa.

NOTA: A diferenza do candidato, o aspirante debe comunicar a súa intención de ocupar un posto de traballo.

es aspirante

en applicant

atrasos *s.m.pl.* Rendas salariais vencidas e non pagadas ao traballador.

es atrasos

en arrears

en back pay

en salary arrears

en arrears of wages

aumento salarial *loc.s.m.* Incremento da retribución que normalmente vén percibindo o traballador pola súa prestación de servizos.

gl incremento salarial

gl suba salarial

gl mellora salarial

es incremento salarial

es subida salarial

es aumento salarial

es mejora salarial

en wage increase

en salary increase

en pay increase

en pay rise

en pay raise

autocandidatura *s.f.* Acto polo que unha persoa envía o seu currículo de forma espontánea a unha organización ou contacta directamente con esta para ofrecerlle os seus servizos, sen que exista unha oferta previa dun posto de traballo.

gl candidatura espontánea

es autocandidatura

es candidatura espontánea

en spontaneous application

en self-application

autoemprego *s.m.* Forma de emprego que engloba todo tipo de traballo por conta propia.

es autoempleo

en self-employment

autonomía no traballo *loc.s.f.* Grao de liberdade que ten un traballador para influír nos distintos aspectos que afectan a realización do seu traballo, por exemplo, os relativos ás tarefas ou á conduta.

es autonomía en el trabajo

en work autonomy

en autonomy at work

autónomo, autónoma *s.* Persoa física que desenvolve, de forma habitual, persoal, directa e por conta propia, fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa, unha actividade económica ou profesional de carácter lucrativo, dea ou non ocupación a traballadores por conta allea.

gl traballador autónomo, traballadora autónoma

gl traballador por conta propia, traballadora por conta propia

es autónomo, autónoma

es trabajador autónomo, trabajadora autónoma

es trabajador por cuenta propia, trabajadora por cuenta propia

en self-employed person

en self-employed

en independent worker

en freelancer

en self-employed worker

en freelance

autónomo dependente, autónoma dependente *loc.s.* Persoa física que realiza unha actividade económica ou profesional de carácter lucrativo, de forma habitual, persoal e directa, e predominantemente para unha persoa física ou xurídica denominada cliente, do que depende economicamente por recibir del, cando menos, o 75% dos seus ingresos por rendementos do traballo e de actividades económicas ou profesionais.

gl traballador autónomo economicamente dependente, traballadora autónoma economicamente dependente

gl falso autónomo, falsa autónoma

es autónomo dependiente, autónoma dependiente

es trabajador autónomo económicamente dependiente, trabajadora autónoma económicamente dependiente

es falso autónomo, falsa autónoma

en pseudo self-employed

autoridad laboral *loc.s.f.* Órgano ou conxunto de órganos das administracións públicas, a nivel provincial, autonómico ou estatal, que ten atribuídas competencias executivas sobre a lexislación laboral.

es autoridad laboral

en labour authorities [GB]

en labor authorities [US]

autorización para traballar *loc.s.f.* Autorización administrativa que necesitan os estranxeiros maiores de 16 anos para exercer calquera actividade lucrativa, laboral ou profesional, en todo o territorio español.

gl permiso de traballo

es autorización para trabajar

es permiso de trabajo

en work permit

auxilio por defunción *loc.s.m.* Axuda económica que se concede, tras a morte do traballador, á persoa que sufragou os gastos do enterro.

es auxilio por defunción

en funeral benefit

avaliación de 90° *loc.s.f.* Método de avaliación do desenvolvemento profesional e do rendemento dun traballador, que se realiza a partir da valoración que fan os seus superiores mediante un cuestionario anónimo.

es evaluación de 90°

en 90° feedback

avaliación de 180° *loc.s.f.* Método de avaliación do desenvolvemento profesional e do rendemento dun traballador, que se realiza a partir da valoración que fan os seus superiores e compañeiros mediante un cuestionario anónimo.

es evaluación de 180°

en 180° feedback

avaliación de 360° *loc.s.f.* Método de avaliación do desenvolvemento profesional e do rendemento dun traballador, que se realiza a partir da súa autovaloración, así como da valoración que fan os subordinados, os compañeiros, os superiores e, en ocasións, tamén os clientes e fornecedores, mediante un cuestionario anónimo.

es evaluación de 360°

es evaluación multifuente

es evaluación integral

en 360° feedback

en full circle feedback

en multi-rater feedback

avaliación de candidatos *loc.s.f.* Proceso de valoración das calidades dos candidatos que participan nun proceso de selección de persoal mediante procedementos diversos, como o estudo do currículo, entrevistas, probas, análises grafolóxicas ou a verificación de referencias.

es evaluación de candidatos

en candidate evaluation

avaliación de postos de traballo *loc.s.f.*

Véxase: valoración de postos de traballo

avaliación de riscos laborais *loc.s.f.*

Procedemento dirixido a identificar e eliminar posibles perigos no ambiente de traballo, así como a valorar a gravidade e a urxencia de actuación ante determinados riscos.

gl avaliación de riscos profesionais

es evaluación de riesgos laborales

es evaluación de riesgos profesionales

en risk assessment

en hazard assessment

avaliación de riscos profesionais *loc.s.f.*

Véxase: avaliación de riscos laborais

avaliación do potencial *loc.s.f.* Valoración

das posibilidades de desenvolvemento profesional dunha persoa a partir das súas competencias, habilidades e aptitudes.

es evaluación del potencial

en potential assessment

en potential appraisal

en potential evaluation

avaliación do rendemento *loc.s.f.* Valoración cuantitativa e cualitativa da produtividade e eficacia dun traballador no desenvolvemento das súas tarefas, realizada polo seu superior inmediato con certa periodicidade.

es evaluación del rendimiento

en performance appraisal

en performance assessment

en performance evaluation

avaliación por simulación *loc.s.f.* Técnica de selección de persoal, utilizada principalmente para a contratación e promoción interna de traballadores, que consiste na valoración dun conxunto de exercicios de simulación de situacións reais para determinar así se os candidatos posúen as calidades requiridas para satisfacer as necesidades do posto.

es centro de evaluación

en assessment center [US]

en assessment centre [GB]

en assessment center method [US]

en assessment centre method [GB]

aviso previo *loc.s.m.*

Véxase: preaviso

axencia de colocación *loc.s.f.* Entidade sen ánimo de lucro que colabora co Servizo Público de Emprego Estatal na política de colocación, con dúas finalidades: axudar os traballadores a atopar un emprego e axudar os empregadores na contratación dos traballadores axeitados.

es agencia de colocación

en employment agency

en employment service

en employment office

en placement agency

axencia de emprego privada *loc.s.f.* Persoa

física ou xurídica, de natureza privada e, por tanto, con fins lucrativos, que vincula ofertas e demandas de emprego e presta diversos servizos relacionados coa busca de emprego.

es agencia de empleo privada
es agencia retribuida de colocación
en private employment agency
en fee-charging employment agency

axuda de custo *loc.s.f.* Retribución extrasalarial, fixada por convenio colectivo, que recibe un traballador para compensar os gastos nos que incorre como consecuencia da

realización da súa actividade laboral fóra do seu centro de traballo habitual e que, polo xeral, inclúe os derivados de desprazamentos, manutención e aloxamento.

NOTA: Termo usado xeralmente en plural.

es dieta

en allowance¹

en per diem allowance

baixa¹ *s.f.*

Véxase: baixa médica

baixa² *s.f.*

Véxase: baixa na Seguridade Social

baixa de oficio *loc.s.f.* Baixa nalgún dos réximes da Seguridade Social, xeralmente como consecuencia da actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

es baja de oficio

en *ex-officio* employee deregistration

baixa médica *loc.s.f.* Declaración médica, expedida por un facultativo do servizo público de saúde ou da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, que determina o cesamento temporal na prestación dos servizos do traballador e, no seu caso, o dereito á prestación económica por incapacidade temporal.

gl baixa¹

es baja médica

es baja¹

es baja laboral¹

en medical leave

baixa na Seguridade Social *loc.s.f.*

Comunicación obrigatoria que debe facer o empresario cando un traballador cesa na empresa, ou o propio traballador por conta propia cando este cesa na súa actividade profesional.

gl baixa²

es baja en la Seguridad Social

es baja²

es baja laboral²

en employee deregistration in the Social Security

baremo salarial *loc.s.m.*

Véxase: escala salarial

base de cotización *loc.s.f.* Cantidade sobre a que se aplican os tipos de cotización para a obtención das cotas da Seguridade Social, que os suxeitos responsables deben ingresar no sistema e que constitúen o seu principal recurso económico.

es base de cotización

en contribution base

boicot *s.m.* Acción concertada dun grupo de traballadores como consecuencia dun conflito laboral, que consiste na obstaculización da actividade que desenvolve a organización na que prestan servizo, para que atenda as súas reivindicacións e poña fin ao enfrontamento.

es boicot

en boycott

en boycotting

bolsa *s.f.* Axuda económica para cursar uns estudos, realizar unha investigación ou completar unha formación.

es beca

en grant

bolsa de emprego *loc.s.f.*

Véxase: bolsa de traballo

bolsa de estudo *loc.s.f.* Axuda económica que ofrecen algunhas organizacións aos seus traballadores para mellorar a súa formación.

es beca de estudio

en scholarship

bolsa de traballo *loc.s.f.* Servizo público ou privado que media entre as empresas que dispoñen de oportunidades de emprego e as persoas que buscan traballo.

gl bolsa de emprego

es bolsa de trabajo

es bolsa de empleo

en employment exchange

en labour exchange [GB]

en labor exchange [US]

en job board

bolseiro, bolseira *s.* Persoa que recibe unha axuda económica para cursar uns estudos, realizar unha investigación ou completar unha formación.

NOTA: Na actualidade é frecuente atribuír esta denominación á persoa que realiza prácticas nunha organización, sexan estas remuneradas ou non. A propia raíz da palabra suxire a idea da axuda económica (bolsa), polo que este uso se considera incorrecto.

es becario, becaria

en grant holder

busca de emprego *loc.s.f.* Proceso que segue unha persoa en idade laboral para atopar un posto de traballo que se axuste ás súas expectativas profesionais ou salariais.

gl procura de emprego

es búsqueda de empleo

es búsqueda de trabajo

en job search

en job hunting

en job seeking

en job finding

busca directa *loc.s.f.*

Véxase: caza de talentos

cadro de persoal *loc.s.m.* Censo laboral dos traballadores da empresa, clasificados por grupos e categorías profesionais.

es plantilla¹

es cuadro de personal

en list of staff

en list of employees

cadro de vacacións *loc.s.m.*

Véxase: calendario de vacacións

calendario de vacacións *loc.s.m.* Documento elaborado anualmente pola empresa no que se establecen os períodos de vacacións anuais correspondentes a cada traballador, e que debe ser publicado como mínimo dous meses antes do inicio do seu disfrute.

gl cadro de vacacións

es calendario de vacaciones

en holiday schedule [GB]

en vacation schedule [US]

calendario laboral *loc.s.m.* Documento elaborado anualmente pola empresa no que se establecen os períodos de vacacións anuais de cada traballador, as xornadas anuais e a distribución dos días laborables, festivos, descansos e outros días inhábiles do cadro de persoal segundo a xornada máxima legal ou pactada.

es calendario laboral

en work calendar

en working calendar

cambio de carreira profesional *loc.s.m.*

Acceso do traballador a un posto de traballo máis satisfactorio ou mellor remunerado nun sector de actividade distinto.

gl cambio de profesión

es cambio de carrera profesional

es cambio de profesión

en career change

en occupational change

cambio de posto de traballo *loc.s.m.*

Acceso do traballador a un posto de traballo distinto na mesma organización como consecuencia da mobilidade funcional, xeográfica ou por motivos de saúde.

es cambio de puesto de trabajo

en job transfer

cambio de profesión *loc.s.m.*

Véxase: cambio de carreira profesional

campo profesional *loc.s.m.* Área de actividade que agrupa o conxunto de postos de traballo que conteñen elementos formativos e prácticos comúns.

es campo profesional

en occupational field

candidato, candidata *s.* Persoa que solicita un posto de traballo ou que foi seleccionada para ocupalo, aínda que non o solicite.
NOTA: A diferenza do aspirante, o candidato pode ser proposto para ocupar un cargo sen que exista unha solicitude previa pola súa parte.

es candidato, candidata

en candidate

candidato espontáneo, candidata espontánea *loc.s.* Persoa que solicita un posto de traballo enviando de forma espontánea o seu currículo á organización ou contactando directamente con esta para ofrecerlle os seus servizos, sen que exista unha oferta previa dun posto de traballo.

es candidato espontáneo, candidata espontánea

en spontaneous candidate

en spontaneous applicant
en self-candidate

candidatura *s.f.* Acto polo que unha persoa envía o seu currículo a unha empresa de xeito espontáneo ou contacta directamente con esta en resposta a unha oferta previa de traballo.

es candidatura
en application
en candidacy

candidatura en liña *loc.s.f.* Acto polo que unha persoa envía o seu currículo a unha empresa a través da súa páxina web, de xeito espontáneo ou en resposta a unha oferta previa dun posto de traballo.

es candidatura en línea
en online application
en online candidacy

candidatura espontánea *loc.s.f.*

Véxase: autocandidatura

capacidade *s.f.* Potencial dunha persoa para desenvolver satisfactoriamente unha actividade profesional.

es capacidad
en ability
en skill

capacidade de negociación *loc.s.f.* Calidade do traballador que pode influír en terceiros co obxectivo de acadar compromisos entre ideas, propósitos ou intereses e obter os mellores resultados posibles.

es capacidad de negociación
es poder de negociación
en bargaining power
en negotiation skills

capacitación¹ *s.f.* Adquisición por parte dos traballadores de habilidades, conceptos ou actitudes, que ten como resultado a mellora no desempeño das súas tarefas habituais.

es capacitación¹
en qualification

capacitación² *s.f.* Estratexia empresarial que consiste na delegación ou transmisión de poder de decisión aos traballadores para que se sintan máis implicados na actividade e

dispoñan de máis autonomía na organización.

gl delegación de poder
gl apoderamento
es capacitación²
es apoderamiento
es empoderamiento
en empowerment

capital humano *loc.s.m.* Conxunto de coñecementos, habilidades, experiencias, contactos e ideas do cadro de persoal que poden xerar valor para a organización.

es capital humano
en human capital

capital intelectual *loc.s.m.* Conxunto de coñecementos e habilidades intelectuais do cadro de persoal que poden xerar valor para a organización.

es capital intelectual
en intellectual capital
en intellectual asset

carencia *s.f.* Período mínimo de cotización previa que se lle esixe ao traballador para que poida ser beneficiario dalgunha prestación contributiva de Seguridade Social.

gl período de carencia
es carencia
es período de carencia
es plazo de carencia
en waiting period
en qualifying period
en elimination period

carga de traballo *loc.s.f.*

Véxase: volume de traballo

cargo¹ *s.m.* Función que desempeña un traballador nunha empresa.

gl posto
es cargo¹
es puesto
en position¹
en post¹
en office

cargo² *s.m.* Persoa que desempeña unha función de certa responsabilidade nunha empresa.

es cargo²
en officer

carreira profesional¹ *loc.s.f.* Evolución do traballador ao longo da súa vida laboral, na que se consideran os distintos postos de traballo que ocupou e as diferentes organizacións nas que prestou os seus servizos.

NOTA: En contextos menos especializados adoita empregarse tamén “traxectoria profesional” e “itinerario profesional” para denominar este concepto.

es carrera profesional¹

en career¹

carreira profesional² *loc.s.f.* Evolución do traballador nunha organización, na que se consideran os distintos postos de traballo que pode chegar a ocupar.

NOTA: En contextos menos especializados adoita empregarse tamén “traxectoria profesional” e “itinerario profesional” para denominar este concepto.

es carrera profesional²

es ruta profesional

en career²

carta de despedimento *loc.s.f.* Documento no que se lle notifica por escrito ao traballador o seu despedimento, no que se indican os feitos que o motivan e a data na que terá efecto, e que servirá para acreditar a situación legal de desemprego.

gl carta de despido

es carta de despido

en dismissal letter

en letter of dismissal

en discharge letter

en letter of discharge

carta de despido *loc.s.f.*

Véxase: carta de despedimento

carta de dimisión *loc.s.f.* Documento no que o traballador comunica á empresa na que desenvolve a súa actividade, de xeito claro e inequívoco, a súa decisión de extinguir voluntariamente a relación laboral.

gl carta de renuncia

es carta de dimisión

es carta de renuncia

en resignation letter

carta de motivación *loc.s.f.*

Véxase: carta de presentación

carta de presentación *loc.s.f.* Documento que se achega ao currículo e se dirixe a unha organización co obxectivo de presentarse e expoñer os motivos polos que se desexa traballar nela.

gl carta de motivación

es carta de presentación

es carta de motivación

es carta de autopresentación

en cover letter

en covering letter

en accompanying letter

en motivation letter

carta de recomendación *loc.s.f.* Documento redactado por unha persoa con autoridade que ten por obxecto apoiar a candidatura ou demanda de emprego do solicitante.

es carta de recomendación

en reference letter

en letter of reference

en letter of recommendation

en recommendation letter

carta de renuncia *loc.s.f.*

Véxase: carta de dimisión

casa de oficios *loc.s.f.* Programa público de formación e emprego dirixido a desempregados menores de 25 anos coa finalidade de preparalos para o desenvolvemento dunha actividade profesional, que compaxina unha etapa formativa, de seis meses de duración, e outra de práctica profesional, tamén de seis meses de duración.

es casa de oficios

en trade learning centre [GB]

en trade learning center [US]

caso de forza maior *loc.s.m.*

Véxase: forza maior

catálogo de postos de traballo *loc.s.m.*

Documento no que se detallan os distintos postos de traballo dunha empresa ou entidade de calquera tipo.

gl inventario de postos de traballo

es catálogo de puestos de trabajo

es inventario de puestos de trabajo

es manual de puestos de trabajo

en job catalogue [GB]

en job catalog [US]

categoría profesional *loc.s.f.* Instrumento que clasifica as distintas tarefas ou funcións que presentan unha vinculación estreita entre si, ou que resultan ser homoxéneas.

es categoría profesional

en occupational category

caza de talentos *loc.s.f.* Procedemento de selección de persoal, especialmente directivos, que consiste en contactar directamente con profesionais altamente cualificados e en activo, ou con estudantes que presentan un gran potencial, para ofrecerlles un posto de traballo cunha remuneración atractiva.

gl busca directa

es caza de talentos

es búsqueda directa

en head-hunting

en executive search

en direct search

cazador de talentos, cazadora de talentos *loc.s.*

Véxase: cazatalentos

cazatalentos *s.m.f.* Persoa física ou xurídica que, por encargo dunha organización, contacta directamente con profesionais altamente cualificados, xeralmente directivos, aos que persuade para que se incorporen a esta ofrecéndolles unha remuneración atractiva.

gl cazador de talentos, cazadora de talentos

es cazatalentos

es cazador de talentos, cazadora de talentos

es cazacerebros

en headhunter

en executive search consultant

central sindical *loc.s.f.* Agrupación voluntaria de organizacións sindicais co fin de constituír unha forza sindical e representar colectivamente os traballadores.

gl confederación sindical

es central sindical

es confederación sindical

en trade union confederation

en confederation of trade unions

centro de traballo *loc.s.m.* Unidade produtiva con organización específica que está dada de alta como tal ante a Administración laboral.

es centro de trabajo

en workplace

en establishment

centro de traballo itinerante *loc.s.m.*

Véxase: centro de traballo móbil

centro de traballo móbil *loc.s.m.* Centro de traballo que non dispón de sede fixa ou estable, desde o momento en que os traballadores necesariamente teñen que desprazarse aos lugares nos que se requiren os servizos da empresa.

gl centro de traballo itinerante

es centro de trabajo móvil

es centro de trabajo itinerante

en mobile workplace

en mobile establishment

certificado de empresa *loc.s.m.* Documento expedido polo empresario ao traballador para acreditar determinadas informacións relativas á súa relación laboral, tales como o tempo traballado ou as cotizacións efectuadas.

es certificado de empresa

en certificate of employment

en employment certificate

certificado de profesionalidade *loc.s.m.*

Documento oficial que acredita as competencias profesionais adquiridas por unha persoa para exercer un oficio, desenvolvidas durante a formación profesional ocupacional ou continua, programas de formación e emprego, contratos de aprendizaxe e de formación, experiencia laboral ou a través doutras vías.

es certificado de profesionalidad

en professional certificate

en certificate of qualification

certificado de traballo *loc.s.m.* Documento que expide o empresario a pedimento dun traballador que finalizou o seu contrato, e no que consta a duración deste e o tipo de traballo realizado.

es certificado de trabajo

en certificate of service

en service certificate

en work certificate

certificado médico *loc.s.m.* Documento asinado por un médico no que se acredita o estado de saúde ou as capacidades físicas dunha persoa.

es certificado médico

en medical certificate

cesación¹ *s.f.*

Véxase: cesamento¹

cesación² *s.f.*

Véxase: cesamento²

cesamento¹ *s.m.* Extinción da relación laboral por iniciativa do traballador ou do empresario.

gl cesación¹

es cese¹

es cesación

en termination of employment

en separation

cesamento² *s.m.*

Véxase: desistencia

cesión de traballadores *loc.s.f.* Forma de organización do traballo que consiste no préstamo ou provisión de traballadores a outro empresario e que actualmente é ilegal no ordenamento xurídico español, agás en contadas excepcións, tales como a cesión de traballadores por parte de empresas de traballo temporal ou a relativa aos deportistas profesionais.

es cesión de trabajadores

es cesión de mano de obra

es cesión de personal

en employee leasing

en staff leasing

en personnel leasing

clasificación profesional *loc.s.f.* Mecanismo xurídico a través do que se produce o encadramento dun traballador nunha categoría ou grupo profesional, delimitando a prestación esixible, conferindo unha retribución específica e determinando o tempo de prestación do traballo, a duración do período de proba e o contido da prestación laboral.

es clasificación profesional

en job classification

en occupational classification

cláusula de desvinculación salarial *loc.s.f.*

Estipulación dun convenio colectivo de ámbito superior á empresa, pola que se establecen os procedementos e condicións nos que se podería deixar de aplicar o réxime salarial fixado no propio convenio, en atención á situación económica da empresa.

gl cláusula de inaplicación salarial

es cláusula de descuelgue salarial

es cláusula de inaplicación del régimen salarial

es cláusula de desenganche

es cláusula de desvinculación salarial

en escape clause

cláusula de emprego *loc.s.f.* Estipulación dun convenio colectivo dirixida á creación ou mantemento do emprego na empresa.

es cláusula de empleo

es cláusula de utilización

en employment clause

cláusula de inaplicación salarial *loc.s.f.*

Véxase: cláusula de desvinculación salarial

cláusula de revisión salarial *loc.s.f.*

Estipulación dun convenio colectivo pola que a retribución que perciben os traballadores se actualiza segundo a variación dun índice económico de referencia.

es cláusula de revisión salarial

en escalation clause

en escalator clause

en indexation clause

cláusula rebus sic stantibus *loc.s.f.* Estipulación tácita ou expresa dun contrato de traballo que fai referencia á posibilidade de modificalo ou extinguílo por alteración grave, imprevista e imprevisible das circunstancias que presidiron a súa formalización.

es cláusula rebus sic stantibus

en clausula rebus sic stantibus

en rebus sic stantibus clause

clima empresarial *loc.s.m.*

Véxase: clima organizativo

clima laboral *loc.s.m.* Conxunto de características relativas ao ambiente de traballo que

percibe o traballador no seu posto de traballo e que determina o seu comportamento neste.

NOTA: Algunhas fontes consultadas consideran que “clima laboral” e “clima organizativo” son dúas formas de denominar o mesmo concepto. Con todo, outros especialistas distinguen entre a percepción obxectiva que teñen todos os traballadores do ambiente de traballo existente na súa empresa ou organización (clima organizativo) e a percepción subxectiva que ten cada traballador do ambiente de traballo concreto que rodea o seu posto de traballo (clima laboral).

es clima laboral

en working atmosphere

en work atmosphere

en work climate

en workplace climate

clima organizativo *loc.s.m.* Conxunto de características relativas ao ambiente de traballo dunha organización que perciben os seus traballadores e que determinan o seu comportamento nesta.

NOTA: Algunhas fontes consultadas consideran que “clima laboral” e “clima organizativo” son dúas formas de denominar o mesmo concepto. Con todo, outros especialistas distinguen entre a percepción obxectiva que teñen todos os traballadores do ambiente de traballo existente na súa empresa ou organización (clima organizativo) e a percepción subxectiva que ten cada traballador do ambiente de traballo concreto que rodea o seu posto de traballo (clima laboral).

gl clima empresarial

es clima organizacional

es clima organizativo

en corporate climate

en organisational climate [GB]

en organizational climate [US]

código de conduta *loc.s.m.* Documento redactado voluntariamente por unha organización, no que se expoñen unha serie de principios que aquela se compromete a seguir no exercicio da súa actividade.

es código de conducta

en code of conduct

código de deontoloxía *loc.s.m.*

Véxase: código deontolóxico

código deontolóxico *loc.s.m.* Conxunto de principios e normas que rexen a práctica e o comportamento dos traballadores que exercen unha determinada actividade profesional.

gl código de deontoloxía

es código deontológico

es código de deontología

en code of practice

en code of ethics

en code of professional conduct

colexio profesional *loc.s.m.* Corporación de dereito público, amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que son, fundamentalmente, a ordenación do exercicio da profesión correspondente e a representación exclusiva dos colexiados, sen prexuízo da competencia da Administración pública por razón da relación funcional.

es colegio profesional

en professional corporation

en professional body

en professional order

colocación¹ *s.f.* Incorporación dunha persoa a un emprego ou posto de traballo.

es colocación¹

en placement

colocación² *s.f.*

Véxase: traballo

comisión de conciliación *loc.s.f.* Órgano imparcial ao que se someten voluntariamente as partes litigantes nun conflito laboral, e que ten por cometido tratar de aproximar as posicións enfrontadas, co fin de alcanzar un acordo que faga innecesario o recurso á vía xudicial.

es comisión de conciliación

en conciliation board

en board of conciliation

comisión de servizos *loc.s.f.* Situación na que se atopa o funcionario que cobre temporalmente e con carácter voluntario un posto de traballo vacante por necesidades doutro servizo, conservando o dereito á reserva da súa praza orixinal.

es comisión de servicio

en secondment

comisión negociadora *loc.s.f.* Órgano constituído por representantes dos traballadores e por representantes dos empresarios, que ten por obxecto a negociación dun convenio colectivo.

gl mesa de negociación

gl mesa negociadora

es comisión negociadora

es mesa de negociación

es mesa negociadora

en negotiating committee

en bargaining committee

en negotiating table

en bargaining table

comisión paritaria *loc.s.f.* Órgano constituído polo mesmo número de representantes dos traballadores que de representantes dos empresarios, que ten por obxecto resolver os problemas de interpretación ou de aplicación derivados do convenio colectivo do que forma parte, así como o resto das funcións que o propio convenio lle atribúa.

es comisión paritaria

en joint committee

comité de empresa *loc.s.m.* Órgano de representación legal dos traballadores dunha empresa ou centro de traballo con 50 ou máis empregados, que ten por obxecto a defensa dos intereses destes, coas funcións e garantías que para tal efecto lle atribúe o Estatuto dos traballadores.

es comité de empresa

en works council

en works committee

comité de empresa conxunto *loc.s.m.* Órgano de representación dos traballadores dunha empresa con máis de 50 empregados, repartidos en varios centros de traba-

llo, que por separado non acadan tal número, pero si en conxunto, sempre que estes an situados na mesma provincia ou en municipios limítrofes de diferentes provincias, e que ten por obxecto a defensa dos intereses destes traballadores.

es comité de empresa conjunto

en joint works council

en joint works committee

comité de empresa europeo *loc.s.m.* Órgano de representación dos traballadores dunha empresa ou grupo de empresas de dimensión comunitaria, con 1.000 ou máis empregados en dous ou máis estados membros e un mínimo de 150 traballadores en cada un deles, que ten por obxecto a defensa dos intereses destes traballadores.

es comité de empresa europeo

en European works council

comité de folga *loc.s.m.* Órgano constituído por un grupo de traballadores como consecuencia dunha folga e mentres dure esta, coa finalidade de dirixir o seu desenvolvemento, estando obrigado a negociar co empresario de cara á resolución do conflito e a garantir a prestación dos servizos necesarios para a seguridade das persoas e cousas e para a continuación da actividade tras a folga.

es comité de huelga

en strike committee

comité de seguranza e saúde *loc.s.m.*

Véxase: comité de seguridade e saúde

comité de seguridade e saúde *loc.s.m.* Órgano de participación e consulta en materia de prevención de riscos laborais dunha organización ou centro de traballo con 50 ou máis traballadores, composto de xeito paritario polos delegados de prevención e o empresario ou os seus representantes, que ten por obxecto, entre outras funcións, a identificación, avaliación e control dos riscos derivados do traballo.

gl comité de seguranza e saúde

es comité de seguridad y salud

en health and safety committee

comité intercentros *loc.s.m.* Órgano de representación unitaria dos traballadores creado por convenio colectivo, e coas funcións que este lle outorgue, que está composto por un máximo de trece membros designados polos distintos comités de centro.

es comité intercentros

en central works council

en central works committee

compensación *s.f.* Contrapartida que recibe un traballador para reparar economicamente un esforzo, dano ou accidente durante a prestación dos seus servizos.

es compensación

en compensation¹

compensación de gastos *loc.s.f.* Cantidade coa que se resarce ou indemniza o traballador polos gastos ocasionados na súa actividade laboral, e que carece de natureza salarial.

es suplido

en reimbursable expense

en advance for expenses

competencia *s.f.* Calidade do traballador que posúe os coñecementos, habilidades, aptitudes e actitudes necesarios para realizar con eficiencia unha determinada tarefa.

gl competencia profesional

es competencia

es competencia profesional

en competence

en competency

en professional competence

en professional competency

competencia desleal *loc.s.f.* Todo comportamento ou acto que resulte obxectivamente contrario ás esixencias da boa fe, sempre que se realice no mercado e con fins competitivos.

es competencia desleal

es concurrencia desleal

en unfair competition

en disloyal competition

competencia profesional *loc.s.f.*

Véxase: competencia

competitividade salarial *loc.s.f.* Capacidade dunha organización de ofrecer unha retribución máis atractiva que a das súas competidoras no mercado.

es competitividad salarial

en salary competitiveness

en wage competitiveness

complemento *s.m.* Cantidade percibida periodicamente polo traballador, que se engade ao salario base e que pode vir determinada por circunstancias relativas ás súas condicións persoais, ao traballo realizado ou á situación e resultados da empresa na que presta os seus servizos.

gl complemento salarial

es complemento

es plus

es complemento salarial

es plus salarial

en premium¹

en bonus¹

complemento ad personam *loc.s.m.*

Véxase: complemento persoal

complemento de antigüidade *loc.s.m.*

Complemento salarial que retribúe a permanencia ininterrompida do traballador ao servizo da empresa.

es complemento personal de antigüedad

es complemento de antigüedad

es plus de antigüedad

en seniority pay

en seniority premium

en seniority bonus

complemento de dispoñibilidade *loc.s.m.*

Complemento salarial que percibe un traballador por atoparse á disposición da empresa e sometido a constantes alteracións dos seus horarios de traballo.

gl complemento de dispoñibilidade horaria

es complemento de disponibilidad

es plus de disponibilidad

es complemento de disponibilidad horaria

es plus de disponibilidad horaria

en on-call pay

en standby pay

en stand-by pay

complemento de dispoñibilidade horaria *loc.s.m.*

Véxase: complemento de dispoñibilidade

complemento de nocturnidade *loc.s.m.*

Complemento salarial que percibe un traballador polas horas efectivamente traballadas en réxime nocturno.

gl complemento de traballo nocturno

es plus de nocturnidad

es complemento de nocturnidad

es plus de trabajo nocturno

es complemento de trabajo nocturno

en night shift bonus

en night shift allowance

en night shift premium

complemento de penosidade *loc.s.m.*

Complemento salarial que percibe un traballador que realiza un traballo en condicións insalubres, de ruído ou que entrañen algunha especial dificultade ou sacrificio.

gl complemento de traballo penoso

es plus de penosidad

es complemento de penosidad

es plus de trabajo penoso

es complemento de trabajo penoso

en hardship bonus

en hardship allowance

en inconvenience allowance

en hardship premium

en hazard pay¹

complemento de perigosidade *loc.s.m.*

Complemento salarial que percibe un traballador que realiza un traballo que entraña un risco para a súa saúde, integridade física ou a propia vida.

es plus de peligrosidad

es complemento de peligrosidad

en danger pay

en danger bonus

en danger premium

en hazard pay²

complemento de posto de traballo *loc.s.m.*

Complemento salarial que retribúe unhas especiais condicións de traballo, así como

a perigosidade, penosidade ou toxicidade da actividade realizada.

gl complemento funcional

es complemento de puesto de trabajo

es complemento funcional

en special post allocation

complemento de produtividade *loc.s.m.*

Complemento salarial que percibe un traballador, ou un conxunto de traballadores, ao acadar un determinado nivel de rendemento ou resultados superiores aos considerados ordinarios.

es plus de productividad

es complemento de productividad

es prima de productividad

en performance bonus

en performance premium

complemento de toxicidade *loc.s.m.*

Complemento salarial que percibe un traballador que realiza un traballo que implique a exposición a substancias tóxicas.

es plus de toxicidad

es complemento de toxicidad

en toxicity bonus

en hazard pay³

complemento de traballo en quendas

loc.s.m.

Véxase: complemento de traballo por quendas

complemento de traballo nocturno

loc.s.m.

Véxase: complemento de nocturnidade

complemento de traballo penoso *loc.s.m.*

Véxase: complemento de penosidade

complemento de traballo por quendas

loc.s.m. Complemento salarial co que se retribúe a realización dunha tarefa por quendas.

gl complemento de traballo en quendas

es plus de turnicidad

es complemento de turnicidad

es plus de trabajo a turnos

es complemento de trabajo a turnos

en shift bonus

en shift premium

en shift pay

complemento funcional *loc.s.m.*

Véxase: complemento de posto de traballo

complemento persoal *loc.s.m.* Complemento salarial en función da valía ou características persoais do traballador, tales como a antigüidade, o coñecemento de idiomas ou a súa dispoñibilidade.

gl complemento *ad personam*

es complemento personal

en complemento *ad personam*

en merit pay

en merit award

en merit bonus

complemento salarial *loc.s.m.*

Véxase: complemento

composición do salario *loc.s.f.*

Véxase: estrutura salarial¹

comprobación de referencias *loc.s.f.*

Véxase: verificación de referencias

concertación social *loc.s.f.* Actividade de negociación colectiva, propiciada xeralmente desde o Goberno, na que os axentes sociais afrontan temas estratéxicos de alcance social xeral e tratan de obter un acordo conxunto.

es concertación social

en social concertation

conciliación *s.f.* Mecanismo dirixido á solución dos conflitos de traballo mediante a negociación e o acordo entre as partes, en presenza dun terceiro imparcial, que ten por finalidade aproximar as posicións das partes afrontadas de xeito que faga innecesario o recurso á vía xudicial.

NOTA: Mentres que na “mediación” o órgano designado para actuar como intermediario pode realizar propostas e recomendacións, na “conciliación” non ten esta capacidade.

es conciliación

en conciliation

conciliación da vida familiar e laboral

loc.s.f.

Véxase: conciliación da vida laboral e familiar

conciliación da vida laboral e familiar

loc.s.f. Conxunto de actuacións destinadas á harmonización das responsabilidades laborais, persoais e familiares dos traballado-

res co fin de que homes e mulleres teñan as mesmas oportunidades de desenvolvemento profesional e poidan compaxinalo coas súas cargas familiares.

gl conciliación da vida familiar e laboral

es conciliación de la vida familiar y laboral

es conciliación de la vida laboral y familiar

es conciliación de la vida familiar y profesional

es conciliación del trabajo y la vida familiar

en reconciliation of work and family life

en work-life balance

conciliador, conciliadora *s.* Terceiro imparcial designado para dirixir un procedemento de resolución de conflitos laborais co fin de que as partes alcancen un acordo que faga innecesario o recurso á vía xudicial.

NOTA: A diferenza do “mediador”, o “conciliador” non ten capacidade para realizar propostas e recomendacións.

es conciliador, conciliadora

en conciliator

en conciliation officer

concurso¹ *s.m.* Proceso de selección de persoal, xeralmente na Administración pública, que consiste na valoración dos títulos, diplomas, referencias ou proxectos presentados ou das probas de coñecementos ou capacidades realizadas polos candidatos, segundo un baremo preestablecido.

es concurso¹

en competition

concurso² *s.m.* Procedemento xudicial que ten por obxecto satisfacer as obrigas adquiridas por unha persoa física ou xurídica cos seus acredores, cando aquel se atope en estado de insolvencia.

NOTA: A denominación “concurso” vén substituír na actualidade os termos “suspensión de pagamentos”, “quebra”, “concurso de acredores” e “quitación e espera”, a raíz da entrada en vigor da Lei 22/2003, concursal.

gl procedemento concursal

es concurso²

es procedimiento concursal

en insolvency proceedings

concurso de méritos *loc.s.m.* Proceso de selección de persoal, xeralmente na Administración pública, que consiste na valoración dos títulos, diplomas ou referencias dos candidatos segundo un baremo preestablecido.

es concurso de méritos

en merit-based selection

en selection on merit

concurso externo *loc.s.m.* Proceso de selección de persoal, xeralmente na Administración pública, no que se valoran os títulos, diplomas, referencias ou proxectos presentados ou as probas de coñecementos ou capacidades realizadas por candidatos que non forman parte do seu cadro de persoal, segundo un baremo preestablecido.

es concurso externo

en external competition

en open competition

concurso interno *loc.s.m.* Proceso de selección de persoal, xeralmente na Administración pública, no que se valoran os títulos, diplomas, referencias ou proxectos presentados ou as probas de coñecementos ou capacidades realizadas por candidatos que forman parte do seu cadro de persoal, segundo un baremo preestablecido.

es concurso interno

en internal competition

en closed competition

concurso oposición *loc.s.m.* Proceso de selección de persoal, xeralmente na Administración pública, que consiste na valoración por un tribunal dos méritos alegados e das probas de coñecementos ou capacidades realizadas polos candidatos.

es concurso-oposición

en competitive examination and merit selection

condicións de traballo *loc.s.f.pl.* Conxunto de aspectos da relación laboral que configuran o contido da prestación do traballador, e que se refiren ao modo, tempo e lugar en que se desenvolve esa prestación, así como á remuneración percibida a cambio.

gl condicións laborais

es condiciones de trabajo

es condiciones laborales

en working conditions

condicións laborais *loc.s.f.pl.*

Véxase: condicións de traballo

confederación sindical *loc.s.f.*

Véxase: central sindical

conflicto *s.m.* Situación de oposición entre os respectivos intereses de dúas ou máis partes, que se manifesta de forma externa.

es conflicto

en conflict

en dispute

conflicto colectivo *loc.s.m.* Controversia suscitada entre os traballadores e o empresario sobre cuestións laborais que afectan o interese xeral dun grupo xenérico de traballadores.

gl conflicto colectivo de traballo

es conflicto colectivo

es conflicto colectivo de trabajo

es conflicto de trabajo colectivo

en collective dispute

en collective labour dispute [GB]

en collective labor dispute [US]

en collective industrial dispute

conflicto colectivo de traballo *loc.s.m.*

Véxase: conflicto colectivo

conflicto de traballo *loc.s.m.*

Véxase: conflicto laboral

conflicto laboral *loc.s.m.* Situación de tensión entre os intereses dun ou varios traballadores e os dun ou varios empresarios sobre algún aspecto particular ou común das relacións laborais.

gl conflicto de traballo

es conflicto laboral

es conflicto de trabajo

en labour dispute [GB]

en labor dispute [US]

en industrial dispute

conservación de emprego *loc.s.f.*

Véxase: mantemento de emprego

consolidación de equipos *loc.s.f.* Conxunto de actividades desenvolvidas pola organización co obxectivo de motivar un grupo de traballadores, mellorar a súa cohesión

de traballadores, mellorar a súa cohesión e desenvolver as súas aptitudes para o traballo en equipo.

es creación de equipos

en team building

en team development

consulta aos traballadores *loc.s.f.* Intercambio de opinións e apertura dun diálogo entre o empresario e o comité de empresa sobre unha cuestión determinada, incluíndo, no seu caso, a emisión dun informe previo por parte deste.

es consulta a los trabajadores

en consultation of employees

en employee consultation

consultor de recursos humanos, consultora de recursos humanos *loc.s.*

Véxase: asesor de recursos humanos, asesora de recursos humanos

consultoría de recursos humanos *loc.s.f.*

Véxase: asesoría de recursos humanos

contido da tarefa *loc.s.m.* Conxunto das actividades ou responsabilidades implícitas nunha tarefa que lle proporcionan un determinado nivel de satisfacción ao traballador.

es contenido de la tarea

en task content

contido do traballo *loc.s.m.* Conxunto das tarefas que se inclúen na descrición dun posto de traballo.

es contenido del trabajo

en job content

continxencia *s.f.* Suceso, imprevisto ou non, que lle pode ocorrer ao traballador e que, de producirse, xera unha situación de necesidade que normalmente é obxecto de protección social.

es contingencia

en contingency

continxencia común *loc.s.f.* Toda continxencia ou risco derivado dun accidente non laboral ou enfermidade común.

es contingencia común

en common contingency

continxencia profesional *loc.s.f.* Toda continxencia ou risco directamente derivado

dun accidente de traballo ou dunha enfermidade profesional.

es contingencia profesional

en professional contingency

en industrial contingency

contorno de traballo *loc.s.m.* Conxunto de factores físicos, psicolóxicos ou sociais, así como das situacións, acontecementos ou relacións que rodean e afectan unha organización e os seus traballadores.

gl contorno laboral

es entorno de trabajo

es entorno laboral

en job environment

contorno laboral *loc.s.m.*

Véxase: contorno de traballo

contraoferta *s.f.* Oferta que recibe un traballador fronte a outra anterior, e que polo xeral mellora as condicións da primeira.

es contraoferta

en counteroffer

contrata *s.f.* Relación xurídica pola que unha empresa principal encarga a outra empresa ou a un traballador autónomo a realización de determinadas obras ou servizos, que poden pertencer ou non á propia actividade da empresa principal.

es contrata

en contract

contratación de duración determinada *loc.s.f.*

Véxase: contratación temporal

contratación laboral *loc.s.f.* Incorporación do traballador á organización mediante unha vinculación contractual.

es contratación laboral

en hiring

en engagement

contratación temporal *loc.s.f.* Contratación dun traballador por un tempo determinado ou determinable e exclusivamente polas causas establecidas de forma expresa no Estatuto dos traballadores.

gl contratación de duración determinada

es contratación temporal

es contratación de duración determinada

en fixed-term hiring

en short-term hiring

contratante *s.m./f.* Persoa que subscribe un contrato e asume os distintos dereitos e obrigas deste.

es contratante

en contracting party

contratista *s.m./f.* Persoa física ou xurídica que se encarga da realización de determinadas obras ou servizos encomendados por unha empresa principal.

es contratista

en contractor

contrato a tempo parcial *loc.s.m.* Contrato no que se establece un número de horas ao día, á semana, ao mes ou ao ano inferior ao que corresponde a un traballador a tempo completo comparable.

gl contrato de traballo a tempo parcial

es contrato a tiempo parcial

es contrato de trabajo a tiempo parcial

en part-time contract

en part-time employment contract

contrato administrativo *loc.s.m.* Contrato no que polo menos unha das partes é a Administración, rexido por normas administrativas, e que ten por obxecto regular a subministración de bens e servizos ou a concesión de obras.

gl contrato público

es contrato administrativo

es contrato público

en public contract

en administrative contract

contrato de alta dirección *loc.s.m.* Contrato que se concerta cun traballador para que exerza poderes inherentes á titularidade xurídica da empresa e relativos aos seus obxectivos xerais, con autonomía e responsabilidade plenas, tan só limitadas polos criterios e instrucións directas das persoas ou órganos superiores de goberno e administración desta entidade.

es contrato de alta dirección

es contrato para personal de alta dirección

en executive employment contract

en management employment contract

en senior employment contract

contrato de duración determinada

loc.s.m. Contrato no que se establece un límite de tempo na prestación do servizo, que pode ser un prazo ou un termo final, certo ou incerto, ou unha condición resolutoria como acontecemento futuro determinante da súa extinción.

gl contrato temporal

gl contrato de traballo de duración determinada

gl contrato de traballo temporal

es contrato de duración determinada

es contrato de trabajo temporal

es contrato temporal

es contrato de trabajo de duración determinada

en fixed-term contract¹

en fixed-term employment contract¹

contrato de grupo *loc.s.m.* Contrato que se concerta entre o empresario e o xefe dun grupo de traballadores, considerado na súa totalidade, de xeito que o empresario non contrae unha obriga con cada un dos traballadores, senón un único vínculo contractual co grupo como tal.

gl contrato de traballo en grupo

es contrato de trabajo en grupo

es contrato de grupo

es contrato en grupo

es contrato de trabajo de grupo

en group contract

en collective contract

contrato de interinidade *loc.s.m.* Contrato que se concerta cun traballador para substituír temporalmente outro que goza do dereito á reserva do seu posto de traballo, ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción que determine a súa cobertura definitiva.

gl contrato de traballo de interinidade

es contrato de interinidad

es contrato de trabajo de interinidad

en fixed-term contract²

en fixed-term employment contract²

en interim contract

contrato de posta a disposición *loc.s.m.*

Contrato que se concerta entre unha empresa de traballo temporal e unha empresa usuaria, que ten por obxecto a cesión temporal dun traballador para prestar servizos na empresa usuaria, quedando sometido ao poder de dirección desta última.

es contrato de puesta a disposición

en temporary agency contract

contrato de remuda *loc.s.m.*

Contrato a tempo parcial que se concerta cun desempregado ou un traballador da empresa con contrato de duración determinada, para cubrir a xornada que deixa vacante outro traballador da empresa xubilado parcialmente antes ou despois de cumprir a idade de xubilación.

gl contrato de traballo de remuda

es contrato de relevo

es contrato de trabajo de relevo

en hand-over contract

contrato de traballo *loc.s.m.*

Relación xurídica pola que unha persoa física, denominada traballador, se obriga voluntariamente a prestar os seus servizos retribuídos e por conta allea, dentro do ámbito de organización e dirección doutra persoa, física ou xurídica, denominada empregador ou empresario.

gl contrato laboral

es contrato de trabajo

es contrato laboral

en employment contract

en contract of employment

en work contract

contrato de traballo a domicilio *loc.s.m.*

Contrato que se concerta cun traballador que presta a súa actividade laboral no seu domicilio ou no lugar libremente elixido por este, sen a vixilancia directa do empresario.

es contrato de trabajo a domicilio

en home work contract

en home employment contract

contrato de traballo a tempo parcial

loc.s.m.

Véxase: contrato a tempo parcial

contrato de traballo de duración determinada *loc.s.m.*

Véxase: contrato de duración determinada

contrato de traballo de interinidade

loc.s.m.

Véxase: contrato de interinidade

contrato de traballo de remuda *loc.s.m.*

Véxase: contrato de remuda

contrato de traballo en grupo *loc.s.m.*

Véxase: contrato de grupo

contrato de traballo en prácticas *loc.s.m.*

Véxase: contrato en prácticas

contrato de traballo fixo descontinuo

loc.s.m.

Véxase: contrato fixo descontinuo

contrato de traballo indefinido *loc.s.m.*

Véxase: contrato indefinido

contrato de traballo para a formación

loc.s.m.

Véxase: contrato para a formación

contrato de traballo por obra ou servizo determinado *loc.s.m.*

Véxase: contrato por obra ou servizo determinado

contrato de traballo temporal *loc.s.m.*

Véxase: contrato de duración determinada

contrato en prácticas *loc.s.m.*

Contrato que se concerta con traballadores que están en posesión dun título universitario, de formación profesional ou titulación equivalente, obtido nos catro anos inmediatamente anteriores á sinatura do contrato, coa finalidade de proporcionarlles a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados.

gl contrato de traballo en prácticas

gl prácticas

es contrato en prácticas

es contrato de trabajo en prácticas

es prácticas

en work experience contract

en traineeship¹

en internship¹

contrato escrito *loc.s.m.*

Contrato de traballo no que a súa natureza e condicións se for-

malizan a través dun documento asinado polas partes.

es contrato escrito

en written contract

contrato eventual *loc.s.m.* Contrato que se concerta cun traballador para atender un aumento puntual do volume de actividade normal da empresa motivado por esixencias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedimentos.

gl contrato eventual por circunstancias da produción

es contrato eventual

es contrato eventual por circunstancias de la producción

es contrato de trabajo de eventualidad

en casual contract

en casual employment contract

contrato eventual por circunstancias da produción *loc.s.m.*

Véxase: contrato eventual

contrato fixo *loc.s.m.*

Véxase: contrato indefinido

contrato fixo descontínuo *loc.s.m.* Contrato que se concerta para a realización de traballos que teñan o carácter de fixos, pero que non se producen con continuidade, e que non se repiten en datas certas, dentro do volume de actividade normal da empresa.

gl contrato de traballo fixo descontínuo

es contrato fijo discontinuo

es contrato de trabajo fijo discontinuo

es contrato fijo de carácter discontinuo

en intermittent contract

en intermittent employment contract

contrato indefinido *loc.s.m.* Contrato concertado entre traballador e empresario no que non se establece un límite de tempo na prestación do servizo.

gl contrato fixo

gl contrato de traballo indefinido

es contrato indefinido

es contrato fijo

es contrato de trabajo indefinido

en permanent contract

en open-ended contract

en indefinite contract

contrato laboral *loc.s.m.*

Véxase: contrato de traballo

contrato para a formación *loc.s.m.* Contrato de duración determinada, que polo xeral se concerta con traballadores menores de 21 anos que carezan da titulación requirida para realizar un contrato en prácticas ou con desempregados menores de 24 anos que se incorporen como alumnos traballadores aos programas de escolas obradoiro e casas de oficios, co fin de que adquiren a formación teórica e práctica necesaria para o axeitado desempeño dun oficio ou posto de traballo que precise dun determinado nivel de cualificación.

NOTA: Este contrato substituíu o “contrato de aprendizaxe”.

gl contrato de traballo para a formación

es contrato de trabajo para la formación

es contrato para la formación

es contrato de formación

en contract of apprenticeship

en apprenticeship contract

en training contract

en situational interview

entrevista técnica *loc.s.f.* Entrevista na que o seleccionador está especializado nunha materia e formula diversas preguntas ao candidato para avaliar as súas experiencias e coñecementos sobre esta.

es entrevista técnica

en technical interview

entrevista telefónica *loc.s.f.* Entrevista preliminar que se desenvolve a través do teléfono e que, polo xeral, ten por obxecto descartar os candidatos menos idóneos ou entrevistar aqueles que non poden desprazarse á empresa que oferta o posto de traballo en cuestión.

gl entrevista por teléfono

es entrevista telefónica

es entrevista por teléfono

en telephone interview

en phone interview

entrevista virtual *loc.s.f.* Entrevista estruturada que se desenvolve a través de Internet.

gl entrevista en liña

es entrevista virtual

es entrevista electrónica

en virtual interview

en online interview

entrevistado, entrevistada *s.* Persoa á que se lle realiza unha entrevista.

es entrevistado, entrevistada

en interviewee

entrevistador, entrevistadora *s.* Persoa que se encarga de realizar as entrevistas de traballo nunha organización, co obxecto de identificar os candidatos máis idóneos para cubrir un posto vacante.

gl seleccionador, seleccionadora

es entrevistador, entrevistadora

es seleccionador, seleccionadora

en interviewer

entrevistas en serie *loc.s.f.pl.* Conxunto de entrevistas nas que varios seleccionadores, cada un deles especialista nunha materia determinada, avalían de forma sucesiva e individual a idoneidade da incorporación dun candidato á empresa.

gl entrevistas sucesivas

es entrevistas en serie

es entrevistas sucesivas

en series interview

entrevistas sucesivas *loc.s.f.pl.*

Véxase: entrevistas en serie

ERE *sigla*

Véxase: expediente de regulación de emprego

ergonomía *s.f.* Ciencia que estuda as condicións nas que se desenvolve unha actividade laboral co fin de adecuar os espazos de traballo e os equipamentos ás necesidades dos traballadores, para aumentar así a súa produtividade e evitar posibles danos á saúde.

es ergonómia
en ergonomics
en human factors
en biotechnology
en human engineering

escala salarial *loc.s.f.* Relación ordenada que recolle as retribucións básicas e os complementos para cada categoría profesional.

gl baremo salarial
es escala salarial
es baremo salarial
en pay scale
en salary scale
en wage scale

escola obradoiro *loc.s.f.* Programa público de formación e emprego dirixido a desempregados menores de 25 anos, coa finalidade de preparalos para o desenvolvemento dunha actividade profesional, que compaxina unha etapa formativa, de seis meses de duración, e outra de práctica profesional, de dezaoto meses de duración.

gl escola taller
es escuela taller
en workshop school

escola taller *loc.s.f.*

Véxase: escola obradoiro

especialización *s.f.* Adquisición de habilidades ou coñecementos avanzados sobre un ámbito determinado mediante a realización de estudos ou o exercicio dunha actividade.

es especialización
en specialisation [GB]
en specialization [US]

esquirol *s.m./f.*

Véxase: crebafolgas

estabilidade laboral *loc.s.f.* Garantía que ten un traballador de permanecer nunha organización, sempre que cumpra coas súas obrigas e a organización non prescinda do seu posto de traballo.

es estabilidad laboral
es estabilidad en el empleo
en job security
en employment security

estada *s.f.*

Véxase: estadía

estadía *s.f.* Permanencia nalgún posto, servizo, empresa ou institución durante un tempo determinado, co obxecto de realizar unha aprendizaxe ou mellora profesional.

gl estancia
gl estada
es estancia
en work experience placement

estancia *s.f.*

Véxase: estadía

Estatuto dos traballadores *n.proprio.* Corpo legal no que se regulan os dereitos e deberes dos traballadores e que constitúe a peza nuclear da lexislación laboral española.

gl ET
es Estatuto de los trabajadores
es ET
en Workers' Statute

estipendio *s.m.* Retribución que percibe un traballador pola realización dun traballo ou pola prestación dun servizo, xeralmente con carácter puntual e acordada de forma previa.

es estipendio
en stipend

estrés laboral *loc.s.m.* Estado de tensión continuada que padece o traballador cando percibe que as súas capacidades son inferiores ás esixencias profesionais que se lle impoñen.

gl estrés ocupacional
es estrés laboral
es estrés ocupacional
en work stress
en job stress
en occupational stress

estrés ocupacional *loc.s.m.*

Véxase: estrés laboral

estrutura do salario *loc.s.f.*

Véxase: estrutura salarial¹

estrutura salarial¹ *loc.s.f.* Conxunto dos diversos compoñentes ou conceptos en que se divide o salario que percibe un traballa-

dor, fixados no convenio colectivo aplicable ou no contrato de traballo.

gl estrutura do salario

gl composición do salario

es estrutura salarial¹

es estructura del salario

es composición salarial

es composición del salario

en salary structure¹

en pay structure¹

en wage structure¹

estrutura salarial² *loc.s.f.* Conxunto de relacións entre as diferentes rendas salariais existentes nunha organización ou sector de actividade.

es estructura salarial²

en salary structure²

en pay structure²

en wage structure²

estudo grafolóxico *loc.s.m.*

Véxase: análise grafolóxica

ET *sigla*

Véxase: Estatuto dos traballadores

ETT *sigla*

Véxase: empresa de traballo temporal

eventual *s.m.f.*

Véxase: traballador eventual, traballadora eventual

excedencia *s.f.* Suspensión voluntaria ou forzosa do contrato de traballo durante un tempo determinado, polas causas previstas no Estatuto dos traballadores.

es excedencia

en leave of absence

en extended leave of absence

excedencia forzosa *loc.s.f.* Suspensión do contrato de traballo debida ao exercicio polo traballador dun cargo público, de funcións sindicais ou debida ao cumprimento dun deber público, durante a que o traballador ten dereito á reserva do seu posto de traballo e a que o período de suspensión se compute para os efectos de antigüidade.

es excedencia forzosa

en mandatory leave

en mandatory leave of absence

excedencia voluntaria *loc.s.f.* Suspensión do contrato de traballo non inferior a catro meses nin superior a cinco anos, durante a que o traballador conserva un dereito preferente ao reingreso na empresa no caso de existir vacantes de igual ou similar categoría á súa.

es excedencia voluntaria

en leave on personal grounds

en discretionary leave of absence

expedientar *v.t.* Someter o traballador ou funcionario a unha investigación para determinar se os feitos que lle son imputados constitúen unha falta disciplinaria.

gl formar expediente

gl incoar un expediente

es expedientar

es abrir un expediente

es incoar un expediente

en bring disciplinary proceedings

expediente contradictorio *loc.s.m.* Procedemento previo á imposición dunha sanción a un representante dos traballadores no que se lle dá audiencia a este e ao resto dos representantes legais dos traballadores.

es expediente contradictorio

en adversary proceeding

expediente de regulación de emprego

loc.s.m. Procedemento administrativo-laboural dirixido a obter da autoridade laboral competente a autorización necesaria para suspender ou extinguir as relacións laborais cando concorran causas económicas, técnicas, organizativas, produtivas ou de forza maior.

gl ERE

es expediente de regulación de empleo

es ERE

en redundancy plan

en redundancy procedure

en labour force adjustment plan [GB]

en labor force adjustment plan [US]

expediente persoal *loc.s.m.* Conxunto de documentos relativos a un traballador, tales como a solicitude de emprego, certificados,

diplomas, currículo, informes periódicos da avaliación do rendemento ou partes de baixa, xestionados xeralmente polo departamento de persoal da empresa na que presta os seus servizos.

es expediente personal

en personal record

en personal history record

experiencia laboral *loc.s.f.*

Véxase: experiencia profesional

experiencia profesional *loc.s.f.* Exercicio continuado dun oficio ou profesión, que permite adquirir certos coñecementos e habilidades relacionados coa súa práctica.

gl experiencia laboral

es experiencia profesional

es experiencia laboral

en work experience

en professional experience

extensión do convenio colectivo *loc.s.f.*

Procedemento administrativo polo que se amplía o ámbito de aplicación dun conve-

nio colectivo vixente a unha pluralidade de empresas e traballadores que carecen da posibilidade de subscribir un convenio colectivo estatutario propio, debido á ausencia de partes lexitimadas para tal efecto.

es extensión del convenio colectivo

en extension of the agreement

extinción de contrato *loc.s.f.* Acción de deixar sen efecto un contrato válido pola presenza dunha causa existente no momento da súa sinatura ou sobrevida con posterioridade a esta.

gl resolución de contrato

gl terminación de contrato

gl finalización de contrato

es extinción de contrato

es resolución de contrato

es terminación de contrato

es finalización de contrato

en termination of contract

en end of contract

en release from contract

falso autónomo, falsa autónoma *loc.s.*

Véxase: autónomo dependente, autónoma dependente

falta *s.f.* Infracción cometida por un traballador, tipificada como leve, grave ou moi grave por disposición legal ou convencional, que pode ser obxecto dunha sanción proporcional á referida infracción.

es falta

en offense [GB]

en offence [US]

en misconduct

familia profesional *loc.s.f.* Conxunto de profesións que requiren aptitudes, titulacións ou contidos xerais afíns, e que concorren nun mesmo sector de actividade, ou en distintos, pero con características comúns.

es familia profesional

en job family

en job cluster

en occupational family

federación sindical *loc.s.f.* Asociación nacional ou internacional que agrupa diferentes sindicatos co fin de obter mellores resultados no desenvolvemento da actividade sindical.

es federación sindical

en federation of trade unions

en union federation

en trade union federation

feira de emprego *loc.s.f.*

Véxase: foro de emprego

fiesta *s.f.* Día no que non existe a obriga de traballar, pero si o dereito a retribución, por coincidir cunha festividade de carácter relixioso ou civil.

gl día festivo

gl día de festa

gl día non laborable

gl día non laborábel

es día festivo

es día feriado

es día no laborable

es fiesta

es fiesta laboral

en holiday¹

en bank holiday [GB]

en legal holiday

en public holiday

en non-working day

ficheiro de persoal *loc.s.m.* Arquivo, xeralmente informatizado, que contén datos das persoas que traballan ou traballaron para a organización, ou que solicitaron emprego nesta.

gl arquivo de persoal

es fichero de personal

es archivo de personal

en personnel file

en employee file

en personnel record

en employee record

filón de emprego *loc.s.m.* Sector profesional no que se prevé a creación de novos postos de traballo, polo xeral como consecuencia dos cambios tecnolóxicos producidos ou polos novos hábitos sociais adquiridos.

gl xacemento de emprego

es yacimiento de empleo

es cuenca de empleo

en source of new jobs

finalización de contrato *loc.s.f.*

Véxase: extinción de contrato

firma de contrato *loc.s.f.*

Véxase: sinatura de contrato

flexibilidade laboral *loc.s.f.* Facultade empresarial para adaptar os recursos humanos ás condicións xerais do mercado ou ás circunstancias particulares da súa actividade.

es flexibilidad laboral

es flexibilidad del trabajo

es flexibilidad del mercado laboral

en labour market flexibility [GB]

en labor market flexibility [US]

en labour flexibility [GB]

en labor flexibility [US]

flexiseguridade *s.f.* Enfoque global do mercado de traballo que se propón combinar a flexibilidade das modalidades contractuais, a seguridade no emprego e unha xestión adaptada dos períodos de transición.

NOTA: Acrónimo de “flexibilidade” e “seguridade”, creado nos anos noventa para referirse ás reformas laborais realizadas nos Países Baixos e que conta con relativa difusión.

es flexiseguridad

es flexiguridad

en flexicurity

FOGASA *sigla*

Véxase: Fondo de Garantía Salarial

folga *s.f.* Cesamento temporal do traballo acordado colectivamente polos traballadores ou polos seus representantes como medida de presión para a defensa dos seus intereses.

es huelga

en strike

folga abusiva *loc.s.f.* Folga na que os traballadores realizan unha alteración ou cesamento temporal da súa actividade laboral, pero limitando anticipadamente o seu ámbito de aplicación a aqueles que, pola súa posición, poidan desencadear a paralización xeral do proceso produtivo.

es huelga abusiva

en abusive strike

folga con ocupación *loc.s.f.* Folga na que os traballadores realizan un cesamento temporal da súa actividade laboral ocupando o centro de traballo ou algunha das súas dependencias.

es huelga con ocupación

es huelga con ocupación del lugar de trabajo

en sit-down

en sit-down strike

folga de celo *loc.s.f.* Folga impropia, por canto non existe un auténtico cesamento do traballo, senón que os traballadores alteran a súa actividade laboral mediante o cumprimento estrito e literal do regulamento e instrucións existentes, co obxecto de provocar unha diminución do rendemento.

gl folga de regulamento

es huelga de celo

es huelga de reglamento

en work to rule

en work-to-rule

en work-to-rule strike

folga de regulamento *loc.s.f.*

Véxase: folga de celo

folga de sector *loc.s.f.*

Véxase: folga sectorial

folga de solidariedade *loc.s.f.* Folga na que os traballadores realizan un cesamento temporal da súa actividade laboral para apoiar as reivindicacións dos traballadores doutra organización.

es huelga de apoyo

es huelga de simpatía

es huelga de solidaridad

en sympathy strike

en sympathetic strike

en solidarity strike

folga estratéxica *loc.s.f.* Folga na que só os traballadores dun sector estratéxico da produción realizan un cesamento temporal da súa actividade laboral, pero que consegue paralizar todo o proceso produtivo da organización.

gl folga neurálxica

gl folga selectiva

es huelga estratégica

es huelga selectiva
es huelga tapón
es huelga neurálgica
es huelga trombosis
en key strike
en strategic strike
en selective strike

folga ilegal *loc.s.f.* Folga que rompe a proporcionalidade e sacrificios que resultan esixibles ás partes en conflito.

gl folga ilícita
es huelga ilegal
es huelga ilícita
en illegal strike
en unofficial strike
en unlawful strike

folga ilícita *loc.s.f.*

Véxase: folga ilegal

folga indefinida *loc.s.f.* Folga na que os traballadores realizan un cesamento da súa actividade laboral por un tempo ilimitado, ata conseguiren as súas reivindicacións.

gl folga por tempo indeterminado
gl folga por tempo indefinido
es huelga indefinida
es huelga por tiempo indeterminado
es huelga por tiempo indefinido
en indefinite strike
en unlimited strike

folga intermitente *loc.s.f.* Folga na que a súa execución se divide en varios momentos, distribuídos dentro do día ou en ciclos temporais superiores.

es huelga intermitente
en on-off strike
en intermittent strike

folga legal *loc.s.f.* Folga que cumpre todos os requirimentos establecidos pola lei ou polo convenio colectivo de aplicación.

gl folga lícita
es huelga legal
es huelga lícita
en legal strike
en official strike
en lawful strike

folga lícita *loc.s.f.*

Véxase: folga legal

folga neurálgica *loc.s.f.*

Véxase: folga estratéxica

folga novadora *loc.s.f.* Folga que ten por obxecto alterar o pactado nun convenio colectivo, durante o seu período de vixencia.

es huelga novatoria
en wildcat strike¹
en mid-term strike

folga parcial *loc.s.f.* Folga que se dirixe só a unha parte dos traballadores afectados polo conflito.

es huelga parcial
en partial strike

folga por tempo indefinido *loc.s.f.*

Véxase: folga indefinida

folga por tempo indeterminado *loc.s.f.*

Véxase: folga indefinida

folga rotatoria *loc.s.f.* Folga que ten lugar cando determinados grupos de traballadores, por categorías ou seccións, paralizan a súa actividade, de forma sucesiva e en cadea, ocasionando un dano grave á empresa.

es huelga rotatoria
es huelga por turnos
en rotating strike

folga salvaxe *loc.s.f.* Folga pola que os traballadores realizan un cesamento temporal da súa actividade laboral de xeito espontáneo, á marxe dos procedementos legalmente previstos para a súa convocatoria ou desenvolvemento.

gl folga sorpresa
es huelga salvaje
es huelga espontánea
es huelga sorpresa
es huelga sin control sindical
es huelga relámpago
en wildcat strike²
en spontaneous strike
en lightning strike
en flash strike
en quickie strike

folga sectorial *loc.s.f.* Folga na que os traballadores dun sector de actividade deter-

minado realizan un cesamento temporal da súa actividade laboral.

gl folga de sector
es huelga de sector
es huelga sectorial
en sector strike
en industry strike

folga selectiva *loc.s.f.*

Véxase: folga estratéxica

folga simbólica *loc.s.f.* Folga pola que os traballadores realizan un cesamento da súa actividade laboral, de curta duración, para expresar unha reivindicación non relacionada necesariamente coa súa situación laboral.

es huelga simbólica
en symbolic strike

folga sorpresa *loc.s.f.*

Véxase: folga salvaxe

folga total *loc.s.f.* Folga que se dirixe á totalidade dos traballadores afectados polo conflito.

es huelga total
en all-out strike
en total strike

folga xeral *loc.s.f.* Folga na que os traballadores realizan un cesamento temporal da súa actividade laboral na maioría dos sectores de actividade dun determinado territorio.

es huelga general
en general strike
en full strike

folguista *s.m./f.* Persoa que participa nunha folga de traballadores.

es huelguista
en striker

Fondo de Garantía Salarial *n.propio.*

Organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito ao Ministerio de Traballo e Inmigración, que garante aos traballadores os salarios pendentes, así como as indemnizacións por despedimento ou extinción da relación laboral pendentes de pagamento a causa de insolvencia ou concurso do empresario.

gl FOGASA
es Fondo de Garantía Salarial

es FOGASA

en Wage Guarantee Fund

formación *s.f.* Conxunto de actividades destinadas a mellorar e actualizar as capacidades, habilidades, actitudes e aptitudes dos traballadores dunha organización, así como a favorecer a adaptación destes aos cambios técnicos ou funcionais que afecten o seu posto de traballo.

es formación

en training

formación a distancia *loc.s.f.* Formación profesional que se imparte a través de Internet, correo postal ou outros medios, que se caracteriza por ser non presencial, agás para a realización de exames ou con carácter esporádico, e para a que se emprega unha metodoloxía específica.

gl aprendizaxe a distancia

es formación a distancia

en distance learning

formación á medida *loc.s.f.* Formación profesional adaptada ás necesidades específicas dunha organización.

es formación a medida

en customised training [GB]

en customized training [US]

en tailored training

formación combinada *loc.s.f.*

Véxase: formación mixta

formación continua *loc.s.f.* Formación profesional que a organización imparte de forma continuada para mellorar, actualizar ou reciclar as capacidades, habilidades, actitudes e aptitudes dos seus traballadores, co obxecto de que desempeñen con eficiencia as súas tarefas habituais.

es formación continua

es formación continuada

es formación permanente

en continuing professional training

en continuing vocational training

en continuous professional training

formación de actualización *loc.s.f.*

Véxase: formación de reciclaxe

formación de persoal *loc.s.f.* Formación profesional impartida pola organización para mellorar e actualizar as capacidades, habilidades, actitudes e aptitudes dos seus traballadores, así como para favorecer a adaptación destes aos cambios técnicos ou funcionais que afecten o seu posto de traballo.

es formación de personal

en staff training²

en personnel training

formación de reciclaxe *loc.s.f.* Formación profesional que a organización imparte aos seus traballadores para adaptar as súas capacidades, habilidades, actitudes e aptitudes aos novos procesos, materiais ou tecnoloxías introducidos na súa área de actividade.

gl formación de actualización

es formación de reciclaje

es formación de actualización

en retraining¹

en recycling¹

en refresher training

formación en liña *loc.s.f.* Formación que se imparte a través das novas tecnoloxías para ofrecer ao usuario contidos formativos interactivos ou personalizados, con independencia do momento ou lugar nos que se desenvolve.

gl aprendizaxe en liña

es teleformación

es formación en línea

es aprendizaje en línea

es aprendizaje electrónico

en e-learning

en electronic learning

en online learning

formación en prevención de riscos laborais *loc.s.f.* Formación profesional que ten por obxecto evitar posibles riscos derivados da prestación do traballo.

gl formación preventiva

gl formación en seguridade laboral

es formación en prevención de riesgos laborales

es formación preventiva

es formación en seguridade laboral

en training in occupational risk prevention

formación en seguridade laboral *loc.s.f.*

Véxase: formación en prevención de riscos laborais

formación en servizo *loc.s.f.* Formación profesional que adquire un traballador a través da experiencia lograda no exercicio dunha ocupación ou actividade profesional.

es formación en servizo

es formación práctica

en in-service training

formación externa *loc.s.f.* Formación profesional que se imparte nun centro privado, fóra das instalacións da empresa na que o traballador presta os seus servizos.

gl formación fóra da empresa

es formación externa

es formación fuera de la empresa

en external training

en off-the-job training

en outside training

formación fóra da aula *loc.s.f.*

Véxase: formación vivencial

formación fóra da empresa *loc.s.f.*

Véxase: formación externa

formación individualizada *loc.s.f.* Formación profesional que se imparte a un traballador de forma que poida mellorar e actualizar as súas competencias, habilidades, actitudes e aptitudes ao seu propio ritmo, e segundo as súas capacidades e necesidades.

es formación individualizada

en one-to-one training

en individual training

formación interna *loc.s.f.* Formación profesional, confeccionada á medida, e que se imparte nas propias instalacións da organización, ben a cargo da propia empresa ou ben a cargo de consultores externos.

gl formación na empresa

es formación interna

es formación en la empresa

en in-house training

en in-company training

formación mixta *loc.s.f.* Formación que combina os elementos da formación a distancia e os da formación presencial.

gl formación combinada

es formación mixta

es formación combinada

en blended learning

en b-learning

formación na empresa *loc.s.f.*

Véxase: formación interna

formación no posto de traballo *loc.s.f.*

Formación que recibe un traballador ao tempo que executa as tarefas habituais do seu posto de traballo, e que presupón o dereito á adaptación da súa xornada laboral para participar en cursos de formación, así como á concesión dos permisos oportunos de formación e perfeccionamento profesional, con reserva do posto de traballo.

es formación en el puesto de trabajo

en on-the-job training

formación ocupacional *loc.s.f.*

Véxase: formación profesional ocupacional

formación presencial *loc.s.f.*

Formación profesional que se imparte a través do contacto directo entre formador e traballadores.

es formación presencial

en classroom training

en in-class training

en presential training

formación preventiva *loc.s.f.*

Véxase: formación en prevención de riscos laborais

formación profesional *loc.s.f.* Formación

que ten por obxecto preparar unha persoa para o exercicio dunha profesión ou actividade profesional.

es formación profesional

en career training

en vocational training

formación profesional ocupacional *loc.s.f.*

Conxunto de accións dirixidas a persoas en idade de traballar, coa finalidade de proporcionarlles unha formación e as cualifica-

cións requiridas polo mercado de traballo, que permitan a súa inserción ou promoción laboral.

gl formación ocupacional

es formación profesional ocupacional

es formación ocupacional

en occupational training

formación vivencial *loc.s.f.* Formación pro-

fesional, polo xeral de carácter lúdico, que se desenvolve fóra do ambiente laboral, e en equipos, co fin de identificar e favorecer determinadas capacidades, habilidades, actitudes e aptitudes no persoal da organización.

gl formación fóra da aula

es formación vivencial

es formación fuera de entorno

en outdoor training

formalización de contrato *loc.s.f.* Proceso

polo que se lle dá forma xurídica a un contrato mediante a determinación do obxecto e contido da prestación laboral.

es formalización de contrato

en entry into the contract

en formalisation of the contract [GB]

en formalization of the contract [US]

en legalization of the contract [US]

formar expediente *loc.v.*

Véxase: expedientar

formulario de candidatura *loc.s.m.*

Véxase: solicitude de emprego

foro de emprego *loc.s.m.* Evento destinado a

facilitar aos cidadáns un encontro con empresas ou institucións empresariais e de formación, co fin de favorecer o contacto entre a oferta e a demanda de emprego, difundir a cultura emprendedora e achegalos aos distintos programas de formación e orientación profesional.

gl feira de emprego

es foro de empleo

es feria de empleo

en job fair

en job convention

forza maior *loc.s.f.* Acontecemento imprevisto e inevitable que exime do cumprimento dunha obriga.

gl caso de forza maior

es fuerza mayor

es caso de fuerza mayor

en act of God

en force majeure

funcionario, funcionaria *s.* Persoa que ocupa unha praza na Administración pública, da que é titular, e pola que recibe unha retribución.

gl empregado público, empregada pública

es funcionario, funcionaria

es empleado público, empleada pública

en public official

en civil servant

en public servant

en civil officer

garda *s.f.* Servizo que prestan fóra do horario habitual de traballo determinados profesionais ou establecementos.

es guardia

en duty¹

en stand-by duty

graduado social, graduada social *loc.s.*

Técnico en materias sociais e laborais que asesora, representa e xestiona todos aqueles asuntos laborais e de Seguridade Social que lle sexan encomendados polos particulares, pola Administración ou por terceiros.

NOTA: A pesar de que a Diplomatura en Relacións Laborais substituíu en 1990 a Diplomatura en Graduado Social, a denominación do profesional segue a ser a de “graduado/a social”.

gl diplomado en relacións laborais, diplomada en relacións laborais

es graduado social, graduada social

es diplomado en relaciones laborales, diplomada en relaciones laborales

en labor relations specialist [US]

en labour officer [GB]

en industrial relations specialist

grande invalidez *loc.s.f.* Situación na que se atopa o traballador afectado de incapacidade permanente e que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesita da asistencia dunha terceira per-

soa para realizar os actos máis esenciais da vida.

es gran invalidez

en severe disability

grao de incapacidade permanente *loc.s.m.*

Porcentaxe da redución, diminución ou anulación da capacidade de traballo dunha persoa, que pode constituír incapacidade permanente parcial, total, absoluta ou grande invalidez, e que pode atribuír un dereito a prestacións da Seguridade Social.

es grado de incapacidad permanente

es grado de invalidez

en degree of disability

gratificación *s.f.* Cantidade que percibe un traballador pola realización dun servizo eventual.

es gratificación¹

es premio

en bonus²

gratificación extraordinaria *loc.s.f.*

Véxase: paga extraordinaria

grupo profesional *loc.s.m.* Unidade clasificatoria que agrupa unitariamente as aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación, podendo incluír tanto diversas categorías profesionais como distintas funcións ou especialidades profesionais.

es grupo profesional

en occupational group

en job group

homologación *s.f.* Confirmación oficial da obtención dun título académico ou profesional.

es homologación

en recognition

honorarios *s.m.pl.* Retribución que percibe un profesional liberal pola prestación dun servizo.

es honorarios

en fee

hora complementaria *loc.s.f.* Hora cuxa posibilidade de realización fora acordada, como adición ás horas ordinarias pactadas no contrato a tempo parcial de duración indefinida, conforme ao réxime xurídico establecido no Estatuto dos traballadores e, no seu caso, nos convenios colectivos sectoriais ou de ámbito inferior.

NOTA: Termo usado xeralmente en plural.

es hora complementaria

en additional hour

hora estrutural *loc.s.f.*

Véxase: hora extraordinaria estrutural

hora extra *loc.s.f.*

Véxase: hora extraordinaria

hora extra estrutural *loc.s.f.*

Véxase: hora extraordinaria estrutural

hora extraordinaria *loc.s.f.* Hora de traballo efectivo que realiza o traballador sobre a duración máxima da súa xornada ordinaria de traballo.

NOTA: Termo usado xeralmente en plural.

gl hora extra

es hora extraordinaria

es hora extra

en overtime

en hour of overtime

hora extraordinaria estrutural *loc.s.f.*

Hora de traballo necesaria para atender pedimentos imprevistos, períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambios de quenda ou outras circunstancias estruturais derivadas da natureza da actividade da que se trate, sempre que non poida ser substituída polas modalidades de contratación previstas legalmente.

NOTA: Termo usado xeralmente en plural.

gl hora extra estrutural

gl hora estrutural

es hora extraordinaria estrutural

es hora extra estrutural

es hora estrutural

en structural overtime

en hour of structural overtime

horario de traballo *loc.s.m.* Horario a través do que se distribúe o período de traballo e descanso, indicando o principio e o fin da xornada diaria.

gl horario laboral

es horario de trabajo

es horario laboral

en hours of work

en working hours¹

en work schedule

en working time¹

horario fixo *loc.s.m.* Horario no que o traballador debe permanecer no seu lugar de traballo, desde a hora fixada como inicio ata a prevista para o seu fin.

gl horario ríxido

es horario fijo

es horario ríxido

en fixed schedule

en fixed work schedule

horario flexíbel *loc.s.m.*

Véxase: horario flexible

horario flexible *loc.s.m.* Horario no que cada traballador pode iniciar e rematar a xornada dentro de certas marxes de coincidencia co resto do persoal, sempre que así o dispoña o convenio colectivo aplicable ou, no seu defecto, o acorde co empresario.

gl horario flexíbel

es horario flexible

en flexible schedule

en flexible work schedule

en flexitime

en flexitime

horario laboral *loc.s.m.*

Véxase: horario de traballo

horario ríxido *loc.s.m.*

Véxase: horario fixo

idade de xubilación *loc.s.f.* Idade a partir da cal un traballador pode acceder á pensión de xubilación.

es edad de jubilación

en retirement age

en pension age

en pensionable age

igualdade *s.f.* Principio que reconece a todos os cidadáns capacidade para os mesmos dereitos, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, idade, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

es igualdad

en equality

igualdade de oportunidades *loc.s.f.*

Principio polo que todas as persoas deben ter a posibilidade de acceder a un posto de traballo, formación, promoción, salario, participación sindical ou despedimento, nas mesmas condicións que as demais, sen poder ser discriminadas por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, idade, opinión ou calquera outro motivo non ocupacional.

es igualdad de oportunidades

en equal opportunity

en equal opportunities

en equality of opportunity

en equality of opportunities

igualdade de tratamento *loc.s.f.* Principio que supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, idade, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

gl igualdade de trato

es igualdad de trato

en equal treatment

en equality of treatment

igualdade de trato *loc.s.f.*

Véxase: igualdade de tratamento

igualdade retributiva *loc.s.f.*

Véxase: igualdade salarial

igualdade salarial *loc.s.f.* Principio polo que o empresario está obrigado a pagar pola prestación dun mesmo traballo, ou pola prestación dun traballo de igual valor, a mesma retribución, calquera que sexa a natureza desta, salarial ou extrasalarial, e sen que poida producirse discriminación en ningún dos elementos ou condicións daquela.

gl igualdade retributiva

gl paridade salarial

es igualdad salarial

es igualdad retributiva

es paridad salarial

en equal pay

en pay equity

en pay parity

inactividade laboral *loc.s.f.* Situación na que se atopa o traballador mentres carece de actividade laboral ou profesional.

es inactividad laboral

en professional inactivity

en economic inactivity

inaplicación salarial *loc.s.f.*

Véxase: desvinculación salarial

incapacidade laboral *loc.s.f.* Situación física ou psíquica, acreditada de forma obxectiva e evidenciada mediante documento médico, que priva unha persoa da posibi-

lidade de prestar actividades laborais, profesionais ou empresariais, con carácter temporal ou definitivo.

es incapacidad laboral

es incapacidad profesional

en incapacity for work

en work disability

incapacidade permanente *loc.s.f.* Situación, derivada normalmente dunha declaración de incapacidade temporal, na que se atopa un traballador que, despois de estar sometido ao tratamento prescrito e de recibir a alta médica, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves, susceptibles de determinación obxectiva e previsiblemente definitivas, que diminúan ou anulen a súa capacidade laboral.

NOTA: A denominación “invalidéz permanente” foi substituída por “incapacidade permanente”. Así e todo, adoita utilizarse “invalidéz” como sinónimo.

gl invalidez

es incapacidad permanente

es invalidez

en permanent disability

incapacidade permanente absoluta *loc.s.f.* Incapacidade permanente que inhabilita por completo o traballador para calquera tipo de profesión ou oficio.

es incapacidad permanente absoluta

en permanent absolute disability

incapacidade permanente parcial *loc.s.f.* Incapacidade permanente que ocasiona ao traballador unha diminución non inferior ao 33% no seu rendemento normal para a súa profesión habitual, sen impedirlle a realización das tarefas fundamentais desta.

es incapacidad permanente parcial

en permanent partial disability

incapacidade permanente total *loc.s.f.* Incapacidade permanente que inhabilita o traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas da súa profesión habitual, sempre que poida dedicarse a outra distinta.

es incapacidad permanente total

en total and permanent disability

incapacidade permanente total cualificada *loc.s.f.* Modalidade de incapacidade permanente total para a profesión habitual que se lles recoñece ás persoas que, pola súa idade, falta de preparación ou polas circunstancias sociolaborais do lugar de residencia, se presume que teñen maiores dificultades para atopar un emprego nunha actividade diferente da habitual anterior, e que se traduce nunha mellora na contía da prestación.

es incapacidad permanente total cualificada

en qualified total and permanent disability

incapacidade temporal *loc.s.f.* Calquera alteración da saúde que, precisando asistencia sanitaria da Seguridade Social, impida temporalmente a continuidade da prestación de servizos.

NOTA: A denominación “incapacidade laboral transitoria” foi substituída por “incapacidade temporal”, polo que na actualidade só esta última se considera válida.

es incapacidad temporal

en temporary disability

incentivo *s.m.*

Véxase: prima

incentivo salarial *loc.s.m.* Complemento salarial que percibe un traballador en función do seu rendemento no traballo, como estímulo para mellorar a súa produtividade.

es incentivo salarial

en incentive pay

incoar un expediente *loc.v.*

Véxase: expedientar

incompatibilidade *s.f.* Impedimento ou tacha legal para realizar unha función determinada ou desempeñar máis dun cargo ao mesmo tempo.

es incompatibilidad

en incompatibility

incompetencia *s.f.* Falta dos coñecementos, capacidades ou habilidades necesarios para a realización dun traballo ou a prestación dun servizo.

es incompetencia

en incompetence

incorporación *s.f.* Inclusión do traballador no cadro de persoal da organización.

gl ingreso

es incorporación

es ingreso

en admission

en joining

incremento salarial *loc.s.m.*

Véxase: aumento salarial

indemnización por danos e perdas *loc.s.f.*

Compensación económica á que ten dereito o acredor ou prexudicado por parte daqueles que, no cumprimento das súas obrigas, incorreran en dolo, negligencia ou morosidade, ou que contraviñeran o teor daquelas.

es indemnización por daños y perjuicios

en damages

indemnización por despedimento *loc.s.f.*

Compensación económica á que ten dereito o traballador con motivo da extinción da relación laboral por iniciativa do empresario.

gl indemnización por despido

es indemnización por despido

en severance pay

en severance payment

en termination payment

en termination pay

indemnización por despido *loc.s.f.*

Véxase: indemnización por despedimento

índice de absentismo *loc.s.m.* Porcentaxe

que expresa a relación entre o número de horas de traballo perdidas pola inasistencia dun traballador ao seu posto, durante un período determinado, e o número total de horas de traballo pactadas inicialmente.

gl taxa de absentismo

es índice de absentismo

es tasa de absentismo

en rate of absenteeism

en absenteeism rate

índice de mobilidade de emprego *loc.s.m.*

Véxase: taxa de mobilidade laboral

índice de mobilidade laboral *loc.s.m.*

Véxase: taxa de mobilidade laboral

índice de rotación de persoal *loc.s.m.*

Véxase: taxa de rotación de persoal

ineficacia *s.f.* Falta de aptitude ou capacidade do traballador para realizar unha tarefa ou desenvolverse no seu posto de traballo.

es ineficacia

en inefficiency

ineptitude *s.f.* Falta de idoneidade física, mental ou xurídica do traballador para realizar as tarefas habituais do seu posto de traballo, que pode ser motivo de despedimento cando sexa sobrevida ou coñecida con posterioridade á súa colocación efectiva na empresa.

es ineptitud

en inadequacy

en ineptitude

informe de vida laboral *loc.s.m.* Documento

oficial no que se recollen o réxime ou réximes da Seguridade Social nos que estivo dado de alta o traballador, os períodos de cotización, as datas de altas e baixas, as organizacións coas que se asinaron os contratos de traballo e o tipo de xornada laboral prestada.

es informe de vida laboral

en work history report

informe do candidato *loc.s.m.* Documento

que recolle os resultados da avaliación dun candidato finalista nun proceso de selección de persoal, así como as características profesionais e persoais que determinan a súa idoneidade para ocupar o posto de traballo ofertado.

es informe del candidato

en candidate report

infracción laboral *loc.s.f.* Toda acción ou

omisión do empresario ou do traballador que implique violación da lexislación laboral ou de Seguridade Social e que xera responsabilidade administrativa.

es infracción laboral

en labour offence [GB]

en labor offense [US]

en breach of labour law [GB]

en breach of labor law [US]

ingreso *s.m.*

Véxase: incorporación

inhabilitación *s.f.* Sanción de carácter temporal ou definitivo imposta ao traballador, pola que se lle prohíbe exercer unha profesión, ocupar un posto de traballo ou desempeñar un determinado cargo.

es inhabilitación

en disqualification

en professional disqualification

iniciativa no traballo *loc.s.f.* Calidade do traballador que actúa con autonomía, aplica os seus coñecementos e toma decisións durante a realización dun traballo ou no exercicio dunha función.

es iniciativa en el trabajo

en initiative at work

insatisfacción laboral *loc.s.f.* Sensación de malestar que experimenta o traballador na realización do seu traballo, cando non responde ás súas expectativas, intereses ou necesidades.

gl insatisfacción no traballo

es insatisfacción laboral

es insatisfacción en el trabajo

en job dissatisfaction

en work dissatisfaction

insatisfacción no traballo *loc.s.f.*

Véxase: insatisfacción laboral

inscrición de empresa *loc.s.f.* Acto administrativo, que constitúe un requisito único e indispensable, polo que as empresas poñen en coñecemento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social o inicio da súa actividade e solicitan a súa inclusión no correspondente réxime da Seguridade Social.

NOTA: O acto de inscrición é único e válido para todo o Estado e para toda a vida da empresa.

es inscrición de empresa

en business registration

en company registration

inserción laboral *loc.s.f.* Proceso de incorporación ao mercado de traballo de persoas

en situación de risco ou de exclusión laboral e social, polo xeral a través dun programa de orientación profesional posto en marcha por servizos públicos de emprego ou por empresas.

NOTA: Este proceso diríxese principalmente aos grupos máis afectados polo desemprego e, en especial, ás persoas novas, mulleres, persoas con discapacidades, parados con máis de 45 anos e parados de longa duración.

gl inserción profesional

es inserción laboral

es inserción profesional

en work integration

en professional integration

en occupational integration

inserción profesional *loc.s.f.*

Véxase: inserción laboral

insolvencia *s.f.* Estado patrimonial da persoa física ou xurídica que non pode satisfacer regularmente as obrigas adquiridas cos seus acredores.

es insolvencia

en insolvency

Inspección de Traballo e Seguridade Social *n.propio.* Organismo da Administración pública encargado de velar polo adecuado cumprimento das normas laborais, de prevención de riscos laborais, de Seguridade Social e protección social, de colocación, emprego e protección por desemprego, de cooperativas, de movementos migratorios e traballo de estranxeiros, e de cantas outras materias lle sexan atribuídas.

es Inspección de Trabajo y Seguridad Social

en Labour Inspectorate [GB]

en Labor Inspectorate [US]

inspector de Traballo e Seguridade Social, inspectora de Traballo e Seguridade Social *loc.s.* Funcionario do Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social, que ten o cometido de vixiar e esixir o cumprimento das normas legais ou regulamentarias e o contido normativo dos convenios colectivos, contando

con atribucións adicionais de asistencia técnica e arbitraje, conciliación e mediación.

es inspector de Trabajo y Seguridad Social, inspectora de Trabajo y Seguridad Social

en labour inspector [GB]

en labor inspector [US]

intelixencia emocional *loc.s.f.* Capacidade dunha persoa para identificar os sentimentos propios e alleos, e controlalos ou potencialos segundo a influencia que exerzan nos demais.

es inteligencia emocional

en emotional intelligence

interino, interina *s.* Persoa contratada para substituír temporalmente un traballador, polo xeral, un empregado público con dereito á reserva do seu posto de traballo, ou para cubrir temporalmente un posto ata a súa cobertura definitiva.

gl traballador interino, traballadora interina

es interino, interina

es trabajador interino, trabajadora interina

en fixed-term worker¹

en interim worker

intermediación laboral *loc.s.f.* Actividade que ten por obxecto vincular as ofertas e demandas de emprego, e que pode levarse a cabo tanto por oficinas públicas de emprego como por axencias privadas de colocación.

es intermediación laboral

en labour intermediation [GB]

en labor intermediation [US]

en labour market intermediation [GB]

en labor market intermediation [US]

interrupción da carreira profesional *loc.s.f.* Período de suspensión temporal da carreira profesional dun traballador debido a motivos familiares, de formación ou outros.

es interrupción de la carrera profesional

en career break

intraempendedor, intraemprededora

s. Traballador que conta coa iniciativa e resolución necesarias para ampliar ou mellorar a actividade da organización para a que presta a súa actividade laboral, mediante a creación de novos produtos, procesos ou servizos.

es intraempendedor, intraemprededora

es emprendedor interno, emprendedora interna

es emprendedor corporativo, emprendedora corporativa

en intrapreneur

intrusismo *s.m.* Exercicio dunha actividade profesional determinada por unha persoa non titulada, autorizada ou habilitada expresamente para tal efecto, que pode ser constitutivo de delito.

es intrusismo

en unauthorized practice

en unfair practice

en unlicensed practice

invalidéz *s.f.*

Véxase: incapacidade permanente

inventario de postos de traballo *loc.s.m.*

Véxase: catálogo de postos de traballo

itinerario de inserción *loc.s.m.* Conxunto de accións personalizadas desenvolvidas por servizos públicos de emprego ou por empresas de inserción que teñen por obxecto lograr a incorporación ao mercado de traballo das persoas en situación de risco ou de exclusión laboral e social.

es itinerario de inserción

en integration path

itinerario profesional *loc.s.m.*

Véxase: traxectoria profesional

laudo arbitral *loc.s.m.* Decisión ditada por un árbitro nun procedemento de resolución extraxudicial de conflitos de traballo, que ten carácter vinculante para as partes, produce efectos de cousa xulgada e pode ser impugnada polas causas previstas ante a xurisdición laboral.

es laudo arbitral
en arbitration award
en arbitral award

liberado, liberada *s.* Representante dos traballadores que dedica todo o tempo de traballo debido á empresa, por acumulación do seu crédito horario e o doutros representantes, á promoción e defensa dos intereses dos traballadores.

es liberado, liberada
en employee on representation leave
en employee on union leave

liberdade de asociación *loc.s.f.* Dereito das persoas a constituír libremente grupos ou asociacións con obxectivos lícitos, así como de unirse a eles ou de retirarse destes.

es libertad de asociación
en freedom of association¹

liberdade de contratación *loc.s.f.* Principio polo que toda persoa coa capacidade xurídica suficiente pode asinar contratos privados, con plena autonomía, sempre que non atenten contra as normas legais ou convencionais.

es libertad de contratación
en freedom of contract

liberdade sindical *loc.s.f.* Dereito fundamental dos traballadores a constituír sindicatos e a afiliarse ao da súa elección, e dos sin-

dicatos a formar confederacións e a fundar organizacións sindicais internacionais ou afiliarse a estas.

gl dereito de asociación sindical
es libertad sindical
es derecho de asociación sindical
en freedom of association²
en trade union freedom

libre designación *loc.s.f.* Proceso de provisión de postos de traballo, habitual na Administración pública, no que se selecciona de forma discrecional o candidato máis idóneo para ocupar un cargo ou posto determinado, fundamentado en motivos de confianza.

es libre designación
en direct appointment

libro de visitas *loc.s.m.* Libro oficial, en papel ou formato electrónico, obrigado en cada centro de traballo, no que os inspectores de Traballo anotan as dilixencias practicadas nas súas visitas.

es libro de visitas
en inspection log
en inspection report book

licenza *s.f.*

Véxase: permiso

licenza de estudos *loc.s.f.*

Véxase: permiso de estudos

licenza de formación *loc.s.f.*

Véxase: permiso de formación

líder *s.m.f.* Persoa que, nun grupo ou equipo, está ao mando, toma a iniciativa ou inflúe no comportamento dos demais membros.

es líder
en leader

liderado *s.m.* Calidade da persoa que exerce unha influencia dominante sobre un grupo, fomentando a confianza e o traballo en equipo de todos os seus integrantes.

es liderazgo

es liderato

en leadership

liquidación¹ *s.f.* Determinación das débedas e créditos existentes entre dúas persoas, físicas ou xurídicas, ou entre unha persoa e a Facenda pública ou a Seguridade Social.

es liquidación

en settlement

en liquidation

liquidación² *s.f.* Documento que certifica o pagamento das cantidades debidas polo empresario a un traballador como consecuencia da extinción da súa relación laboral.

gl recibo de liquidación

es finiquito

es recibo de saldo y finiquito

es recibo de finiquito

en receipt in full

en final receipt

en full and final settlement

lugar de traballo *loc.s.m.* Local ou ámbito no que se desenvolve o conxunto de actividades que interveñen na prestación laboral e que comprende os labores específicos, anexos e accesorios desta.

es lugar de trabajo

en place of work

en working place

man de obra *loc.s.f.* Conxunto de traballadores que integran o cadro de persoal dunha organización, sector de actividade ou territorio concreto.

es mano de obra

en labour [GB]

en labor [US]

en workforce¹

en labour force¹ [GB]

en labor force¹ [US]

en manpower¹

mantemento de emprego *loc.s.m.* Capacidade dun traballador de preservar o seu posto de traballo durante un período de tempo determinado.

gl conservación de emprego

es mantenimiento de empleo

es conservación de empleo

en job retention

manual de acollemento *loc.s.m.* Guía que se lles entrega aos novos traballadores dunha organización para informalos da súa estrutura xeral, do seu funcionamento interno, da natureza dos distintos postos de traballo e doutras cuestións prácticas co fin de favorecer a súa integración no novo lugar de traballo e facilitarlles a asimilación da cultura organizativa.

gl manual de acollida

gl manual do empregado

es manual de acogida

es manual del empleado

en employee handbook

en induction handbook

en orientation manual

manual de acollida *loc.s.m.*

Véxase: manual de acollemento

manual do empregado *loc.s.m.*

Véxase: manual de acollemento

masa salarial *loc.s.f.* Conxunto de retribucións salariais e extrasalariais, incluídas as cotizacións sociais, que perciben todos os traballadores dunha organización ou sector de actividade durante un período de tempo determinado.

es masa salarial

en wage bill

máster *s.m.* Curso de formación profesional especializada que se imparte nunha universidade ou escola de educación superior.

es máster

es maestría

en master's degree

media xornada *loc.s.f.* Xornada laboral na que un traballador dedica á súa actividade laboral a metade do número de horas considerado ordinario.

es media jornada

en half-time

mediación *s.f.* Procedemento de resolución extraxudicial de conflitos de traballo, no que intervén un terceiro designado polas partes ou instituído oficialmente, que terza na controversia facendo propostas de carácter non vinculante.

NOTA: Mentres que na “mediación” o órgano designado para actuar como intermediario pode realizar propostas e recomendacións, na “conciliación” non ten esta capacidade.

es mediación

en mediation

mediador, mediadora *s.* Persoa designada polas partes ou instituída oficialmente para intervir nun procedemento extraxudicial de resolución de conflitos de traballo, co obxecto de conseguir que as partes solucionen a súa controversia, a través de propostas ou recomendacións de carácter non vinculante.

NOTA: Mentres que ao “mediador” se lle permite realizar propostas e recomendacións, o “conciliador” non ten esta capacidade.

es mediador, mediadora

en mediator

en mediation officer

medidas de acción positiva *loc.s.f.pl.*

Medidas específicas acordadas en favor de determinados colectivos, para corrir situacións patentes de desigualdade de feito, sempre que sexan razoables e proporcionadas en relación co obxectivo perseguido.

es medidas de acción positiva

es discriminación positiva

en affirmative action [US]

en positive action

en positive discrimination [GB]

en reverse discrimination

mellora salarial *loc.s.f.*

Véxase: aumento salarial

mensualidade *s.f.* Retribución que percibe o traballador por cada mes de traballo.

es mensualidad

es mesada

en monthly salary

en monthly pay

en monthly wages

en month's salary

mentor, mentora *s.* Profesional con experiencia que transmite os seus coñecementos a outra persoa menos experimentada da mesma empresa, e a orienta no seu traballo diario, na consecución dos obxectivos previstos e no desenvolvemento da súa carreira profesional.

gl titor, titora

es mentor, mentora

es tutor, tutora

en mentor

mentorado, mentorada *s.* Traballador dunha organización que recibe a tutela profesional dun mentor para que o oriente no seu traballo diario, na consecución dos obxectivos previstos e no desenvolvemento da súa carreira profesional.

gl tutelado, tutelada

es mentorado, mentorada

es tutelado, tutelada

en mentee

mentoría *s.f.* Método de formación e desenvolvemento personalizado dos traballadores que se acaban de incorporar a unha organización ou que posúen menos experiencia mediante a tutela profesional dun superior xerárquico que os orientará no seu traballo diario, na consecución dos obxectivos previstos e no desenvolvemento da súa carreira profesional.

gl tutoría

es mentoría

es tutoría

en mentoring

en mentorship

mercado de traballo *loc.s.m.* Conxunto de regras e condicións que rexen a relación entre a oferta e a demanda de traballo.

gl mercado laboral

es mercado de trabajo

es mercado laboral

en labour market [GB]

en labor market [US]

en job market

en employment market

mercado laboral *loc.s.m.*

Véxase: mercado de traballo

mérito *s.m.* Logro dun candidato ou traballador que se valora positivamente nun proceso de selección ou de promoción de persoal.

es mérito

en merit

mesa de negociación *loc.s.f.*

Véxase: comisión negociadora

mesa negociadora *loc.s.f.*

Véxase: comisión negociadora

movilidade externa *loc.s.f.* Acceso dun traballador a un posto de traballo distinto noutra organización, que pode supoñer un cambio de sector ou mesmo un cambio xeográfico.

es movilidad externa

en external mobility

movilidade funcional *loc.s.f.* Facultade do empresario que se concreta na atribución ao traballador de funcións distintas ás inicialmente pactadas no contrato de traballo.

es movilidad funcional

en functional mobility

movilidade funcional ascendente *loc.s.f.*

Subtipo de mobilidade funcional, pola que o empresario encomenda temporalmente ao traballador a realización de funcións superiores ás do seu grupo profesional ou categorías equivalentes, e que xera o dereito deste a percibir a remuneración que corresponda ás novas funcións designadas.

es movilidad funcional ascendente

es movilidad ascendente

en upward mobility

movilidade funcional descendente *loc.s.f.*

Subtipo de mobilidade funcional, permitida só por razóns urxentes ou imprevisibles na actividade produtiva da organización, pola que o empresario encomenda temporalmente ao traballador funcións inferiores ás do seu grupo profesional ou categorías equivalentes, e que á súa vez implica o dereito deste a manter a retribución de orixe.

es movilidad funcional descendente

es movilidad descendente

en downward mobility

movilidade funcional horizontal *loc.s.f.*

Tipo de mobilidade funcional, pola que o empresario pode decidir libre e discrecionalmente o cambio de funcións do traballador, sen máis limitacións que as esixidas polas titulacións académicas ou profesionais precisas para exercer a prestación la-

boral e pola pertenza ao grupo profesional, e sen que en principio xere ningunha compensación para o traballador.

es movilidad funcional horizontal

es movilidad horizontal

en lateral transfer

en horizontal mobility

movilidade funcional vertical *loc.s.f.* Tipo

de mobilidade funcional, pola que o empresario encomenda ao traballador funcións distintas ás do seu grupo profesional ou categorías equivalentes, e que só poderá ter lugar polo tempo imprescindible cando se xa decidida unilateralmente polo empresario.

es movilidad funcional vertical

es movilidad vertical

en vertical mobility

movilidade interna *loc.s.f.* Acceso dun traballador a funcións distintas das inicialmente pactadas no seu contrato de traballo, que pode implicar tamén un cambio xeográfico.

es movilidad interna

en internal mobility

movilidade intersectorial *loc.s.f.* Relación, nas colocacións xestionadas, entre o sector de actividade económica de orixe do demandante de emprego e o do posto no que se coloca.

NOTA: Adoita utilizarse a forma “movilidade sectorial” para referirse tamén a unha forma de mobilidade dentro dun mesmo sector, pero nestes casos recoméndase empregar as denominacións “movilidade laboral” ou “movilidade profesional”.

gl mobilidade sectorial

es movilidad intersectorial

es movilidad sectorial

en sector mobility

en inter-sector mobility

movilidade laboral *loc.s.f.* Acceso dun traballador a un posto de traballo nunha organización ou sector de actividade distintos, que pode implicar un cambio xeográfico

e de categoría ou grupo profesional respecto do posto anterior.

gl mobilidade profesional

es movilidad laboral

es movilidad profesional

es movilidad ocupacional

es movilidad en el empleo

en occupational mobility

en professional mobility

mobilidade profesional *loc.s.f.*

Véxase: mobilidade laboral

mobilidade sectorial *loc.s.f.*

Véxase: mobilidade intersectorial

mobilidade territorial *loc.s.f.*

Véxase: mobilidade xeográfica

mobilidade xeográfica *loc.s.f.* Modificación

do lugar de traballo, de forma unilateral polo empresario ou por mutuo acordo entre as partes, que supón para o traballador a necesidade de ter que cambiar a súa residencia habitual para poder continuar prestando os seus servizos.

gl mobilidade territorial

es movilidad geográfica

es movilidad territorial

en geographic mobility

en geographical mobility

modalidade contractual *loc.s.f.*

Véxase: modalidade de contratación

modalidade de contratación *loc.s.f.* Tipo

de contrato de traballo formalizado entre o empresario e o traballador, segundo sexa a súa duración determinada ou indefinida.

gl modalidade contractual

es modalidad de contratación

es modalidad contractual

es tipo contractual

en type of contract

en contract type

modificación do contrato de traballo

loc.s.f. Introducción de cambios no obxecto ou nas condicións laborais inicialmente pactados no contrato de traballo, que poderán decidirse de forma unilateral polo empresario ou polo mutuo acordo entre as partes.

es modificación del contrato de trabajo

en amendment to the employment contract

en modification of the employment contract

motivación *s.f.* Disposición do traballador para acadar un obxectivo determinado.

es motivación

en motivation

motivación extrínseca *loc.s.f.* Disposición á que contribúen factores alleos á propia actividade do traballador, tales como os incentivos, os aumentos salariais ou as sancións.

es motivación extrínseca

en extrinsic motivation

motivación intrínseca *loc.s.f.* Disposición á que contribúen factores vinculados á propia actividade do traballador, sen que interveñan incentivos externos.

es motivación intrínseca

en intrinsic motivation

multa *s.f.* Sanción pecuniaria imposta á empresa que, por acción ou omisión, transgrede as obrigas que se derivan do ordenamento xurídico, do contrato de traballo ou do convenio colectivo, nos supostos expresamente previstos pola lei.

es multa

en fine

multa de haber *loc.s.f.* Sanción disciplinaria, expresamente prohibida pola lexislación laboral española, que consiste nun desconto por parte do empresario no recibo de salario do traballador.

es multa de haber

en docking

en pay docking

mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais *loc.s.f.* Asociación

debidamente autorizada polo Ministerio de Traballo e Inmigración, constituída sen ánimo de lucro coa finalidade principal de colaborar coa xestión da Seguridade Social nas continxencias profesionais e na incapacidade temporal por continxencias comúns do persoal ao servizo dos empresarios asociados, sen prexuízo da realización dou-

tras prestacións, servizos e actividades legalmente atribuídas.

gl mutua patronal

es mutua de accidentes de traballo y enfermidades profesionais

es mutua patronal

es mutualidad patronal

en employers' mutual insurance company

mutua patronal *loc.s.f.*

Véxase: mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais

negociación colectiva *loc.s.f.* Instrumento normativo que comprende o conxunto de negociacións entre un ou varios empregadores ou organizacións de empregadores, por unha parte, e entre unha ou varias organizacións de traballadores, pola outra, co fin de fixar as condicións de traballo e emprego ou de regular as relacións entre empresarios e traballadores.

es negociación colectiva
en collective bargaining

nivel profesional *loc.s.m.* Grao de clasificación da prestación laboral dun traballador en función das súas aptitudes profesionais e titulacións, así como dos contidos xerais atribuídos á prestación.

es nivel profesional
en occupational level

nivel salarial *loc.s.m.* Xerarquía que agrupa as categorías ou grupos profesionais cunha retribución equivalente.

es nivel salarial
en wage level
en salary level

nomeamento *s.m.*

Véxase: designación

nómina¹ *s.f.* Contía que figura no recibo de salario e que percibe o traballador como retribución mensual.

NOTA: Por extensión, adoita utilizarse como sinónimo de “salario”.

es nómina¹
en payroll¹

nómina² *s.f.* Relación nominal dos traballadores que nunha organización perciben unha

retribución e xustifican coa súa sinatura a súa recepción.

es nómina²
es nómina de sueldos
es nómina de salarios
en payroll²
en pay list

nómina³ *s.f.* Documento que certifica o pagamento do salario a un traballador, e no que constan os conceptos, deducións e contías correspondentes.

gl recibo de salario
gl recibo de nómina
es nómina³
es recibo de sueldo
es recibo de salario
es hoja salarial
en payslip
en pay slip
en paysheet
en pay statement
en pay stub

nulidade contractual *loc.s.f.*

Véxase: nulidade de contrato

nulidade de contrato *loc.s.f.* Ineficacia total ou parcial dun contrato, por falta dun elemento esencial ou contravención das normas legais, que impide que produza efectos plenos.

gl nulidade contractual
es nulidad de contrato
es nulidad contractual
en nullity of contract

número de afiliación á Seguridade Social

loc.s.m. Número que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social asigna ao traballador, se-

xa por conta allea ou propia, cando causa alta inicial no sistema de Seguridade Social, que ten carácter vitalicio e único en todo o territorio nacional.

es número de afiliación a la Seguridad Social
en Social Security registration number
en Social Security affiliation number

obradoiro de emprego *loc.s.m.* Programa de formación e emprego dirixido a desempregados maiores de 25 anos con dificultades de inserción laboral, que ten por finalidade facilitar a súa integración no mercado de traballo mediante a realización de obras e servizos de utilidade pública ou interese social, cunha duración comprendida entre seis meses e un ano.

gl taller de emprego
es taller de empleo
en employment workshop

obxectivo profesional *loc.s.m.* Ocupación ou posto de traballo máis avanzado que espera conseguir un traballador ou candidato.

es objetivo de carrera
es objetivo profesional
en career goal

ocupabilidade *s.f.*

Véxase: empregabilidade

ocupación *s.f.* Conxunto de empregos cuxas tarefas presentan unha gran similitude.

es ocupación
en occupation¹

ocupar un posto *loc.v.* Tomar en posesión un traballador o seu posto de traballo na empresa, así como as funcións propias dese posto.

es ocupar un puesto
en take over a position
en take up a position

ofensa física *loc.s.f.* Ataque ou agresión que, se dana gravemente a integridade física do empresario, dos traballadores ou das persoas que conviven con eles, con independencia de que se produza no centro de traba-

llo ou durante a xornada laboral, constitúe causa de despedimento do traballador que o realice culpablemente.

es ofensa física
en physical aggression

ofensa verbal *loc.s.f.* Expresión oral ou escrita que, se dana gravemente a moralidade do empresario, dos traballadores ou das persoas que conviven con eles, con independencia de que se produza no centro de traballo ou durante a xornada laboral, constitúe causa de despedimento do traballador que a leve a cabo culpablemente.

es ofensa verbal
en offense of the word [GB]
en verbal offense [GB]
en verbal offence [US]
en offence of the word [US]

oferta de emprego¹ *loc.s.f.* Anuncio que publica unha organización en calquera medio de comunicación para informar de que precisa cubrir unha vacante.

gl anuncio de oferta de emprego
es oferta de empleo¹
es anuncio de reclutamiento
es anuncio de oferta de empleo
en job advertisement
en recruitment advertisement

oferta de emprego² *loc.s.f.* Formulación dunha proposta de incorporación dun ou varios traballadores ao cadro de persoal da organización para cubrir un determinado posto.

gl oferta de traballo¹
es oferta de empleo²
es oferta de trabajo¹
en employment offer

en job offer

en work offer

oferta de emprego³ *loc.s.f.*

Véxase: oferta laboral

oferta de traballo¹ *loc.s.f.*

Véxase: oferta de emprego²

oferta de traballo² *loc.s.f.*

Véxase: oferta laboral

oferta laboral *loc.s.f.* Conxunto de postos de traballo vacantes que precisan cubrir as organizacións.

NOTA: Para denominar este concepto atópanse diversas variantes baseadas na forma “oferta” (oferta de traballo, oferta de emprego, oferta laboral) e na forma “demanda” (demanda de traballo, demanda de emprego, demanda laboral). Isto débese a dúas perspectivas distintas do mesmo concepto: o punto de vista de quen necesita cubrir as vacantes (coas formas baseadas na “oferta”) e de quen opta a cubrir esas vacantes (coas formas baseadas na “demanda”). Neste dicionario recoméndase o uso das primeiras denominacións.

gl oferta de traballo²

gl oferta de emprego³

es oferta laboral

es oferta de trabajo²

es oferta de empleo³

es demanda laboral

es demanda de trabajo²

es demanda de empleo²

en demand for labour [GB]

en demand for labor [US]

en labour demand [GB]

en labor demand [US]

oficina de emprego *loc.s.f.* Unidade administrativa de ámbito autonómico, provincial ou local, integrada no Servizo Público de Emprego Estatal, que actúa como mediadora na contratación laboral, e vincula as ofertas e demandas de emprego para conseguir a inserción laboral dos traballadores desempregados.

es oficina de empleo

en job centre [GB]

en job center [US]

oficio *s.m.* Actividade manual, con frecuencia de carácter artesanal, que realiza un traballador por conta propia ou allea e pola que percibe unha remuneración.

es oficio

en craft

OIT *sigla*

Véxase: Organización Internacional do Traballo

oportunidade de emprego *loc.s.f.* Posibilidade que se lle presenta a un traballador ou candidato de conseguir un posto de traballo nunha organización ou de establecerse por conta propia.

es oportunidad de empleo

en job opportunity¹

en employment opportunity¹

oportunidade profesional *loc.s.f.* Posibilidade que se lle presenta a un traballador ou candidato de conseguir un posto de traballo que lle permita seguir un itinerario ascendente na xerarquía da organización.

es oportunidad profesional

es oportunidad de carrera

en career opportunity¹

oposición *s.f.* Proceso de selección de persoal, xeralmente na Administración pública, que consiste nun conxunto de probas de coñecementos ou capacidades, tanto orais como escritas, ás que pode presentarse calquera persoa que reúna os requisitos da convocatoria, e que son avaliadas por un tribunal segundo os principios de igualdade, mérito e capacidade.

NOTA: Termo usado xeralmente en plural.

es oposición

en competitive examination

Organización Internacional do Traballo

n.propio. Axencia tripartita da Organización das Nacións Unidas consagrada á promoción dos dereitos laborais, o fomento de oportunidades de emprego dignas entre homes e mulleres, a mellora da protección social e o fortalecemento do diálogo ao tratar temas relacionados co traballo.

gl OIT

es Organización Internacional del Trabajo

es OIT

en International Labour Organization

en ILO

organización patronal *loc.s.f.*

Véxase: asociación patronal

orientación persoal *loc.s.f.* Técnica de desenvolvemento profesional destinada a proporcionar un apoio emocional ao traballador na resolución de conflitos ou dificultades, e potenciar as súas capacidades para mellorar diferentes aspectos da súa vida persoal, académica ou profesional.

es counselling

es orientación

en counselling [GB]

en counseling [US]

orientación profesional *loc.s.f.* Asesoramento que recibe unha persoa para encamiñar e desenvolver a súa carreira profesional en función das súas preferencias, competencias e habilidades, e con relación ás posibilidades que ofrece o mercado laboral.

es orientación profesional

en career counselling [GB]

en career counseling [US]

en career guidance

orientador persoal, orientadora persoal *loc.s.* Persoa encargada de proporcionar apoio emocional ao traballador na resolución de conflitos ou dificultades, así como de desenvolver as súas capacidades para mellorar diferentes aspectos da súa vida persoal, académica ou profesional.

es counsellor

es orientador laboral, orientadora laboral

en counsellor [GB]

en counselor [US]

orientador profesional, orientadora profesional *loc.s.* Persoa que brinda asesoramento a estudantes, traballadores ou demandantes de emprego para encamiñar e desenvolver a súa carreira profesional en función das súas preferencias, competencias e habilidades, e con relación ás posibilidades que ofrece o mercado laboral.

es orientador profesional, orientadora profesional

en guidance counsellor [GB]

en guidance counselor [US]

en career counsellor [GB]

en career counselor [US]

pacto de empresa *loc.s.m.* Acordo colectivo, aplicado no ámbito empresarial, e negociado entre o empresario e os representantes dos traballadores na empresa ou centro de traballo, que ten por obxecto regular materias concretas como salario, xornada, clasificación profesional ou organización do traballo.

gl acordo de empresa

es pacto de empresa

es acuerdo de empresa

en company agreement²

pacto de exclusividade *loc.s.m.* Estipulación contractual pola que o traballador se compromete, voluntariamente e a cambio dunha retribución económica, a non realizar ningunha clase de actividade laboral á marxe da prestación laboral contratada.

gl pacto de plena dedicación

es pacto de exclusividad

es pacto de dedicación exclusiva

es pacto de plena dedicación

en exclusivity clause

pacto de non-competencia *loc.s.m.* Acordo escrito polo que o traballador se compromete, sempre que exista un efectivo interese industrial ou comercial que o xustifique e a cambio dunha retribución económica axeitada, a non realizar, unha vez extinguido o contrato de traballo e durante un certo período de tempo, ningún tipo de actividade por conta propia ou por conta allea cuxo campo de actuación coincida, en todo ou en gran parte, co daquela.

es pacto de no competencia posterior

es pacto de no concurrencia posterior

en non-compete clause

en covenant not to compete

pacto de permanencia *loc.s.m.* Acordo escrito, concertado entre empresario e traballador, polo que este se obriga a permanecer na organización durante un período de tempo non superior a dous anos, cando o traballador recibise unha especialización profesional con cargo ao empresario para poñer en marcha determinados proxectos ou para a realización dun traballo específico.

es pacto de permanencia

en minimum-stay clause

pacto de plena dedicación *loc.s.m.*

Véxase: pacto de exclusividade

pacto social *loc.s.m.* Acordo entre os interlocutores sociais sobre un tema estratéxico de alcance social xeral, con representación governamental ou non.

es pacto social

en social pact

paga *s.f.*

Véxase: salario

paga extra *loc.s.f.*

Véxase: paga extraordinaria

paga extraordinaria *loc.s.f.* Percepción de natureza salarial á que ten dereito o traballador, como mínimo, dúas veces ao ano: unha con ocasión das festas de Nadal e outra no mes que se fixe por convenio colectivo ou por acordo entre o empresario e os representantes dos traballadores.

gl paga extra

gl gratificación extraordinaria

es paga extraordinaria

es paga extra
es gratificación extraordinaria
es gratificación salarial extraordinaria
en extra pay¹
en year-end bonus
en thirteenth month
en holiday bonus [GB]
en vacation bonus [US]

paquete retributivo *loc.s.m.* Conxunto dos diversos compoñentes ou conceptos en que se divide a retribución, económica ou en especie, que percibe un traballador, fixados por cada organización.

es paquete retributivo
es paquete remunerativo
es remuneración global
en compensation package
en total compensation
en pay package
en remuneration package
en reward package

parado, parada *s.*

Véxase: desempregado, desempregada

parado de longa duración, parada de longa duración *loc.s.*

Véxase: desempregado de longa duración, desempregada de longa duración

paridade salarial *loc.s.f.*

Véxase: igualdade salarial

paro¹ *s.m.*

Véxase: desemprego

paro² *s.m.* Interrupción da actividade laboral que realizan os traballadores por mor dunha folga, a manifestación dunha reivindicación ou por outros motivos.

es paro²
en stoppage
en work stoppage

paro cíclico *loc.s.m.*

Véxase: desemprego cíclico

paro conxuntural *loc.s.m.*

Véxase: desemprego cíclico

paro crónico *loc.s.m.*

Véxase: desemprego crónico

paro encuberto *loc.s.m.* Constatación da existencia de persoas en paro que non figuran

oficialmente como desempregadas por se atoparen en situación de subemprego ou por non estaren inscritas como demandantes de emprego.

gl desempleo encuberto
es paro encubierto
es desempleo encubierto
es desempleo disfrazado
en hidden unemployment
en disguised unemployment
en concealed unemployment

paro endémico *loc.s.m.*

Véxase: desemprego crónico

paro estacional *loc.s.m.*

Véxase: desemprego estacional

paro estrutural *loc.s.m.*

Véxase: desemprego estrutural

paro forzoso *loc.s.m.* Situación na que se atopa a persoa que busca activamente un emprego pero que, por causas alleas á súa vontade, non logra acceder a un posto de traballo.

gl paro involuntario
gl desempleo forzoso
gl desempleo involuntario
es paro forzoso
es paro involuntario
es desempleo forzoso
es desempleo involuntario
en involuntary unemployment
en forced unemployment

paro friccional *loc.s.m.*

Véxase: desemprego friccional

paro involuntario *loc.s.m.*

Véxase: paro forzoso

paro parcial *loc.s.m.*

Véxase: desemprego parcial

paro técnico *loc.s.m.* Situación na que se atopa a persoa que interrompe a súa prestación laboral, polo xeral durante un breve período de tempo, debido á paralización ou redución do proceso produtivo, provocada pola falta de materias primas, de recursos enerxéticos ou pola realización de actividades de mantemento ou reparación.

NOTA: En ocasións documentáanse as formas “desemprego técnico” ou “paro técnico” utilizadas como sinónimos de “desemprego tecnolóxico” ou “paro tecnolóxico”.

gl desemprego técnico

es paro técnico

es desempleo técnico

en technical unemployment

paro tecnolóxico *loc.s.m.*

Véxase: desemprego tecnolóxico

paro total *loc.s.m.*

Véxase: desemprego total

parte de accidente de traballo *loc.s.m.*

Documento oficial que debe cubrir o empresario para notificar á entidade xestora, ou á mutua coa que teña concertada tal continxencia, a ocorrencia dun accidente de traballo, a forma en que se produciu e as consecuencias derivadas deste.

es parte de accidente de trabajo

en industrial accident report

en work injury report

en work accident report

parte de alta *loc.s.m.* Documento oficial expedido polo facultativo que realizou o recoñecemento do traballador incapacitado, no que se declara a súa recuperación e se autoriza a súa reincorporación ao traballo.

gl parte médico de alta

es parte de alta

es parte médico de alta

en statement of fitness

en statement of fitness for work

en certificate of fitness

parte de baixa *loc.s.m.* Documento oficial expedido polo facultativo que realizou o recoñecemento do traballador enfermo ou accidentado, polo que se declara a súa situación de baixa no traballo, e que debe conter o diagnóstico, a descrición da limitación da capacidade e unha estimación aproximada da duración do proceso patolóxico.

gl parte médico de baixa

es parte de baja

es parte médico de baja

en doctor's note

en medical leave certificate

parte médico de alta *loc.s.m.*

Véxase: parte de alta

parte médico de baixa *loc.s.m.*

Véxase: parte de baixa

participación nos beneficios *loc.s.f.*

Incentivo salarial que pode percibir un traballador en función dos beneficios anuais conseguidos pola organización na que presta os seus servizos.

es participación en beneficios

es reparto de beneficios

en profit sharing

patronal *s.f.*

Véxase: asociación patronal

pausa *s.f.* Breve período de tempo durante o cal un traballador interrompe a prestación dos seus servizos durante a súa xornada.

NOTA: Polo xeral ten unha duración mínima de 15 minutos nunha xornada continuada de seis horas, agás para traballadores menores de dezoito anos, para os que a duración mínima será de 30 minutos cada catro horas de traballo continuado.

gl descanso²

es descanso²

es pausa

es descanso intrajornada

en break

en coffee break

en break time

en rest pause

en rest break

paz laboral *loc.s.f.*

Véxase: paz social

paz social *loc.s.f.* Ausencia de conflitos laborais na empresa ou no ámbito empresarial.

gl paz laboral

es paz social

es paz laboral

en social peace

en industrial peace

en labour peace [GB]

en labor peace [US]

peche patronal *loc.s.m.* Peche temporal do centro de traballo por iniciativa do empresario durante un conflito colectivo, que lles impide aos traballadores prestar os seus servizos, para garantir a protección das persoas, bens ou instalacións.

NOTA: Considérase incorrecta a denominación “folga patronal” para este concepto, pois segundo o Estatuto dos traballadores só os traballadores ou os seus representantes poden convocar unha folga.

es cierre patronal

en lockout

pensión *s.f.* Prestación económica da Seguridade Social, de pagamento periódico e xeralmente con carácter vitalicio, ou ata que o beneficiario alcance unha determinada idade.

es pensión

en pension

pensión asistencial *loc.s.f.*

Véxase: prestación asistencial

pensión contributiva *loc.s.f.*

Véxase: prestación contributiva

pensión de incapacidade permanente

loc.s.f. Na súa modalidade contributiva, pensión que se lle recoñece a un traballador que, despois de estar sometido ao tratamento prescrito e ser dado de alta, presenta reducións anatómicas e funcionais graves, susceptibles de determinación obxectiva e presumiblemente definitivas, que diminúan a súa capacidade laboral.

gl pensión de invalidez

es pensión de incapacidad permanente

es pensión de invalidez

en permanent disability benefit

en permanent disability pension

pensión de invalidez *loc.s.f.*

Véxase: pensión de incapacidade permanente

pensión de orfandade *loc.s.f.* Pensión á que ten dereito cada un dos fillos do traballador finado que sexan menores de dezaoito anos ou, excepcionalmente, maiores ata os vinte e catro anos de idade, sempre que aquel estivese en alta ou en situación asi-

milada á alta no momento do seu falecemento e completase os períodos de cotización legalmente esixidos.

es pensión de orfandad

en orphan's pension

en orphan's benefit

pensión de viuvez *loc.s.f.* Pensión de carácter xeralmente vitalicio á que ten dereito o cónxuxe sobrevivente, tras o falecemento do cónxuxe causante, sempre que nese momento este último se atopase en situación de alta ou asimilada á alta e completase os períodos de cotización legalmente esixidos.

es pensión de viudedad

en bereavement benefit

en widower's pension, widow's pension

en widower's benefit, widow's benefit

pensión de xubilación *loc.s.f.* Na súa modalidade contributiva, pensión única e de carácter vitalicio que percibe un traballador tras o cesamento definitivo no traballo por conta allea, por acadar a idade legalmente establecida e por completar os correspondentes períodos de cotización.

NOTA: As formas “xubilación” e “retiro” para este concepto son de uso informal.

gl xubilación²

gl retiro²

es pensión de jubilación

es jubilación²

es retiro²

en retirement benefit

en retirement pension

en retirement annuity

pensión non contributiva *loc.s.f.*

Véxase: prestación non contributiva

percepcións extrasalariais *loc.s.f.pl.* Conxunto de cantidades aboadas ao traballador cunha finalidade indemnizatoria dos gastos aos que tivo que facer fronte como consecuencia do seu traballo, cunha finalidade compensatoria dunha perda de rendas salariais ou ben que resultasen dunha liberalidade do empresario.

gl retribución extrasalarial

gl remuneración extrasalarial
es percepciones extrasalariales
es retribución extrasalarial
es remuneración extrasalarial
en non-salary compensation

perfil de competencias *loc.s.m.* Conxunto de competencias coas que debe contar unha persoa para ocupar e desenvolver de xeito efectivo un posto de traballo.

es perfil de competencias
en competency profile
en personnel specification

perfil do candidato *loc.s.m.*

Véxase: perfil profesional

perfil do posto de traballo *loc.s.m.* Documento no que se identifican e describen as características persoais e profesionais que debe reunir a persoa idónea para ocupar un determinado posto de traballo.

NOTA: O perfil do posto de traballo adoita representarse graficamente mediante o profesíograma.

es perfil del puesto de trabajo
en job profile
en position profile

perfil profesíográfico *loc.s.m.*

Véxase: profesíograma

perfil profesional *loc.s.m.* Conxunto das características persoais e profesionais que debe reunir a persoa idónea para ocupar un posto de traballo determinado.

gl perfil do candidato
es perfil profesional
es perfil del candidato
en candidate profile
en professional profile

período de adaptación¹ *loc.s.m.* Período que pode pactar todo traballador discapacitado co empresario, que á súa vez ten carácter de período de proba, pero cunha duración que non pode exceder de seis meses.

es período de adaptación¹
en adaptation period

período de adaptación² *loc.s.m.*

Véxase: período de proba

período de carencia *loc.s.m.*

Véxase: carencia

período de descanso *loc.s.m.*

Véxase: descanso¹

período de prácticas *loc.s.m.* Período de formación práctica que realiza un estudante nunha empresa con anterioridade ao inicio dunha relación laboral, co obxecto de obter a experiencia necesaria para incorporarse ao mercado de traballo.

es período de prácticas
en training period
en traineeship²
en internship²

período de proba *loc.s.m.* Tempo libremente concertado entre traballador e empresario, que ten como finalidade o recíproco coñecemento das partes contratantes, e durante o cal cada unha delas pode dar por extinguida a relación laboral, sen necesidade de preaviso ou indemnización, agás pacto en contrario.

NOTA: Excepcionalmente, utilízase a forma “período de adaptación” para denominar o período de proba para categorías de ascenso que, de ser fracasado, revogaríase o mesmo, devolvendo o traballador á súa categoría de orixe.

gl período de adaptación²
es período de prueba
es período de adaptación²
en probationary period
en probation period

permiso *s.m.* Autorización concedida a un traballador para ausentarse temporalmente do seu posto de traballo.

gl licenza
es permiso
es licencia
en leave

permiso de estudos *loc.s.m.* Permiso concedido a un traballador para ausentarse temporalmente do seu posto de traballo para cursar estudos académicos.

gl licenza de estudos
es permiso de estudios

es licencia de estudos

en educational leave

permiso de formación *loc.s.m.* Permiso, retribuído ou non, ao que ten dereito o traballador con ocasión da asistencia a un curso de formación ou perfeccionamento profesional.

gl permiso individual de formación

gl licenza de formación

es permiso de formación

es permiso individual de formación

es licencia de formación

en training leave

en individual training leave

permiso de lactación *loc.s.m.* Permiso retribuído ao que ten dereito o traballador para ausentarse do seu posto de traballo, durante un mínimo dunha hora diaria, fraccionable en dous, co obxecto de aleitar un fillo menor de nove meses, incrementándose proporcionalmente a súa duración en caso de parto múltiple.

NOTA: Aínda que o titular do dereito é a nai, pode beneficiarse indistintamente deste permiso a nai ou o pai no caso de que ambos traballen.

gl permiso de lactancia

es permiso de lactancia

en breastfeeding break

permiso de lactancia *loc.s.m.*

Véxase: permiso de lactación

permiso de maternidade *loc.s.m.*

Véxase: descanso por maternidade

permiso de matrimonio *loc.s.m.* Permiso retribuído ao que ten dereito o traballador para ausentarse do seu posto de traballo, durante quince días naturais, con ocasión do seu casamento.

es permiso de matrimonio

en marriage leave

en wedding leave

permiso de paternidade *loc.s.m.*

Véxase: descanso por paternidade

permiso de traballo *loc.s.m.*

Véxase: autorización para traballar

permiso individual de formación *loc.s.m.*

Véxase: permiso de formación

permiso para a realización de exames

loc.s.m. Permiso, retribuído ou non, ao que ten dereito o traballador para asistir a un exame, cando este curse con regularidade estudos para a obtención dun título académico ou profesional.

es permiso para la realización de exámenes

en examination leave

permiso por enfermidade ou falecemento

loc.s.m. Permiso retribuído ao que ten dereito o traballador para ausentarse do seu posto de traballo, polo menos durante dous días, en caso de defunción, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

es permiso por enfermedad o fallecimiento

en sick leave for family care or bereavement purposes

permiso por nacemento dun fillo *loc.s.m.*

Permiso retribuído ao que ten dereito o traballador para ausentarse do seu posto de traballo, polo menos durante dous días, con ocasión do nacemento dun fillo.

es permiso por nacimiento de hijo

en child birth leave

persoal *s.m.* Conxunto de traballadores que forman parte do cadro de persoal dunha empresa, organismo ou servizo.

NOTA: A forma “efectivo” úsase maioritariamente en plural.

gl efectivo

es personal

es plantilla²

es efectivos

en personnel

en staff

en workforce²

en manpower²

persoal laboral *loc.s.m.* Conxunto de traballadores que realizan a súa actividade para a Administración pública a través dun contrato de traballo.

es personal laboral

en contract staff

piquete *s.m.* Grupo de traballadores en folga que se encargan de informar desta, de darlle publicidade e difusión e de levar a efecto unha recollida de fondos, sen que para isto poidan incorrer en coaccións, ameazas nin actos de violencia de ningunha clase.

gl piquete de folga

es piquete

es piquete de huelga

en picket

en picket line

en strike picket

piquete de folga *loc.s.m.*

Véxase: piquete

plan de acollemento *loc.s.m.* Plan que establece as directrices necesarias para favorecer a adaptación e integración dos novos traballadores no seu posto de traballo e facilitarlles a asimilación da cultura organizativa.

gl plan de acollida

es plan de acogida

en induction plan

plan de acollida *loc.s.m.*

Véxase: plan de acollemento

plan de carreira *loc.s.m.* Plan que recolle os postos que podería chegar a ocupar o traballador nunha área determinada, atendendo ao seu desenvolvemento profesional e formativo, e segundo as súas expectativas laborais e os intereses estratéxicos da organización.

es plan de carrera

en career plan

plan de formación *loc.s.m.* Plan que establece as principais liñas de actuación da organización en materia de formación, e no que se especifica o calendario das accións formativas a partir das necesidades dos traballadores.

es plan de formación

en training program

en training plan

plan de pensións *loc.s.m.* Institución de previsión social de carácter contractual e voluntario, na que o beneficiario e o seu empregador realizan as achegas económicas establecidas durante un período de tempo determinado para poder percibir unha prestación, consistente no capital investido e os xuros xerados no momento da súa xubilación, que pode ser complementaria ou non á percibida do sistema de Seguridade Social, pero que nunca pode chegar a substituíla.

es plan de pensiones

en retirement plan

en pension scheme

en pension plan

plan de sucesión *loc.s.m.* Plan que identifica os candidatos máis idóneos para cubrir unha praza vacante, polo xeral un posto de alta dirección, e as accións formativas que se deberán desenvolver para adecualos ás necesidades da organización.

es plan de sucesión

en succession plan

planificación de carreiras *loc.s.f.* Proceso de determinación do itinerario de desenvolvemento profesional e formativo dos traballadores, segundo as súas expectativas laborais e os intereses estratéxicos da organización.

es planificación de carreras

en career planning

planificación de recursos humanos *loc.s.f.* Proceso de análise e identificación das necesidades presentes e futuras dunha organización en materia de persoal, tanto no referido á incorporación de novos traballadores como á súa formación e desenvolvemento.

es planificación de recursos humanos

en human resources planning

pleno emprego *loc.s.m.* Situación ideal do mercado laboral que proporciona traballo a todas as persoas que o demandan.

es pleno empleo

en full employment

pluriactividade *s.f.* Situación do traballador por conta propia e/ou allea cuxas actividades profesionais dan lugar á súa alta obrigatoria en dous ou máis réximes distintos do sistema de Seguridade Social.

es pluriactividad

en pluriactivity

pluriemprego *s.m.* Situación do traballador por conta allea que presta os seus servizos remunerados para dous ou máis empresarios, e en actividades que dean lugar á súa alta obrigatoria nun mesmo réxime do sistema de Seguridade Social.

es pluriempleo

en moonlighting

en multiple jobholding

en dual jobholding

poboación activa *loc.s.f.* Conxunto de persoas de 16 ou máis anos que subministran man de obra para a produción de bens e servizos ou que están dispoñibles para traballar e en condicións de incorporarse a esa produción.

es población activa

en labour force² [GB]

en labor force² [US]

en working population

en active population

poboación desempregada *loc.s.f.* Conxunto de persoas de 16 ou máis anos que non traballan, pero que están dispoñibles para facelo e buscan un emprego de forma activa.

gl poboación parada

es población desempleada

es población parada

en unemployed population

poboación inactiva *loc.s.f.* Conxunto de persoas de 16 ou máis anos que non traballan e non buscan emprego ou que non están dispoñibles para traballar.

es población inactiva

en inactive population

en non-working population

poboación ocupada *loc.s.f.* Conxunto de persoas de 16 ou máis anos que traballan por conta allea ou por conta propia polo menos durante unha hora á semana, a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie, incluídas as persoas ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou razóns análogas.

es población ocupada

en employed population

poboación parada *loc.s.f.*

Véxase: poboación desempregada

poder disciplinario *loc.s.m.* Capacidade dun empresario de aplicar unha sanción ao traballador que incumpra os seus deberes ou obrigas laborais, de conformidade co establecido na normativa correspondente.

es poder disciplinario

en disciplinary power

política de formación *loc.s.f.* Conxunto de directrices e medidas articuladas por unha empresa relativas á formación do seu persoal.

es política de formación

en training policy

política de persoal *loc.s.f.* Conxunto de principios que establece unha organización para determinar as súas necesidades en canto á contratación, selección, formación ou condicións laborais dos seus traballadores.

es política de personal

en personnel policy

política de recursos humanos *loc.s.f.*

Conxunto de principios que establece unha organización para optimizar a xestión dos seus recursos humanos, permitiéndolle dar preferencia ao potencial humano, favorecer a motivación dos traballadores e lograr o cumprimento dos obxectivos previstos.

es política de recursos humanos

en human resources policy

política de selección de persoal *loc.s.f.*

Conxunto de principios que establece unha organización co fin de identificar os can-

didatos máis idóneos para ocupar os postos de traballo vacantes.

es política de selección de personal

en personnel selection policy

en employee selection policy

política pública de emprego *loc.s.f.* Conxunto de medidas gobernamentais que teñen por obxecto facilitar a colocación dos demandantes de emprego e dinamizar as actividades económicas para acadar o pleno emprego da poboación.

es política pública de empleo

en employment policy

en public employment policy

política retributiva *loc.s.f.*

Véxase: política salarial

política salarial *loc.s.f.* Conxunto de criterios, principios e orientacións que teñen por obxecto a distribución equitativa e competitiva dos salarios nunha organización.

gl política retributiva

es política salarial

es política retributiva

en compensation policy

en remuneration policy

en pay policy

en wage policy

en salary policy

polivalencia *s.f.* Capacidade do traballador para realizar de forma temporal traballos de diversa natureza ou especialidade, por esixencias da empresa na que presta os seus servizos.

es polivalencia

en multi-skilling

polivalencia funcional *loc.s.f.* Facultade do empresario pola que pode clasificar subxectivamente un traballador, mediante a asignación das funcións correspondentes, en categorías, grupos ou niveis profesionais distintos, por esixencias do proceso produtivo.

es polivalencia funcional

en multi-tasking

portal de emprego *loc.s.m.* Sitio web público ou privado que media entre as empre-

sas que dispoñen de oportunidades de emprego e as persoas que buscan traballo, ofrecendo servizos adicionais relacionados coa procura de emprego.

es portal de empleo

en job portal

en employment portal

posto *s.m.*

Véxase: cargo¹

posto de traballo¹ *loc.s.m.* Conxunto de tarefas e responsabilidades que comprende o traballo asignado a un traballador.

gl praza¹

es puesto de trabajo¹

es plaza¹

en job¹

en position²

en post²

posto de traballo² *loc.s.m.* Lugar ou espazo físico da organización no que se desenvolven as funcións asignadas ao traballador.

es puesto de trabajo²

en workstation

en workspace

en work area

posto vacante *loc.s.m.*

Véxase: vacante

potencial *s.m.* Conxunto de competencias e aptitudes latentes do traballador, ou que aínda non foron utilizadas, que de se desenvolveren poden intervir no seu crecemento profesional.

es potencial

en potential

prácticas *s.f.pl.*

Véxase: contrato en prácticas

praza vacante *loc.s.f.*

Véxase: vacante

praza¹ *s.f.*

Véxase: posto de traballo¹

praza² *s.f.* Posto de traballo na Administración.

es plaza²

en civil service job

en civil service position

en civil service post

preaviso *s.m.* Comunicación verbal ou escrita na que se informa, con antelación, dunha circunstancia que supón algún tipo de alteración na prestación de traballo.

gl aviso previo

es preaviso

es aviso previo

en notice

en advance notice

precarización *s.f.* Proceso de conversión do emprego en temporal, inestable, inseguro ou mal remunerado.

es precarización

en precarisation [GB]

en precarization [US]

precontrato de traballo *loc.s.m.* Acordo polo que empresario e traballador se comprometen a asinar un contrato de traballo nun momento futuro.

gl promesa de traballo

gl promesa de contrato de traballo

es promesa de trabajo

es promesa de contrato de trabajo

es precontrato de trabajo

en promise of employment

en employment promise

preselección *s.f.* Fase previa dun proceso de selección de persoal, na que se analiza o perfil dos candidatos e se descartan aqueles que non cumpren os requirimentos establecidos para o posto de traballo que se desexa cubrir.

es preselección

en screening

en short-listing

presentación de candidatos *loc.s.f.* Reunión na que a persoa que realiza o proceso de selección de persoal expón a quen solicitou os seus servizos os informes dos candidatos máis idóneos para ocupar o posto de traballo ofertado.

es presentación de candidatos

en candidate presentation

presentismo laboral *loc.s.m.* Urgencia que experimenta o traballador para presentarse

ou permanecer máis tempo do debido no seu posto de traballo, mesmo cando está demasiado enfermo, estresado ou distraído como para ser produtivo, ou aínda cando non teña ningún traballo que realizar.

es presentismo laboral

en presenteeism

prestación asistencial *loc.s.f.* Beneficio económico, de carácter básico ou complementario, que se concede de forma potestativa en atención a estados e situacións de necesidade, previa demostración de que o interesado carece dos recursos indispensables para facer fronte a tales situacións.

gl pensión asistencial

es prestación asistencial

es pensión asistencial

en welfare benefit

en welfare payment

prestación contributiva *loc.s.f.* Toda prestación da Seguridade Social para cuxa percepción se requira o cumprimento dos períodos de cotización previa.

gl pensión contributiva

es prestación contributiva

es pensión contributiva

en contributory benefit

en contributory allowance

en contributory pension

prestación de servizos *loc.s.f.* Realización dunha actividade distinta da entrega de bens para un terceiro a cambio dunha remuneración.

es prestación de servicios

en delivery of services

en supply of services

en rendering of services

prestación en favor de familiares *loc.s.f.*

Prestación económica que perciben da Seguridade Social os familiares que convivían co traballador finado e dependían economicamente del.

es prestación en favor de familiares

en benefit for family members

prestación non contributiva *loc.s.f.* Toda pensión da Seguridade Social recoñecida ás

persoas que carecen de rendas ou ingresos suficientes para facer fronte ás súas necesidades máis básicas, cando non cotizaron nunca ou non o fixeron durante o tempo legalmente esixido para causar dereito á mesma pensión na súa modalidade contributiva.

gl pensión non contributiva
es prestación no contributiva
es pensión no contributiva
en non-contributory benefit
en non-contributory pension

prestación por desemprego *loc.s.f.*

Prestación económica, de carácter temporal e pagamento periódico, que se lles concede a aqueles que querendo e podendo traballar perdan o seu emprego ou vexan reducida a súa xornada laboral, polo menos nunha terceira parte, coa correspondente perda de salario, sempre que teñan cubertos os períodos de cotización necesarios para esta continxencia.

gl subsidio de desemprego
es prestación por desempleo
es subsidio de desempleo
en unemployment compensation [US]
en unemployment benefit

prestación por fillo a cargo *loc.s.f.*

Prestación económica que percibe da Seguridade Social un traballador por cada fillo ao seu cargo menor de dezaioito anos ou afectado dunha discapacidade igual ou superior ao 65%, segundo os requisitos establecidos legalmente.

es prestación por hijo a cargo
en child benefit

prestación por maternidade *loc.s.f.*

Subsidio económico que se lles reconece a todos os traballadores que gocen dos períodos de descanso laboral legalmente establecidos, nos supostos de maternidade biolóxica, adopción e acollemento familiar.

gl subsidio de maternidade
es prestación de maternidad
es subsidio de maternidad
en maternity pay

en maternity benefit
en maternity allowance

prestación por morte e supervivencia

loc.s.f. Prestación económica que perciben da Seguridade Social as persoas que conviven e dependen economicamente do traballador ou pensionista que fenece (ou que desaparece con presunción de morte).

NOTA: As principais prestacións por morte e supervivencia son o auxilio por defunción, a pensión de viuvez, a pensión de orfandade e a prestación en favor de familiares.

es prestación por muerte y supervivencia
en survivor and death benefit

prestación por paternidade *loc.s.f.*

Subsidio que se lles reconece aos traballadores que suspendan o seu contrato de traballo durante os días legalmente establecidos, con motivo do nacemento dun fillo, adopción ou acollemento familiar.

gl subsidio de paternidade
es prestación de paternidad
es subsidio de paternidad
en paternity pay
en paternity benefit
en paternity allowance

prestación por risco durante a lactación

loc.s.f. Prestación económica de carácter temporal que percibe da Seguridade Social unha traballadora tras a interrupción da súa prestación laboral, polo risco que presenta para a súa saúde ou para a do fillo lactante menor de nove meses, co fin de compensar a súa perda de ingresos.

gl prestación por risco durante a lactancia
es prestación por riesgo durante la lactancia
en breastfeeding risk benefit
en benefit for risk during breastfeeding

prestación por risco durante a lactancia *loc.s.f.*

Véxase: prestación por risco durante a lactación

prestación por risco durante o embarazo *loc.s.f.*

Prestación económica de carácter temporal que percibe da Seguridade Social unha traballadora tras a interrupción da súa prestación laboral, polo risco que

presenta para a súa saúde ou para a do feito, e compensar a súa perda de ingresos.

es prestación de riesgo durante el embarazo

en risk pregnancy benefit

en benefit for risk during pregnancy

prevención de riscos laborais *loc.s.f.*

Conxunto de actividades e medidas adoptadas ou previstas en todas as fases da actividade da empresa, co fin de evitar ou diminuír a posibilidade de que o traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.

gl prevención de riscos profesionais

es prevención de riesgos laborales

es prevención de riesgos profesionales

en occupational risk prevention

prevención de riscos profesionais *loc.s.f.*

Véxase: prevención de riscos laborais

prexubilación *s.f.* Situación, de feito e de dereito, na que se atopa un traballador por razón da súa idade, próxima á idade ordinaria de xubilación, desde o momento no que se extingue o seu contrato de traballo ata que percibe unha pensión de xubilación do sistema de Seguridade Social, que supón o cesamento prematuro e definitivo na vida laboral do traballador, mediante as correspondentes contrapartidas económicas a cargo da empresa.

NOTA: A pesar de que “xubilación anticipada” e “prexubilación” adoitan empregarse como sinónimos, responden a conceptos distintos.

es prejubilación

en pre-retirement

prima *s.f.* Complemento salarial que percibe un traballador como estímulo ou recompensa pola mellor calidade ou pola maior cantidade do seu traballo, regulado normalmente a través do convenio colectivo ou o contrato individual.

gl incentivo

es prima

es incentivo

en bonus³

en premium²

en incentive bonus

primeiro emprego *loc.s.m.* Primeiro posto

de traballo ao que accede unha persoa que, polo xeral, acaba de obter unha titulación académica ou profesional, e que constitúe a súa inserción no mundo laboral.

gl primeiro traballo

es primer empleo

es primer trabajo

en first job

primeiro traballo *loc.s.m.*

Véxase: primeiro emprego

proba de aptitude *loc.s.f.*

Véxase: test de aptitude

proba de coñecementos *loc.s.f.*

Véxase: test de coñecementos

proba de intelixencia *loc.s.f.*

Véxase: test de intelixencia

proba de personalidade *loc.s.f.*

Véxase: test de personalidade

proba proxectiva *loc.s.f.*

Véxase: test proxectivo

proba psicométrica *loc.s.f.*

Véxase: test psicométrico

proba psicotécnica *loc.s.f.*

Véxase: test psicométrico

proba técnica *loc.s.f.*

Véxase: test técnico

procedemento concursal *loc.s.m.*

Véxase: concurso²

procedemento disciplinario *loc.s.m.*

Véxase: procedemento sancionador

procedemento laboral *loc.s.m.* Conxunto

ordenado de actuacións xudiciais coa finalidade de resolver o conflito xurdido entre as partes litigantes, dentro da rama social do Dereito, tanto de tipo individual coma colectivo.

gl proceso laboral

gl xuízo laboral

es procedimiento laboral

es proceso laboral

es juicio laboral

en labour case [GB]

en labor case [US]

en labour procedure [GB]
en labor procedure [US]
en labour proceeding [GB]
en labor proceeding [US]

procedemento sancionador *loc.s.m.* Conxunto de actuacións que realiza a autoridade competente para exercer a súa potestade sancionadora.

NOTA: En contextos máis especializados distínguese entre o procedemento disciplinario, que afecta sempre os traballadores, e o procedemento sancionador, que se utiliza xeralmente para referirse ás sancións administrativas impostas ao empresario.

gl procedemento disciplinario
es procedimiento sancionador
es procedimiento disciplinario
en disciplinary procedure
en disciplinary proceeding
en disciplinary process

proceso laboral *loc.s.m.*

Véxase: procedemento laboral

procura de emprego *loc.s.f.*

Véxase: busca de emprego

profesiografía *s.f.* Documento gráfico no que se identifican e describen as funcións, tarefas, obrigas, relacións xerárquicas e condicións laborais que interveñen nun determinado posto de traballo, co obxecto de que a empresa poida detectar as necesidades de formación e capacitación que requirirá o candidato que posteriormente ocupe ese posto.

NOTA: A profesiografía adoita representar graficamente a información contida na descrición do posto de traballo.

es profesiografía
en professionography

profesiograma *s.m.* Documento gráfico no que se identifican e describen as capacidades e competencias que require un determinado posto de traballo dunha organización, co obxecto de detectar as características persoais e profesionais que debe reunir o candidato idóneo para ocupar ese posto.

NOTA: O profesiograma adoita representar graficamente a información contida no perfil do posto de traballo.

gl perfil profesiográfico
es perfil profesiográfico
es profesiograma
en professionogram

profesión *s.f.* Actividade laboral, tanto de tipo manual como intelectual, que realiza un traballador que reúne a cualificación necesaria e pola que percibe unha remuneración.

es profesión
en profession
en occupation²

profesión liberal *loc.s.f.* Actividade na que predomina o exercicio do intelecto, que adoita requirir para a súa práctica a habilitación a través dun título académico, así como, en ocasións, a pertenza a unha asociación ou colexio profesional.

es profesión liberal
en liberal profession

profesional *s.m./f.* Persoa que reúne as cualificacións e capacidades necesarias para exercer unha actividade profesional de forma satisfactoria.

es profesional
en professional

profesionalidade *s.f.* Calidade da persoa ou organización que reúne as cualificacións e capacidades necesarias para exercer unha actividade de forma satisfactoria.

es profesionalidad
en professionalism¹

profesionalismo *s.m.* Utilización dunha disciplina como actividade profesional.

es profesionalismo
en professionalism²

profesionalización¹ *s.f.* Proceso polo que un traballador consegue, mediante a experiencia ou a adquisición dos coñecementos necesarios, unha especialización na súa actividade laboral.

es profesionalización¹

en professionalisation¹ [GB]

en professionalization¹ [US]

profesionalización² *s.f.* Proceso polo que unha actividade laboral adquire a consideración de profesión.

es profesionalización²

en professionalisation² [GB]

en professionalization² [US]

promesa de contrato de traballo *loc.s.f.*

Véxase: precontrato de traballo

promesa de traballo *loc.s.f.*

Véxase: precontrato de traballo

promoción automática *loc.s.f.* Acceso do traballador a un posto de xerarquía superior na mesma organización, polo xeral, con maior responsabilidade e retribución, motivado polo cumprimento dos obxectivos establecidos durante o período de tempo previsto na planificación de carreiras.

gl ascenso automático

es promoción automática

es ascenso automático

en automatic promotion

en direct promotion

en progressive promotion

promoción económica *loc.s.f.* Acceso do traballador a un posto con maior retribución e, polo xeral, con maior responsabilidade.

gl ascenso económico

es promoción económica

es ascenso económico

en promotion increase

en promotional increase

promoción interna *loc.s.f.* Acceso do traballador a un posto de xerarquía superior na mesma organización, polo xeral con maior responsabilidade e retribución.

es promoción interna

en internal promotion

en internal advancement

promoción por antigüidade *loc.s.f.* Acceso dun traballador a un posto de xerarquía superior na mesma organización, polo xeral con maior responsabilidade e retribución, motivado pola valoración do tempo e a experiencia acumulados no traballo.

gl ascenso por antigüidade

es promoción por antigüedad

es ascenso por antigüedad

en seniority promotion

en promotion by seniority

en seniority advancement

en advancement by seniority

promoción por concurso *loc.s.f.* Acceso do traballador a un posto de xerarquía superior na mesma organización, polo xeral con maior responsabilidade e retribución, motivado pola valoración dos méritos acumulados no traballo ou das probas específicas realizadas.

gl ascenso por concurso

es promoción por concurso

es ascenso por concurso

en competition promotion

en promotion by competition

en advancement by competition

promoción por concurso oposición *loc.s.f.*

Acceso do traballador a un posto de xerarquía superior na mesma organización, polo xeral con maior responsabilidade e retribución, motivado pola valoración dos méritos acumulados no traballo e das probas específicas realizadas.

gl ascenso por concurso oposición

es promoción por concurso-oposición

es ascenso por concurso-oposición

en promotion by competitive examination and merit selection

promoción por méritos *loc.s.f.* Acceso do traballador a un posto de xerarquía superior na mesma organización, polo xeral con maior responsabilidade e retribución, motivado pola valoración dos méritos acumulados no traballo.

gl ascenso por méritos

es promoción por méritos

es ascenso por méritos

en merit promotion

en merit advancement

en merit progression

promoción por oposición *loc.s.f.* Acceso do traballador a un posto de xerarquía superior

na mesma organización, polo xeral con maior responsabilidade e retribución, motivado pola valoración das probas específicas realizadas.

gl ascenso por oposición

es promoción por oposición

es ascenso por oposición

en promotion by competitive examination

promoción profesional *loc.s.f.* Acceso do traballador a un posto de xerarquía superior, de maior responsabilidade e mellores condicións de traballo, especialmente no referido ao salario.

gl ascenso profesional

gl promoción vertical

es promoción profesional

es ascenso profesional

es promoción de carreira

es promoción vertical

en career advancement

en professional advancement

en professional promotion

en career promotion

promoción vertical *loc.s.f.*

Véxase: promoción profesional

promover *v.t.*

Véxase: ascender²

propina *s.f.* Gratificación voluntaria coa que un cliente ou consumidor recompensa un servizo persoal, extraordinario ou satisfactorio.

es propina

es gratificación²

en tip

en gratification

en gratuity

prórroga de contrato *loc.s.f.* Ampliación da duración do contrato de traballo, polo xeral, nas mesmas condicións que o subscrito anteriormente.

es prórroga de contrato

en extension of the contract

en contract extension

protección por desempleo *loc.s.f.*

Cobertura económica das situacións de desemprego total ou parcial.

es protección por desempleo

en unemployment benefits

en unemployment protection

prover un posto *loc.v.*

Véxase: cubrir un posto

provisión *s.f.* Assignación pola empresa dun posto de traballo vacante ou de nova creación a un traballador.

es provisión

en filling

quebrafolgas *s.m./f.*

Véxase: crebafolgas

quenda *s.f.* Período no que un traballador ou un equipo de traballadores presta os seus servizos nun sistema de traballo por quendas.

NOTA: Por extensión, recibe tamén esta denominación o conxunto de traballadores que prestan os seus servizos neste período.

gl quenda de traballo

es turno

es turno de traballo

es turno laboral

en shift

en work shift

quenda de traballo *loc.s.f.*

Véxase: quenda

rateo *s.m.* Distribución dunha cantidade ou obriga en partes proporcionais.

es prorrateo

es rateo

en proration

en apportionment

readmisión *s.f.* Reincorporación do traballador ao seu posto de traballo na empresa, exactamente nas mesmas condicións que antes de ser despedido.

es readmisión

en reinstatement¹

en readmission

reaxuste salarial *loc.s.m.* Mecanismo polo que se modifica o salario dos traballadores ou algún dos seus complementos.

NOTA: A pesar de que se documenta o uso de “revisión salarial” para denominar este concepto, en contextos especializados este termo utilízase para referirse á “cláusula de revisión salarial”.

gl actualización salarial

es reajuste salarial

es ajuste salarial

es actualización salarial

es revisión salarial

en pay review

en salary adjustment

en salary review

en wage adjustment

recarga de prestacións *loc.s.f.* Suplemento que pode engadirse ás prestacións da Seguridade Social derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional, cando estas continxencias se produzan pola in-

fracción de medidas de seguridade e saúde no traballo.

gl recarga nas prestacións

es recargo de prestaciones

es recargo en las prestaciones

en penalty for failing to comply with safety regulations

recarga nas prestacións *loc.s.f.*

Véxase: recarga de prestacións

recibo de liquidación *loc.s.m.*

Véxase: liquidación²

recibo de nómina *loc.s.m.*

Véxase: nómina³

recibo de salario *loc.s.m.*

Véxase: nómina³

reciclaxe *s.f.* Adaptación dos coñecementos e habilidades dun traballador aos novos procesos, materiais ou tecnoloxías introducidos na súa área de actividade.

es reciclaje

en retraining²

en recycling²

reclasificación profesional *loc.s.f.* Cambio no encadramento do traballador nunha categoría, grupo profesional ou nivel retributivo segundo as características da súa ocupación.

es reclasificación profesional

en job reclassification

en occupational reclassification

recolocación externa *loc.s.f.* Colocación noutra empresa dos efectivos laborais cuxo posto de traballo desapareceu.

es recolocación externa

en outplacement

recolocación interna *loc.s.f.* Redistribución na empresa, dentro da súa política de recursos humanos, dos efectivos laborais cuxo posto de traballo desapareceu ou cuxa produtividade se viu reducida, que adoita implicar actuacións específicas de readaptación ou reciclaxe profesional.

es recolocación interna

en inplacement

recomendación *s.f.* Intervención escrita ou verbal que se fai para favorecer unha persoa sobre as demais nun proceso de selección de persoal.

es recomendación

en recommendation

reconversión industrial *loc.s.f.* Conxunto de medidas encamiñadas á renovación e modernización dos procesos produtivos nunha industria ou sector, co obxecto de facelo máis rendible e competitivo no mercado.

es reconversión industrial

en industrial restructuring

en industrial conversion

en industrial reconversion

reconversión profesional *loc.s.f.* Paso ou adscrición do traballador a unha nova liña profesional e actividade, que supón un verdadeiro cambio de oficio e adoita requirir un complexo proceso de formación que capacite o individuo para o desempeño do novo traballo.

es reconversión profesional

en reclassification

en relocation

recorte salarial *loc.s.m.*

Véxase: *reducción salarial*

recrutador, recrutadora *s.* Persoa encargada de identificar e captar os candidatos máis idóneos para cubrir as vacantes da organización nun proceso de selección de persoal.

es reclutador, reclutadora

en recruiter

recrutamento *s.m.* Fase previa ao proceso de preselección que consiste en reunir un nú-

mero importante de candidaturas o máis axustadas posible ao perfil desexado para iniciar o proceso de selección propiamente dito.

es reclutamiento

en recruiting

en recruitment

recrutamento en liña *loc.s.m.* Modalidade de recrutamento na que, a través de Internet, se atraen, identifican e captan os candidatos máis idóneos para cubrir as vacantes da organización.

es reclutamiento electrónico

es e-recruitment

es e-recruiting

en online recruiting

en e-recruitment

en online recruitment

en e-recruiting

en electronic recruiting

en electronic recruitment

recrutamento externo *loc.s.m.* Modalidade de recrutamento na que se recorre a candidatos externos á propia organización, polo xeral a través de anuncios en medios de comunicación, portais de emprego ou bolsas de traballo.

es reclutamiento externo

en external recruitment

en external recruiting

recrutamento interno *loc.s.m.* Modalidade de recrutamento na que se recorre a candidatos procedentes da propia organización, polo xeral utilizando as canles de comunicación internas.

es reclutamiento interno

en internal recruitment

en internal recruiting

recursos humanos *loc.s.m.pl.* Conxunto de persoas que conforman o cadro de persoal dunha organización.

es recursos humanos

en human resources

reducción de persoal *loc.s.f.*

Véxase: *reducción do cadro de persoal*

redución de xornada *loc.s.f.* Diminución do número de horas que un traballador dedica á prestación dos seus servizos con respecto á súa xornada laboral ordinaria, que normalmente implica unha redución proporcional do seu salario.

es reducción de jornada

en reduction in working hours

redución do cadro de persoal *loc.s.f.*

Diminución do número de traballadores dunha organización, xeralmente por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, así como polas derivadas de forza maior.

gl redución de persoal

es redución de plantilla

es redución de personal

en workforce reduction

en staff reduction

en job reductions

en personnel reduction

redución natural de persoal *loc.s.f.*

Véxase: redución natural do cadro de persoal

redución natural do cadro de persoal

loc.s.f. Proceso de redución do cadro de persoal dunha organización coas baixas que causan libremente os traballadores, sen que se volvan cubrir os postos de traballo que deixan vacantes.

gl redución natural de persoal

es desgaste natural

es redución natural de plantilla

en attrition

en natural wastage

en natural redundancy

redución salarial *loc.s.f.* Diminución da retribución que percibe un traballador pola prestación dos seus servizos por conta allea.

gl recorte salarial

es redución salarial

es recorte salarial

en pay cut

en salary cut

en salary reduction

en wage cut

reestruturación de persoal *loc.s.f.*

Véxase: reestruturación do cadro de persoal

reestruturación do cadro de persoal

loc.s.f. Proceso de adecuación do cadro de persoal dunha organización a unha nova situación mediante a modificación, traslado ou supresión dun determinado número de postos de traballo.

gl reestruturación de persoal

es reestruturación de plantilla

es reestruturación de personal

en staff restructuring

en staff reorganisation [GB]

en staff reorganization [US]

referencia *s.f.* Información sobre a competencia, profesionalidade ou personalidade dun candidato, proporcionada por un empresario para o que traballou anteriormente.

NOTA: Termo usado xeralmente en plural.

es referencia

en reference

reincorporación *s.f.*

Véxase: reingreso

reingreso *s.m.* Volta ao traballo do empregado tras un período de cesamento temporal, especialmente en situacións de excedencia.

gl reincorporación

es reingreso

es reincorporación

en reinstatement²

reinserción laboral *loc.s.f.* Proceso de reincorporación ao mercado de traballo de persoas en situación ou risco de exclusión laboral e social, polo xeral a través dun programa de orientación profesional posto en marcha por un servizo público de emprego ou por empresas.

NOTA: Este proceso diríxese principalmente aos grupos máis afectados polo desemprego e, en especial, ás persoas novas, mulleres, persoas con discapacidades, parados con máis de 45 anos e parados de longa duración.

gl reinserción profesional

es reinserción laboral

es reinserción profesional
en work reintegration
en professional reintegration
en occupational reintegration

reinserción profesional *loc.s.f.*

Véxase: reinserción laboral

relación de accidentes de traballo *loc.s.f.*

Documento oficial que o empresario debe remitir mensualmente á entidade xestora ou colaboradora informando sobre os accidentes de traballo que non causaron baixa médica.

es relación de accidentes de trabajo
en minor injury log

relación de postos de traballo *loc.s.f.*

Instrumento técnico a través do que se realiza o ordenamento do persoal, conforme ás necesidades dos servizos, e se precisan os requirimentos para o desempeño de cada posto dunha unidade da Administración.

gl RPT

es relación de puestos de trabajo
es RPT

en list of job positions

relación de traballo *loc.s.f.*

Véxase: relación laboral

relación laboral *loc.s.f.* Vínculo obrigacional entre empresario e traballador, que nace desde o mesmo momento no que se concerta o contrato de traballo.

gl relación de traballo

es relación laboral

es relación de trabajo

en employment relationship

relacións laborais *loc.s.f.pl.* Conxunto de relacións económicas, xurídicas, sociais e colectivas que se establecen entre unha organización e os seus traballadores.

es relaciones laborales

en industrial relations

en labour relations [GB]

en labor relations [US]

relacións laborais de carácter especial

loc.s.f.pl. Relacións laborais que pola súa natureza, singularidade, condicións da actividade e outras características son regula-

das por un réxime xurídico distinto do xeral que recolle o Estatuto dos traballadores, que se pode aplicar con carácter supletorio.

es relaciones laborales de carácter especial

es relaciones laborales especiales

en special employment relationships

remuneración *s.f.*

Véxase: retribución

remuneración en especie *loc.s.f.*

Véxase: salario en especie

remuneración extrasalarial *loc.s.f.*

Véxase: percepción extrasalarial

remuneración fixa *loc.s.f.*

Véxase: retribución fixa

remuneración flexíbel *loc.s.f.*

Véxase: retribución flexible

remuneración flexible *loc.s.f.*

Véxase: retribución flexible

remuneración por rendemento *loc.s.f.*

Véxase: retribución por rendemento

remuneración por resultados *loc.s.f.*

Véxase: retribución por rendemento

remuneración salarial *loc.s.f.*

Véxase: salario

remuneración variábel *loc.s.f.*

Véxase: retribución variable

remuneración variable *loc.s.f.*

Véxase: retribución variable

rendemento *s.m.* Grao de eficiencia dun traballador no cumprimento das tarefas propias do seu posto de traballo, en termos de cantidade e calidade.

es rendimiento

en performance

en output

renovación de contrato *loc.s.f.* Concertación dun novo contrato de traballo unha vez vencido o suscrito anteriormente, o que permite renegociar as condicións e duración deste.

es renovación de contrato

en renewal of the contract

en contract renewal

renuncia¹ *s.f.*

Véxase: desistencia

renuncia² *s.f.* Cesión ou abandono voluntario de dereitos previamente recoñecidos.

es renuncia²

en waiver

en disclaimer

en abandonment

en relinquishment

representación colectiva *loc.s.f.* Conxunto de órganos de representación dos dereitos e intereses dos traballadores nunha empresa ou centro de traballo, aos que se lles atribúen funcións de participación na empresa.

NOTA: Existen dúas canles de representación colectiva: a unitaria e a sindical.

es representación colectiva

es representación de los trabajadores

en workers' representation

en employee representation

en staff representation

representante dos traballadores *loc.s.m.f.*

Persoa que actúa en representación do conxunto de traballadores dunha empresa ou centro de traballo para a defensa e mellora dos seus intereses laborais.

NOTA: Os representantes dos traballadores son os delegados de persoal e os membros do comité de empresa.

es representante de los trabajadores

en workers' representative

en employee representative

en staff representative

representante sindical *loc.s.m.f.* Persoa que actúa en representación dos traballadores afiliados a un sindicato nunha empresa ou centro de traballo para a defensa e mellora dos seus intereses laborais.

NOTA: Os representantes sindicais son os delegados sindicais e os membros da sección sindical.

es representante sindical

en union representative²

en trade union representative²

requirimento do posto *loc.s.m.*

Véxase: requisito do posto

requisito do posto *loc.s.m.* Cada unha das características persoais, tales como a formación, a experiencia, as habilidades ou as aptitudes especiais, necesarias para cubrir un posto de traballo segundo a súa descrición.

NOTA: Termo usado xeralmente en plural.

gl requirimento do posto

es requisito del puesto

en job requirement

en position requirement

reserva de emprego *loc.s.f.* Medida de política de emprego que ten por obxecto facilitar a colocación de certos grupos de traballadores, reservándolles unha porcentaxe de postos de traballo.

es reserva de empleo

es reserva de puestos especiales de trabajo

en employment quota system

en employment quota scheme

reserva de posto de traballo *loc.s.f.* Dereito do traballador a conservar o seu posto de traballo cando cese temporalmente na súa prestación laboral, con vistas á súa posterior reincorporación na empresa.

es reserva de puesto de trabajo

en reservation of post

resolución de contrato *loc.s.f.*

Véxase: extinción de contrato

responsabilidade¹ *s.f.* Deber ou conxunto de deberes que describen o principal obxectivo ou razóns da existencia dun posto de traballo.

es responsabilidad¹

en duty²

responsabilidade² *s.f.* Calidade de certos postos de traballo que requiren de quen os ocupa a capacidade de asumir riscos, render contas ou tomar decisións de certa relevancia.

es responsabilidad²

en responsibility

responsabilidade profesional *loc.s.f.* Obriga que teñen os membros dunha profesión liberal de respectar o código deontolóxico propio do seu colectivo.

es responsabilidade profesional
en professional responsibility

responsabilidade social *loc.s.f.* Integración voluntaria polas empresas das preocupacións sociais e medioambientais nas súas relacións laborais, comerciais e cos seus diferentes interlocutores.

gl responsabilidade social empresarial
gl responsabilidade social da empresa

es responsabilidade social

es responsabilidade social corporativa

es responsabilidade social empresarial

es responsabilidade social de la empresa

en social responsibility

en corporate social responsibility

responsabilidade social da empresa *loc.s.f.*

Véxase: responsabilidade social

responsabilidade social empresarial

loc.s.f.

Véxase: responsabilidade social

retiro¹ *s.m.*

Véxase: xubilación¹

retiro² *s.m.*

Véxase: pensión de xubilación

retribución *s.f.* Conxunto de compensacións, en metálico ou en especie, debidas a unha persoa pola realización dunha determinada actividade.

gl remuneración

es retribución

es remuneración

en compensation²

en remuneration

retribución en diñeiro *loc.s.f.*

Véxase: salario en metálico

retribución en especie *loc.s.f.*

Véxase: salario en especie

retribución extrasalarial *loc.s.f.*

Véxase: percepcións extrasalariais

retribución fixa *loc.s.f.* Conxunto de compensacións, en metálico ou en especie, que percibe un traballador, de forma estable e por un importe constante, a cambio da realización dunha prestación de servizos por conta allea.

gl remuneración fixa

gl salario fixo

es retribución fija

es remuneración fija

es salario fijo

en fixed compensation

en fixed remuneration

en fixed pay

retribución flexíbel *loc.s.f.*

Véxase: retribución flexible

retribución flexible *loc.s.f.* Fórmula salarial

que permite ao traballador elixir voluntariamente como quere percibir a súa retribución anual e así adaptala ás súas necesidades persoais, sen que isto supoña un maior custo para a empresa.

gl remuneración flexible

gl retribución flexíbel

gl remuneración flexíbel

es retribución flexible

es remuneración flexible

es retribución a la carta

es remuneración a la carta

en flexible pay

en flexible compensation

en flexible remuneration

retribución por rendemento *loc.s.f.*

Fórmula salarial pola que se incorporan retribucións variables en función do posto de traballo, tomando en consideración a cantidade producida ou o resultado acadado polo traballador.

gl remuneración por rendemento

gl retribución por resultados

gl remuneración por resultados

es retribución por rendimiento

es remuneración por rendimiento

es salario por rendimiento

es retribución por resultados

es remuneración por resultados

es salario fijo más incentivos

es retribución mixta

en performance pay

en performance-related pay

en payment by results

retribución por resultados *loc.s.f.*

Véxase: retribución por rendemento

retribución salarial *loc.s.f.*

Véxase: salario

retribución variábel *loc.s.f.*

Véxase: retribución variable

retribución variable *loc.s.f.* Parte do salario que se modifica de acordo co rendemento ou resultado obtido polo traballador.

gl remuneración variable

gl retribución variábel

gl remuneración variábel

gl salario variable

gl salario variábel

es retribución variable

es remuneración variable

es salario variable

es retribución por incentivo

en variable compensation

en variable remuneration

en variable pay

revisión do convenio colectivo *loc.s.f.*

Procedemento polo que as partes asinantes dun convenio colectivo actualizan algún aspecto do seu contido para adecualo a unha nova circunstancia acontecida durante a vixencia deste.

es revisión del convenio colectivo

en revision of the agreement

réxime da Seguridade Social *loc.s.m.* Cada un dos campos de aplicación, xeral ou especiais, do sistema da Seguridade Social no que se encadran os traballadores segundo o tipo de actividade que realizan.

es régimen de la Seguridad Social

en Social Security scheme

réxime disciplinario *loc.s.m.* Conxunto de medidas establecidas nunha organización para garantir o cumprimento dos deberes e obrigas dos seus traballadores, entre as que se inclúe unha relación das sancións aplicables ás eventuais faltas laborais cometidas por estes.

es régimen disciplinario

en disciplinary measures

réxime especial da Seguridade Social

loc.s.m. Réxime do sistema da Seguridade

Social no que se encadran determinados traballadores, en razón da natureza da actividade que realizan, das súas peculiares condicións de tempo e lugar, ou pola índole dos seus procesos produtivos.

es régimen especial de la Seguridad Social

en Social Security special scheme

réxime salarial *loc.s.m.* Cada unha das modalidades que permiten determinar os compoñentes da retribución que perciben os traballadores segundo a actividade que realizan e a categoría á que pertencen.

es régimen salarial

en compensation plan

en pay plan

en pay system

en pay scheme

réxime xeral da Seguridade Social *loc.s.m.*

Réxime do sistema da Seguridade Social no que se encadran os traballadores por conta allea da industria e dos servizos que non se atopan incluídos en ningún dos réximes especiais.

es régimen general de la Seguridad Social

en Social Security general scheme

risco laboral *loc.s.m.* Posibilidade de que un traballador sufra un dano ou lesión durante a súa prestación laboral.

gl risco profesional

es riesgo laboral

es riesgo profesional

en occupational hazard

en occupational risk

risco profesional *loc.s.m.*

Véxase: risco laboral

ritmo de traballo *loc.s.m.* Relación entre o volume de traballo existente e o tempo necesario para completalo.

es ritmo de trabajo

en pace of work

rotación de persoal *loc.s.f.* Ritmo de renovación do persoal dunha organización, que se expresa xeralmente pola relación porcentual entre as incorporacións e desvinculacións e o número medio de traballadores nun período de tempo determinado.

es rotación de personal

es rotación de plantilla

en employee turnover

en staff turnover

en labour turnover [GB]

en labor turnover [US]

rotación de postos de traballo *loc.s.f.*

Método de desenvolvemento profesional do persoal polo que os traballadores ocupan alternativamente e de forma temporal un posto de traballo distinto do habitual.

es rotación de puestos de trabajo

en job rotation

rotación de tarefas *loc.s.f.* Intercambio periódico e programado das tarefas dos traballadores, xeralmente dentro dun mesmo nivel profesional, co obxectivo de lograr unha maior variedade e evitar a monotonía do traballo.

es rotación de tareas

en task rotation

RPT *sigla*

Véxase: relación de postos de traballo

sabotaxe *s.f.* Acción ilegal dun grupo de traballadores que consiste en provocar danos nas instalacións, máquinas ou materiais da organización na que prestan os seus servizos, para forzar o empresario a atender as súas reivindicacións.

es sabotaje

en sabotage

saída profesional *loc.s.f.* Cada un dos postos de traballo relacionados aos que pode optar unha persoa, en función dos estudos cursados ou a experiencia profesional acumulada.

NOTA: Termo usado xeralmente en plural.

es salida profesional

en job opportunity²

en employment opportunity²

en career opportunity²

salario *s.m.* Conxunto das percepcións económicas dos traballadores, en diñeiro ou en especie, que lles corresponden pola prestación dos seus servizos por conta allea e que retribúen o traballo efectivo e os períodos de descanso computables como de traballo.

gl soldo

gl paga

gl retribución salarial

gl remuneración salarial

es salario

es sueldo

es paga

es retribución salarial

es remuneración salarial

en salary

en pay

en wage

salario a comisión *loc.s.m.* Retribución constituída, en todo ou en parte, por unha cantidade calculada sobre os negocios mediados polo traballador e a conta do empresario.

es salario a comisión

en commission pay

en salary on commission

salario ao axuste *loc.s.m.*

Véxase: salario por unidade de obra

salario base *loc.s.m.* Retribución do traballador por unidade de tempo ou de obra, sen ter en conta os complementos salariais, que aparece fixada no convenio colectivo de aplicación ou no contrato individual.

gl soldo base

gl salario de convenio

es salario base

es sueldo base

es salario de convenio

es salario básico

en base salary

en basic salary

en base pay

en basic pay

salario bruto *loc.s.m.* Salario que percibe o traballador antes de efectuar as retencións correspondentes.

gl soldo bruto

es salario bruto

es sueldo bruto

en gross wages

en gross salary

en gross pay

salario de convenio *loc.s.m.*

Véxase: salario base

salario de tramitación *loc.s.m.* Suma dos salarios non percibidos por un traballador despedido desde a data do seu despedimento ata a declaración de improcedencia deste.

es salario de tramitación
en procedural wages

salario en diñeiro *loc.s.m.*

Véxase: salario en metálico

salario en especie *loc.s.m.* Retribución que consiste en bens distintos do diñeiro, tales como manutención, vivenda, luz ou auga.

gl retribución en especie
gl remuneración en especie
es salario en especie
es retribución en especie
es remuneración en especie
en pay in kind
en compensation in kind
en wages in kind
en salary in kind

salario en metálico *loc.s.m.* Retribución que consiste en moeda de curso legal.

gl retribución en diñeiro
gl salario en diñeiro
es salario en metálico
es salario en dinero
es remuneración en dinero
en pay in cash
en salary in cash
en wages in cash

salario fixo *loc.s.m.*

Véxase: retribución fixa

salario líquido *loc.s.m.*

Véxase: salario neto

salario medio *loc.s.m.* Retribución media que resulta de dividir o total de remuneracións percibidas entre o número total de traballadores.

gl soldo medio
es salario medio
es sueldo medio
en average salary
en average pay
en average wages

salario mínimo interprofesional *loc.s.m.*

Salario base por unidade de tempo fixado anualmente polo Goberno, previa consulta coas organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas, que impide que poidan cobrarse salarios base inferiores a este.

gl SMI
es salario mínimo interprofesional
es SMI
en national minimum wage [GB]
en NMW [GB]
en federal minimum wage [US]
en FMW [US]

salario neto *loc.s.m.* Salario que percibe o traballador, unha vez efectuadas as retencións correspondentes.

gl salario líquido
gl soldo líquido
gl soldo neto
es salario neto
es salario líquido
es sueldo neto
es sueldo líquido
en net pay
en net salary
en net wages
en take-home pay [US]

salario por tarefa *loc.s.m.*

Véxase: salario por unidade de obra

salario por tempo *loc.s.m.*

Véxase: salario por unidade de tempo

salario por unidade de obra *loc.s.m.*

Fórmula retributiva na que se toma como referencia, para valorar a prestación laboral, a cantidade e a calidade do traballo realizado, con independencia do tempo empregado na súa consecución.

gl salario ao axuste
gl salario por tarefa
es salario por unidad de obra
es salario a destajo
es salario por tarea
en piece rate
en piecework rate

salario por unidade de tempo *loc.s.m.*

Fórmula retributiva na que se toma como referencia unha determinada unidade de tempo, como por exemplo unha hora, día, semana ou mes, para valorar a prestación laboral, con independencia do resultado ou da cantidade de obra rematada.

gl salario por tempo

es salario por unidad de tiempo

es salario por tiempo

en time wage

salario variábel *loc.s.m.*

Véxase: retribución variable

salario variable *loc.s.m.*

Véxase: retribución variable

sanción administrativa *loc.s.f.* Imposición pola autoridade laboral dunha obriga pecuniaria ou coercitiva a unha persoa física ou xurídica polo incumprimento da lexislación aplicable.

es sanción administrativa

en administrative penalty

en administrative sanction

sanción disciplinaria *loc.s.f.* Medida correctiva que o empresario, en exercicio do seu poder disciplinario, pode impoñer ao traballador pola comisión dunha acción ou omisión previamente fixada no convenio colectivo aplicable como falta leve, grave ou moi grave.

es sanción disciplinaria

en disciplinary penalty

en disciplinary action

en disciplinary measure

satisfacción laboral *loc.s.f.* Sentimento positivo que experimenta o traballador na realización do seu traballo, cando responde ás súas expectativas, intereses ou necesidades.

gl satisfacción no traballo

es satisfacción laboral

es satisfacción en el trabajo

en job satisfaction

en work satisfaction

satisfacción no traballo *loc.s.f.*

Véxase: satisfacción laboral

saúde laboral *loc.s.f.*

Véxase: saúde no traballo

saúde no traballo *loc.s.f.* Conxunto de disposicións e actuacións desenvolvidas no lugar de traballo que comprenden o estudo dos métodos e condicións de traballo e os factores presentes no contorno laboral que poden causar lesións ou enfermidades aos traballadores.

NOTA: A forma “saúde no traballo”, ou “saúde laboral”, vén substituír na actual lexislación a denominación “seguridade e hixiene no traballo” anterior.

gl saúde laboral

es salud en el trabajo

es salud laboral

en occupational health

en industrial health

sección sindical *loc.s.f.* Órgano de representación dos traballadores constituído polos traballadores afiliados a un mesmo sindicato dentro dunha mesma empresa ou centro de traballo.

es sección sindical

en workplace branch

segredo empresarial *loc.s.m.*

Véxase: segredo industrial

segredo industrial *loc.s.m.* Conxunto de informacións relativas á fabricación ou comercialización de produtos, prestación de servizos, ou á estrutura organizativa ou financeira dunha empresa coñecidas por un traballador no desempeño da súa actividade laboral e cuxa divulgación podería conceder unha vantaxe competitiva a unha empresa rival.

gl segredo empresarial

es secreto industrial

es secreto empresarial

en trade secret

en business secret

segredo profesional¹ *loc.s.m.* Manifestación do deber de boa fe, que obriga os traballadores a non divulgar ningunha información relacionada cos asuntos da empresa dos que

poidan ter coñecemento como consecuencia do seu contrato de traballo.

es secreto profesional¹

es sigilo profesional¹

en professional secrecy¹

segredo profesional² *loc.s.m.* Deber que teñen os membros de certas profesións de non desvelar a terceiros os feitos e informacións dos que teñen coñecemento polo exercicio da súa profesión.

es secreto profesional²

en professional secrecy²

segregación horizontal *loc.s.f.* División do mercado de traballo que concentra maioritariamente as mulleres en sectores de actividade que teñen menor consideración social e, polo xeral, peores condicións laborais.

gl segregación sectorial

es segregación horizontal

es segregación sectorial

en horizontal segregation

en occupational segregation

segregación sectorial *loc.s.f.*

Véxase: segregación horizontal

segregación vertical *loc.s.f.* División do mercado de traballo que concentra maioritariamente as mulleres en postos de menor cualificación e peor retribuídos.

gl segregación xerárquica

es segregación vertical

es segregación jerárquica

en vertical segregation

en hierarchical segregation

segregación xerárquica *loc.s.f.*

Véxase: segregación vertical

seguimento *s.m.* Conxunto de entrevistas que a organización ou departamento que realizou un proceso de selección de persoal mantén durante un período de tempo co traballador que se incorporou á organización, co obxecto de coñecer o seu grao de adaptación ao novo posto de traballo, así como a satisfacción e rendemento obtidos.

es seguimiento

en follow-up

Seguridade Social *n.propio.* Sistema público obrigatorio de previsión e protección contra os riscos sociais, especialmente os derivados do traballo.

es Seguridad Social

en National Insurance [GB]

en Social Security [US]

selección de persoal¹ *loc.s.f.* Proceso mediante o que se buscan, elixen e finalmente incorporan novos traballadores a unha organización.

es selección de personal¹

en recruitment and selection

en recruiting and selection

selección de persoal² *loc.s.f.* Proceso a través do cal os candidatos son avaliados en diferentes aspectos, co obxecto de comprobar en que grao posúen os requisitos imprescindibles ou desexables para o correcto desempeño do posto de traballo.

es selección de personal²

en personnel selection

en selection of personnel

en selection of employees

selección por competencias *loc.s.f.* Técnica de selección de persoal na que se comparan as competencias requiridas para ocupar o posto de traballo ofertado coas competencias dos candidatos.

es selección por competencias

en competence-based selection

seleccionador, seleccionadora *s.*

Véxase: entrevistador, entrevistadora

servizo público de colocación *loc.s.m.*

Véxase: servizo público de emprego

servizo público de emprego *loc.s.m.*

Organismo público, de natureza e ámbito estatal, que se encarga de organizar as actividades relacionadas co emprego e a colocación dos traballadores.

gl servizo público de colocación

es servicio público de empleo

es servicio público de colocación

en public employment service

servizos mínimos *loc.s.m.pl.* Conxunto de prestacións fixadas pola autoridade laboral a fin de manter os servizos esenciais para a comunidade, os cidadáns ou os usuarios.

es servicios mínimos

en minimum services

en essential services

sinatura de contrato *loc.s.f.* Prestación do consentimento do traballador e do empregador, polo que o primeiro se obriga a executar a súa actividade por conta e baixo a dependencia do empresario, quen á súa vez se obriga a aboar o correspondente salario.

gl asinamento de contrato

gl firma de contrato

es celebración de contrato

es firma de contrato

en execution of the contract

en conclusion of the contract

en signing of the contract

sindicación *s.f.*

Véxase: afiliación sindical

sindicalismo *s.m.* Organización dos traballadores por medio de sindicatos.

es sindicalismo

en unionism

en trade unionism

sindicalista *s.m./f.* Membro activo dun sindicato de traballadores.

es sindicalista

en unionist

en trade unionist

sindicato *s.m.* Organización de traballadores constituída para a defensa e promoción dos intereses que lles son propios.

es sindicato

en union

en trade union

en labour union [GB]

en labor union [US]

sindicato amarelo *loc.s.m.* Sindicato limitado aos traballadores dunha empresa e dominado ou influído por esta, diminuíndo así

a súa independencia e a adecuada representación dos intereses dos seus afiliados.

NOTA: En contextos informais adoita identificarse co “sindicato de empresa”, aínda que non é necesariamente o mesmo concepto.

es sindicato amarillo

en yellow union

sindicato de empresa *loc.s.m.* Sindicato que agrupa os traballadores dunha soa empresa ou unidade de traballo.

NOTA: En contextos informais adoita identificarse co “sindicato amarelo”, aínda que non é necesariamente o mesmo concepto.

es sindicato de empresa

en company union

en business union

en house union

sindicato de industria *loc.s.m.* Sindicato que agrupa os traballadores encadrados nunha mesma rama ou sector produtivo e nun determinado ámbito territorial.

gl sindicato industrial

gl sindicato vertical

es sindicato de industria

es sindicato industrial

es sindicato vertical

es sindicato de rama

en industrial union

en vertical union

sindicato de oficio *loc.s.m.* Sindicato que agrupa os traballadores cunha mesma ocupación laboral, á marxe de que presten os seus servizos en diferentes ramas industriais.

gl sindicato profesional

gl sindicato horizontal

es sindicato de oficio

es sindicato profesional

es sindicato corporativo

es sindicato horizontal

en professional union

en craft union

en horizontal union

sindicato horizontal *loc.s.m.*

Véxase: sindicato de oficio

sindicato industrial *loc.s.m.*

Véxase: sindicato de industria

sindicato máis representativo *loc.s.m.*

Cualificación outorgada por lei a aqueles sindicatos que acrediten determinados niveis de representatividade, en función dos resultados obtidos nas eleccións sindicais.

es sindicato más representativo

en most representative union

sindicato profesional *loc.s.m.*

Véxase: sindicato de oficio

sindicato vertical *loc.s.m.*

Véxase: sindicato de industria

síndrome de desgaste profesional *loc.s.f.*

Tipo de resposta prolongada ás situacións de estrés emocional e interpersonal crónicas no traballo, que se caracteriza por un estado de esgotamento emocional, unha actitude despersonalizada na relación cos suxeitos receptores do seu servizo ou asistencia e unha menor sensación de competencia e realización persoal.

gl síndrome de esgotamento profesional

es síndrome de desgaste profesional

es síndrome de agotamiento profesional

es síndrome de estar quemado por el trabajo

es síndrome de *burnout*

en burnout

en burnout syndrome

en job burnout

síndrome de esgotamento profesional

loc.s.f.

Véxase: síndrome de desgaste profesional

síndrome posvacacional *loc.s.f.* Sensación

ou estado de ánimo que pode experimentar o traballador despois dun período máis ou menos prolongado de vacacións, e que se caracteriza por unha incapacidade para adaptarse de novo ao traballo ou á súa rutina laboral.

es síndrome posvacacional

en post-holiday syndrome [GB]

en post-holiday blues [GB]

en post-vacation blues [US]

en vacation lag [US]

sinistralidade laboral *loc.s.f.* Taxa de accidentes de traballo producidos con ocasión ou como consecuencia do traballo, nun territorio determinado e nun período de tempo concreto.

gl accidentalidade laboral

es siniestralidad laboral

es accidentalidad laboral

en rate of industrial accidents

en industrial accident rate

sixilo profesional *loc.s.m.* Obriga que teñen os representantes dos traballadores, mentres dure o seu mandato e á súa terminación, de tratar de forma confidencial calquera información proporcionada pola empresa como consecuencia do seu cargo.

es sigilo profesional²

en professional confidentiality

SMI *sigla*

Véxase: salario mínimo interprofesional

sobrepaga *s.f.*

Véxase: sobresoldo

sobresoldo *s.m.* Retribución que se engade ao soldo fixo do traballador, xeralmente pola realización dun determinado traballo ou servizo.

NOTA: Termo de uso informal.

gl sobrepaga

es sobresueldo

es sobrepaga

en extra pay²

en extra wages

en supplementary wage

soldo *s.m.*

Véxase: salario

soldo base *loc.s.m.*

Véxase: salario base

soldo bruto *loc.s.m.*

Véxase: salario bruto

soldo líquido *loc.s.m.*

Véxase: salario neto

soldo medio *loc.s.m.*

Véxase: salario medio

soldo neto *loc.s.m.*

Véxase: salario neto

solicitante de emprego *loc.s.m.lf.*

Véxase: demandante de emprego

solicitud de emprego *loc.s.f.* Documento estandarizado que o candidato debe cubrir coa información relativa aos seus datos de contacto, formación e experiencia profesional, para participar nun proceso de selección de persoal.

gl formulario de candidatura

es solicitud de empleo

es formulario de solicitud de empleo

es formulario de candidatura

en application form

en employment application form

suba salarial *loc.s.f.*

Véxase: aumento salarial

